Os crimes do amor

Sade

Tradución de María Ana Valladares Fernández

ATG
asociación de tradutores galegos

OS CRIMES DO AMOR

SADE

Tradución de María Ana Valladares Fernández

FLORVILLE E COURVAL
OU
O FATALISMO

O sr. de Courval acaba de cumprir os cincuenta anos; louzán e de boa saúde, podía apostar por vinte anos máis de vida. Non tendo máis que desgustos cunha primeira muller, que o abandonara había moito tempo, para entregarse á libertinaxe, e debendo supoñer a esta criatura na tumba, segundo os testemuños menos equívocos, pasóuselle pola testa unirse unha segunda vez a unha persoa razoábel, que mediante a bondade do seu carácter e a excelencia da súa conduta conseguise facerlle esquecer as súas primeiras desgrazas.

Desafortunado cos fillos como coa esposa, o sr. de Courval, que non tivera máis que dous, unha rapaza que perdera moi nova e un rapaz que aos quince anos o abandonou como a súa muller, e, por desgraza, polos mesmos principios de libertinaxe, ao non crer que ningún proceder debera encadealo algunha vez a ese monstro, o sr. de Courval, como digo, proxectaba, xa que logo, desherdalo, e dar os seus bens aos fillos que esperaba obter da nova esposa que devecía por tomar. Posuía quince mil libras de renda; empregado noutrora nos negocios, eran o froito dos seus traballos, e consumíaas como home honesto con algúns amigos que lle tiñan apego, todos o estimaban e víano ben en París onde ocupaba un fermoso apartamento na rúa Saint-Marc, ou máis a miúdo aínda, nunha pequena e encantadora propiedade próxima a Nemours, onde o sr. de Courval pasaba os dous terzos do ano.

Este honesto home confiou o seu proxecto aos amigos, e véndoo aprobado por eles, pregoulles moi encarecidamente informarse entre os seus coñecidos sobre unha persoa de trinta a trinta e cinco anos, viúva ou solteira e que puidese cumprir o seu obxectivo.

Dous días despois, un dos seus antigos confrades veu dicirlle que cría ter atopado positivamente o que lle conviña.

-A señorita que vos ofrezo, díxolle este amigo, ten dúas cousas na súa contra; debo comezar por dicírvolas co fin de consolarvos despois, facéndovos o relato das súas boas calidades; tense a certeza de que non ten nin pai nin nai, mais ignórase por completo quen foron e onde os perdeu; o que se sabe, continuou o intermediario, é que é a prima do sr. de Saint-Prât, home coñecido, que a recoñece e estima e que vos fará dela o eloxio menos sospeitoso e máis merecido. Non posúe ningún ben dos seus pais mais ten catro mil francos de pensión do tal sr. de Saint-Prât, en cuxa casa foi criada e onde pasou toda a súa mocidade; velaí un primeiro defecto; pasemos ao segundo, dixo o amigo do sr. de Courval: unha intriga aos dezaseis anos, un fillo que xa non existe e cuxo pai nunca volveu ver; iso é todo o malo; unhas verbas do bo agora.

A srta. de Florville ten trinta e seis anos, apenas aparenta vinte e oito; resulta difícil ter unha fisionomía máis agradábel e interesante; os seus trazos son doces e delicados, a súa pel ten a brancura dos lirios e os seus cabelos acastañados arrástranse polo chan; a súa boca fresca, moi agradabelmente adornada, é a imaxe da rosa na primavera. É moi alta, mais tan fermosamente feita, hai tanta graza nos seus movementos, que non atopariamos nada que dicir en contra da altura da súa estatura; sen ela quizais tería un aire un pouco duro; os brazos, o pescozo, as pernas, todo está moldeado, ten un tipo de beleza que non envellecerá por moito tempo. No tocante á súa conduta, a súa extrema regularidade, talvez poida non agradarvos; non lle gusta a xente, vive moi retirada, é moi piadosa, moia asidua aos deberes do convento onde habita e edifica canto a rodea polas súas calidades relixiosas, engaiola a todo o que a ve polos encantos do seu enxeño e o agrado do seu carácter… Nunha palabra, é un anxo neste mundo, que o ceo reservaba para a felicidade da vosa vellez.

O sr. de Courval, encantado cun encontro así, non tivo nada máis urxente que pregar ao seu amigo que lle fixese ver a persoa de quen se trataba.

-O seu nacemento non me preocupa nada, dicía el; se o seu sangue é puro, que me importa quen llo transmitiu? A súa aventura, aos dezaseis anos, tampouco me asusta moito, ela reparou esta falta cun gran número de anos de sensatez; casarei con ela como viúva; ao decidir casar só cunha persoa de entre trinta e trinta e cinco anos, era moi difícil unir a esta cláusula a tola pretensión das primicias. Así que nada nas vosas proposicións me desagrada, só me resta apresurarvos para que me deixedes ver o obxecto.

O amigo do sr. de Courval satisfíxoo axiña; tres días despois convidouno a cear na súa casa coa señorita en cuestión. Era difícil non sentirse engaiolado de boas a primeiras por esta encantadora moza; tiña os trazos da propia Minerva, enmascarados polos do Amor. Como ela sabía de que se trataba, aínda foi máis reservada, e a súa decencia, o comedimento, a nobreza da súa porte, unidas a tantos encantos físicos, a un carácter tan doce, a uns razoamentos tan atinados e adornados, fixeron perder a cabeza ao pobre Courval de tal xeito que suplicou ao seu amigo que tivera a ben apremar a conclusión.

Volveron verse dúas ou tres veces máis, ben na mesma casa, ben na casa do sr. de Courval ou na do sr. de Saint-Prât e, á fin, a srta. de Florville, apurada insistentemente, declarou ao sr. de Courval que nada a afagaría tanto como o honor que tiña a ben facerlle, mais que a súa delicadeza non lle permitía aceptar ren antes de que non fose informado por ela mesma dos incidentes da súa vida.

-Non vos informaron de todo, señor, dixo esta encantadora rapaza, e non podo consentir ser vosa, sen que o saibades antes. A vosa estima éme demasiado importante para poñerme en situación de perdela, e abofé que non a merecería, se, aproveitándome da vosa ilusión, fose consentir en converterme na súa muller, sen que xulgásedes se son digna de selo.

O sr. de Courval aseguroulle que o sabía todo, que non era senón a el a quen lle correspondía crearse as inquedanzas que ela manifestaba, e que se el tiña a dita suficiente de agradala, non debía amolarse máis por nada. A srta. de Florville impúxose; declarou firmemente que non consentiría baixo ningún concepto que o sr. de Courval non fose informado a fondo do que lle afectaba. Houbo entón que pasar por iso; todo o que o sr. de Courval puido conseguir foi que a srta. de Florville fose á súa propiedade ao carón de Nemours, que todo se dispoñería para a celebración do himeneo que el desexaba, e que, escoitada a historia da srta. de Florville, esta se convertería na súa muller o día seguinte….

-Mais, señor, díxolle esta amábel rapaza, se todos os preparativos poden ser inútiles, por que facelos?... E se vos convenzo de que non nacín para pertencervos?...

-Iso xamais mo demostraredes, señorita, respondeu o honrado Courval, aposto a que non me convenceredes diso; partamos entón, suplícovolo, e non vos opoñades aos meus designios.

Non houbo forma de acadar nada no tocante a este último punto. Todo foi disposto e partiron para Courval. Non obstante, foron sos, a srta. de Florville esixírao; as cousas que tiña que dicir só debían ser reveladas ao home que tiña a ben unirse a ela. Xa que logo, ninguén foi admitido e ao día seguinte da súa chegada, esta fermosa e interesante persoa, tras rogar ao sr. de Courval que a escoitase, contoulle os sucesos da súa vida nos seguintes termos:

Historia da srta. de Florville.

-As intencións que tedes para comigo, xa non permiten que vos enganen. Vostede viu ao sr. de Saint-Prât, do cal se vos dixo que eu era parente e el mesmo se dignou certificárvolo. Así e todo, sobre este punto fostes enganado por todas partes. Descoñezo a miña orixe, nunca tiven a satisfacción de saber a quen lla debo; fun atopada, poucos días despois de recibir a vida, nunha berce de tafetá verde na porta do pazo do sr. de Saint-Prât, cunha carta anónima atada ao teito do meu berce onde simplemente tiña escrito:

"Vostede non ten fillos dende hai dez que casou, e todos os días os desexa, adoptade esta; o seu sangue é puro, é o froito do himeneo máis casto e non da libertinaxe, é de orixe honesta. Se a rapaciña non vos agrada, facédea levar ao Hospicio. Non fagades pescudas, ningunha terá éxito, é imposíbel deixarvos saber máis".

As honradas persoas da casa en que fora depositada acolléronme axiña, educáronme, proporcionáronme todos os coidados posíbeis e podo dicir que lles debo todo. Como nada indicaba o meu nome, a sra. de Saint-Prât quixo darme o de *Florville*.

Acababa de cumprir os quince anos canto tiven a desgraza de ver morrer a miña protectora. Nada pode expresar a dor que sentín por esta perda; tíñame tanto agarimo, que suplicou ao seu marido, ao expirar, que me asegurase catro mil libras de pensión e que nunca me abandonase; as dúas cláusulas foron executadas puntualmente e o sr. de Saint-Prât uniu a estas bondades a de recoñecerme como prima da súa muller e asinarme, a este título, o contrato que vostede viu. Con todo, eu non podía quedar mais naquela casa. O sr. de Saint-Prât fixomo notar:

-Eu son viúvo e novo aínda, díxome este home virtuoso; vivir baixo o mesmo teito faría nacer dúbidas que nosoutros non merecemos; a vosa felicidade e a vosa reputación sonme prezadas, non quero comprometer nin a unha, nin a outra. Cómpre separármonos, Florville, pero, non vos afastarei da miña vida, mesmo non quero que saiades da miña familia. Teño unha irmá viúva en Nancy, vou enviarvos alí, respondo da súa amizade como da miña, e alí, sempre baixo os meus ollos, por así dicilo, serei quen de continuar velando aínda por todo o que esixirá a vosa educación e a vosa situación.

Non coñecín esta nova sen verter bágoas; este novo incremento de pesar renovou moi amargamente o que acababa de sentir pola morte da miña benfeitora. Pero

convencida dos excelentes motivos do sr. de Saint-Prât, decidinme a seguir os seus consellos e partín para Lorena, baixo a dirección dunha dama desa rexión á cal fun recomendada e que me puxo nas mans da sra. de Verquin, irmá do sr. de Saint-Prât, coa cal debía vivir.

A casa da sra. de Verquin tiña un aire completamente diferente á do sr. de Saint-Prât; se nesta vira reinar a decencia, a relixión e os bos costumes, a frivolidade, o gusto polos praceres e a independencia estaban na outra como no seu refuxio.

A sra. de Verquin advertiume dende os primeiros días que deploraba o meu airiño monxil, que era inaudito chegar de París cuns modais tan torpes, un fondo de prudencia tan ridícula, e que se tiña ganas de estar a ben con ela, tiña que adoptar outra actitude. Este comezo alarmoume. Non pretendería parecer aos vosos ollos mellor do que son, señor, mais todo o que se afasta dos bos costumes e da relixión desagradoume tan soberanamente durante toda a miña vida, sempre fun tan inimiga do que chocaba coa virtude e as vicisitudes ás que fun arrastrada, moi ao meu pesar, causáronme tantos remorsos que, confésovolo, non é un favor volverme poñer no mundo, non estou feita para vivir nel, síntome salvaxe e feroz; o retiro máis escuro é o que máis convén ao estado da miña alma e ás disposicións do meu espírito.

Estas reflexións mal feitas aínda, non maduras de abondo para idade que tiña, non me preservaron dos malos consellos da sra. de Verquin, nin dos males onde as súas seducións me debían mergullar. O mundo perpetuo que eu vía, os praceres barullentos dos que estaba rodeada, o exemplo, as conversas, todo me arrastrou; asegurábanme que era bonita e ousaba crelo para a miña desgraza.

O rexemento da Normandía estaba por aquel entón de gornición naquela capital; a casa da sra. de Verquin era a cita dos oficiais; todas as mozas se atopaban alí tamén e nela se tecían, se rompían e se recompoñían todas as intrigas da vila.

É probábel que o sr. de Saint-Prât ignorase unha parte da conduta desta muller. Como, coa austeridade dos seus costumes, podería consentir en enviarme á súa casa se a coñecese ben? Esta consideración retívome e empeceu queixarme ante el; quizais, todo hai que dicilo, incluso non me preocupaba; o aire impuro que respiraba comezaba a luxar o meu corazón, e como Telémaco na Illa de Calipso quizais xa non escoitei os consellos de Mentor.

A impudente Verquin, que dende había tempo pretendía seducirme, preguntoume un día se era certo que eu trouxera un corazón puro a Lorena e se botaba en falta algún amante en París.

-Ai señora!, díxenlle, nunca concibín sequera a idea dos erros que sospeitades en min, e o voso señor irmán pode respondervos da miña conduta...

-Erros?, interrompeu a sra. de Verquin, se cometestes algún, é estar aínda demasiado nova para a vosa idade, mais espero que os corrixiredes.

-Señora! É esa a linguaxe que debería escoitar nunha persoa tan respectábel?

-Respectábel?... ah! Nin en pintura! Asegúrovos miña querida que o respecto é de todos os sentimentos o que menos me preocupa facer nacer, é o amor o que quero inspirar…, mais o respecto! Ese sentimento aínda non se corresponde coa miña idade. Imítame, querida, e serás feliz… A propósito, fixácheste en Senneval?, engadiu esta serea, falándome dun novo oficial de dezasete anos que frecuentaba a súa casa.

-Non moito, señora, respondín, podo asegurarvos que os miro a todos con igual indiferenza.

-Mais iso non pode ser así, amiguiña, quero que a partir de agora compartamos as nosas conquistas…. Cómpre que teñas a Senneval, é a miña obra, tomeime a molestia de formalo, el ámate, tes que *telo*…

-Oh señora! Se tiverades a ben dispensarme! En realidade non me preocupa ninguén.

-É preciso, son compromisos adquiridos co seu coronel, o meu amante *de día*, como ves.

-Rógovos que me deixedes libre no que atinxe a este asunto; ningunha das miñas inclinacións me leva aos praceres que vos amades.

-Oh! Iso cambiará! Gustaranche un día coma a min, é moi doado non amar o que aínda non se coñece; mais non está permitido non querer coñecer o que está feito para ser adorado. Nunha palabra, é un designio formado; señorita, Senneval declararavos a súa paixón esta noite, e teredes a ben non facela esmorecer, ou enfadareime convosco… seriamente.

As cinco formouse a xuntanza. Como ía demasiada calor, as partidas organizáronse no arboredo e todo foi tan ben concertado que o sr. de Senneval e mais eu, sendo os únicos que non xogabamos, vímonos obrigados a conversar.

É inútil disimulalo, señor, así que este mozo amábel, e cheo de enxeño me declarou a súa paixón, sentinme arrastrada cara a el por un movemento incontrolábel e cando, despois, quixen decatarme desta simpatía, non atopaba máis que escuridade, semellábame que esta inclinación non era o efecto dun sentimento ordinario, un veo enmascaraba aos meus ollos o que a caracterizaba; por outra banda, no mesmo intre que o meu corazón voaba cara a el, unha forza invencíbel parecíao reter, e neste tumulto…, neste fluxo e refluxo de ideas incompresíbeis, non podía discernir se facía ben en amar a Senneval ou debía fuxir del para sempre.

Déuselle todo o tempo para confesarme o seu amor… Ai! Déuselle demasiado. Eu tíveno todo para parecer sensíbel aos seus ollos, el aproveitouse da miña turbación, esixiu unha confesión dos meus sentimentos e fun demasiado fébel para dicirlle que non me desagradaba o máis mínimo e, tres días despois, demasiado culpábel de deixarlle gozar da súa vitoria.

É unha cousa realmente senlleira o gozo maligno do vicio nestes trunfos sobre a virtude; nada igualou o gozo da sra. de Verquin dende que me soubo na trampa que ela me preparara, burlábase de min, divertíase e acabou por asegurarme que o que fixera era a cousa máis simple do mundo, a máis razoábel e que podía recibir sen temor o meu amante todas as noites na súa casa, que ela non vería nada…, que estaba demasiado ocupada co seu como para ter conta desas miserias; non por iso aprobaría menos a miña virtude, xa que era probábel que só me limitaría a el, namentres que ela, obrigada a facer fronte a tres, atoparíase seguramente moito máis lonxe da miña reserva e da miña modestia. Cando quixen tomarme a liberdade de dicirlle que aquel desenfreo era odioso, que non levaba consigo nin delicadeza, nin sentimento e que rebaixaba o noso sexo á máis vil especie animal, a sra. de Verquin botouse a rir.

-*Heroína gala*, díxome, admírote e non te culpo; sei moi ben que á túa idade a delicadeza e o sentimento son deuses aos cales se inmola o pracer. Á miña non é o mesmo, perfectamente desenganada desas ilusións, outórgaselle algo menos de importancia; prefírense as voluptuosidades máis reais ás sandeces que te entusiasman; e por que, entón, a fidelidade cos que nunca a tiveron cara a nós? Non abonda con ser as máis débiles sen converternos por enriba nas máis enganadas? Moi tola é a muller que pon reparos a tales accións… Creme, querida, varía os teus praceres namentres a túa idade e os teus encantos cho permitan e deixa a túa quimérica constancia, a túa virtude tristeira e esquiva, tan pouco satisfactoria de seu e que nunca engana aos demais.

Estas verbas facíanme estarrecer pero tiña claro que xa non tiña dereito a combatelas; os coidados criminais desta muller inmoral volvíanseme necesarios e debía tratala con consideración; fatal inconveniente do vicio, xa que nos introduce, dende que

nos entregamos a el, baixo as ataduras daqueles que, sen aquel, abafallariamos. Polo tanto, aceptei todas as compracencias da sra. de Verquin; cada noite, Senneval dábame novas probas do seu amor e seis meses pasaron así en tal embriaguez, que apenas tiven tempo de reflexionar.

As funestas consecuencias axiña me abriron os ollos; quedei preñada e crin morrer de desesperación ao verme nun estado que divertía á sra. de Verquin.

-Así e todo, díxome, hai que salvar as aparencias, non é demasiado decente que des a luz na miña casa. O coronel de Senneval e mais eu xa o amañamos: vaille dar un permiso ao mozo, ti partirás algúns días antes ca el para Metz, el seguirate de preto, e alí, coa súa axuda, darás a luz a ese froito ilícito da túa tenrura; logo, volveredes aquí un despois do outro, tal e como partistes.

Houbo que obedecer. Como xa vos dixen, señor, poñémonos a mercé de todos os homes e ao azar de calquera situación, cando temos a desgraza de cometer unha falta; confiamos a todo o mundo os dereitos sobre a nosa persoa, convertémonos en escravos de todo o que respira, dende o momento en que nos esquecemos de nós mesmos ata o punto de converternos no das nosas paixóns.

Todo se dispuxo como dixera a sra. de Verquin; o terceiro día Senneval e mais eu atopámonos xuntos en Metz, na casa dunha comadroa, cuxo enderezo collera ao saír de Nancy e din a luz a un varón. Senneval, que non cesara de amosar os sentimentos máis tenros e delicados, semellou amarme aínda máis dende que, como dicía, dobrei a súa existencia; prestoume todas as atencións posíbeis e suplicoume que lle deixara ao seu fillo, xuroume que se ocuparía del cos máximos coidados durante toda a súa vida, e non pensou en reaparecer en Nancy ata que o que me debía fose cumprido.

Foi no momento da súa partida cando me atrevín a facerlle sentir ata que punto a falta que me fixera cometer me ía facer desgrazada e cando lle propuxen reparala uníndonos aos pés dos altares. Senneval, que non agardaba esta proposición, turbouse…

-Ai!, díxome, son eu dono diso? Aínda en idade de dependencia, non me faría falla o consentimento do meu pai? Que sería do noso himeneo se non estivera revestido con esta formalidade? E, por outra banda, é necesario que eu sexa un partido favorábel para vós; como sobriña da sra. de Verquin (así se cría en Nancy), podedes aspirar a moito máis. Crédeme Florville, esquezamos os nosos extravíos e estade segura da miña discreción.

Estas verbas, que estaba moi lonxe de esperar, fixéronme sentir cruelmente a desmesura da miña falta; o meu orgullo impediume responder mais a miña dor non foi senón máis amarga. Se algo me tería ceibado do arrepío da miña conduta, era, confésovolo, a esperanza de reparala casando un día co meu amante. Rapaza crédula! Eu non imaxinaba, malia a perversidade da sra. de Verquin, que, sen dubida, tería debido instruírme, non cría que se puidese xogar a seducir unha malpocada rapaza e abandonala despois. E ese honor, ese sentimento tan respectábel aos ollos dos homes, eu non supoñía que a súa acción non tivese enerxía respecto a nosoutras e que a nosa febleza puidese lexitimar un insulto que eles non arriscarían entre si máis que co prezo do sangue. Víame, pois, como vítima e, asemade, enganada por aquel polo cal tería dado mil veces á miña vida; pouco faltou para que aquela terríbel revolución me levase á tumba. Senneval non me abandonou, os seus coidados foron os mesmos mais non me volveu falar da miña proposición, e eu tiña demasiado orgullo para ofrecerlle unha segunda vez o motivo da miña desesperación. Finalmente, cando me viu recuperada, desapareceu.

Decidida a non volver máis a Nancy e decatándome de sobra que era a derradeira vez da miña vida que vía o meu amante, as miñas feridas volveron abrirse no momento da partida. Tiven, con todo, forza para termar deste último golpe… Que cruel!

Partiu, afastouse do meu seo inundado nas miñas bágoas sen que eu lle vise derramar tan só unha!

Velaquí o que resulta dos xuramentos de amor nos cales cometemos a loucura de crer! Canto máis sensíbeis somos, máis nos deixan de lado o nosos sedutores… pérfidos! Afástanse de nós cantos máis medios empregamos para retelos.

Senneval collera o seu fillo, deixárao nun aldea onde me foi imposíbel achalo… quixo privarme da dozura de querer e criar eu mesma aquel tenro froito da nosa unión; diríase que desexaba que esquecese todo o que podía encadearnos o un ao outro, e eu fíxeno, máis ben, crin facelo.

Nese momento determinei abandonar Metz e non volver a Nancy. Non quería enfadarme coa sra. de Verquin; abondaba, malia os seus erros, con que fose parente tan achegada ao meu benfeitor, para que a tratase con consideración toda a miña vida; escribinlle a carta máis honesta do mundo, poñía como pretexto para non volver a aparecer máis na súa vila, a vergoña da acción que cometera e pedinlle permiso para volver a París preto do seu irmán. Ela respondeume decontado que era dona de facer canto desexase, que conservaría a súa amizade cara a min para sempre; engadiu que Senneval aínda non estaba de volta, que se ignoraba o seu paradoiro e que era parva por aflixirme por esas miserias.

Recibida esta carta, regresei a París e corrín botarme aos xeonllos do sr. de Saint-Prât. O meu silencio e as miñas bágoas axiña lle fixeron saber o meu infortunio. Mais tiven a delicadeza de acusarme só a min mesma, nunca lle falei das seducións da súa irmá. O sr. de Saint-Prât, seguindo o exemplo de todos os bos carácteres, non sospeitaba nada dos desenfreos da súa parente, considerábaa a máis honesta das mulleres; deixeille toda a súa ilusión, e esta conduta que a sra. de Verquin non ignorou, conservoume a súa amizade.

O sr. de Saint-Prât compadeceuse de min... fíxome realmente decatarme dos meus erros e acabou por perdoalos.

Oh, miña filla!, díxome coa doce compunción dun alma honesta, tan diferente da embriaguez odiosa do crime, oh, querida rapaza! Xa ves que caro resulta abandonar a virtude… a súa adopción é tan necesaria, está tan intimamente vinculada a nosa existencia que axiña que a abandonamos, non hai máis que infortunios. Compara a tranquilidade do estado de inocencia no que estabas ao partir da miña casa, coa arrepiante turbación con que volves. Os fébeis praceres que puideches saborear na túa caída, resárcenche dos tormentos que esgazan o teu corazón? A felicidade non está senón na virtude, miña filla, e todos os sofismas dos seus detractores non conseguirán xamais un só dos seus goces. Ai Florville! Quen nega ou combate estes goces tan doces, só o fai por celos, estate segura diso, polo pracer bárbaro de facer aos demais tan culpábeis e desgrazados coma eles. Céganse e querrían cegar a todo o mundo, engánanse e quererín que todo o mundo se engane; mais se puidésemos ler o fondo da súa alma, veriamos cantas dores e arrepentimentos. Eses apóstolos do crime non son máis que malvados e desesperados; non atopariamos un sincero, nin un que non confesase, se fose certo, que as súas palabras infestadas ou os seus escritos perigosos só teñen as súas paixóns por guía. De feito, que home poderá dicir con sangue frío que as bases da moral poden ser crebadas sen risco? Que ser ousará soster que facer o ben, desexar o ben non debe ser necesariamente a verdadeira meta do home? E como aquel que non fará senón o mal pode esperar ser feliz no medio dunha sociedade cuxo interese máis poderoso é que o ben se multiplique arreo? Mais non tremerá este apoloxista do crime en todo momento cando teña arrincado de todos os corazóns a única cousa cuxa conservación debe esperar? Quen se oporá a que os seus criados o arruínen se deixaron de ser virtuosos? Quen empecerá que a súa muller o deshonre se el a persuadiu de que a

virtude non é nada útil? Quen reterá a man dos seus fillos, se el ousou deshonrar as sementes do ben no seu corazón? Como será respectada a súa liberdade, as súas posesións se dixo aos grandes, *a impunidade acompáñavos e a virtude non é mais que unha quimera*? Sexa cal for o estado deste desventurado, sexa esposo ou pai, rico ou pobre, amo ou escravo, naceranlle perigos de todas partes, de todos lados alzaranse puñais sobre o seu seo; se ousou destruír no home, os únicos deberes que fan vacilar a súa perversidade, non o dubidemos, o infortunado perecerá, tarde ou cedo, vítima dos seus horríbeis sistemas[1].

Deixemos por un intre a relixión, se se quere, consideremos só ao home; cal será o ser babeco de abondo para crer que transgredindo todas as leis da sociedade, esa sociedade que el aldraxa poderá deixalo en paz? Non é do interese do home e das leis que el crea para a súa seguridade, tender sempre a destruír o que amola ou fai dano? Quizais algún crédito ou riquezas asegurarán ao malvado un resplandor efémero de prosperidade, mais que curto será o seu reinado! Recoñecido, desenmascarado e convertido axiña en obxecto da xenreira e desprezo público, atopará como consoladores entón, os apoloxistas da súa conduta ou os seus seguidores? Ninguén o quererá confesar; non tendo máis que ofrecerlles, todos o rexeitarán como unha carga; envolvéndoo a desgraza por todas partes, esmorecerá no oprobio e infortunio e, non tendo, nin sequera o seu propio corazón como abeiro, axiña expirará na desesperación. Cal é, pois, ese razoamento absurdo dos nosos adversarios? Cal é ese esforzo impotente para atenuar a virtude, de ousar dicir que todo o que non é universal é quimera e que as virtudes, non sendo senón locais, ningunha delas podería ter realidade? Que? Seica non hai virtude porque cada pobo tivo que facerse as súas? Porque os diferentes climas, tipos de temperamentos necesitan diferentes especies de freos, porque, nunha palabra, a virtude se multiplicou baixo miles de formas, acaso non hai virtude na terra? Sería equivalente a dubidar da realidade dun río porque se separa en moreas de leitos diferentes. E que amosa mellor a existencia da virtude e da súa necesidade que a que o home ten de adaptala a todos os diferentes costumes e de facela a base de todos? Que alguén me atope un só pobo que viva sen virtude, tan só un no que a beneficencia e a humanidade non sexan os vencellos fundamentais, vou máis lonxe, que me atope unha asociación de perversos que non estea alicerzada por algún dos principios da virtude e eu abandono a súa causa. Pero se, polo contrario, se demostra útil en todas partes, se non hai ningunha nación, ningún estado, ningunha sociedade, ningún individuo que poida prescindir dela, se o home, nunha palabra, non pode vivir feliz, nin con seguridade sen ela, ¿estarei enganado, miña filla, ao exhortarte a que non te afastes dela xamais? Xa ves, Florville, continuou o meu benfeitor apertándome nos seus brazos, xa ves onde te fixeron caer os teus primeiros extravíos; se o erro te solicita de novo, se a sedución ou a túa febleza te preparan novas trampas, pensa nas desgrazas das túas primeiras desviacións, pensa nun home que te quere como a súa propia filla…, ao que as túas faltas esgazarán o corazón e atoparás nestas reflexións toda a forza que esixe o culto ás virtudes, onde eu quero renderte para sempre.

O sr. de Saint-Prât, sempre con eses mesmos principios, non me ofreceu a súa casa, mais propúxome ir vivir cunha das súas parentes, muller tan célebre pola elevada piedade na que vivía como a sra. de Verquin polos seus desencarrilamentos. Esta proposición agradoume moito. A sra. de Lérince aceptoume co maior agrado do mundo e fun instalada na súa casa dende a mesma semana do meu regreso a París.

---

[1] *Oh meu amigo! Non tentes nunca corromper a persoa que amas, iso pode chegar máis lonxe do que se pensa*, dicía un día unha muller sensíbel ao amigo que quería seducila. Muller adorábel déixame citar as túas propias verbas; describen tan ben a alma daquela que pouco despois salvou a vida dese home, que quixera gravar estas conmovedoras palabras no templo da memoria onde as túas virtudes che aseguran un lugar.

Ai señor, que diferenza entre esta respectábel muller e a que abandonaba! Se o vicio e a depravación establecerán nunha o seu imperio, diríase que o corazón da outra era o abeiro de todas as virtudes. Tanto a primeira me horrorizara coas súas depravacións, como me sentía consolada cos principios edificantes da segunda; ao escoitar á sra. de Verquin non atopara máis que amargura e remorsos, ao entregarme á sra. de Lérince non atopaba máis que dozura e consolo… Ai! Señor, permitídeme que vos describa esta adorábel muller que amarei sempre; é unha homenaxe que o meu corazón debe as súas virtudes, éme imposíbel resistilo.

A sra. de Lérince, de arredor de corenta anos de idade, estaba aínda moi louzá, un aire de candor e de modestia embelecía moito máis os seus trazos que as divinas proporcións que nela facía reinar a natureza. Segundo dicían, un exceso de nobreza e de maxestade facíana impoñente a primeira vista, mais iso que se podería tomar como fachenda adozábase dende que abría a boca; tiña unha alma tan fermosa e tan pura, unha amabilidade tan perfecta, unha franqueza tan completa, que un sentía insensibelmente, malia o seu pesar, unir á veneración que ela inspiraba primeiro, todos o sentimentos máis tenros. Nada de esaxerado, nada de supersticioso na relixión da sra. de Lérince; era na sensibilidade máis extrema onde se atopaban os principios da súa fe. A idea da existencia de Deus, o culto debido a este ser supremo, eran os gozos máis vivos desta alma amante; confesaba abertamente que sería a máis desgrazada das criaturas se as pérfidas luces lle obrigasen algunha vez a destruír nela o respecto e o amor que sentía polo seu culto. Aínda máis ligada, se é posíbel, á moral sublime desta relixión que as súas prácticas ou cerimonias, facía desta excelente moral a regra de todas as súas accións. A calumnia nunca lixara os seus beizos, non se permitía nin sequera unha broma que puidese aflixir ao seu próximo; chea de tenrura e de sensibilidade polos seus semellantes, atopando os homes dignos de interese, mesmo cos seus defectos, a súa única ocupación era agochar eses defectos con esmero ou corrixilos con dozura. Se se sentían desgrazados, para ela nada igualaba o encanto de alivialos; non esperaba que os indixentes viñesen implorar o seu auxilio, ela buscábaos… presentíaos e un vía a ledicia estoupar nas súas faccións, despois de ter consolado a viúva ou atender o orfo, despois de proporcionar desafogo a unha familia pobre, ou cando as súas mans crebaban as cadeas do infortunio. Nada de aspereza, nada de austeridade en todo isto; os praceres que se lle propoñían eran castos e a eles se entregaba con delicia, incluso os imaxinaba por temor a que se aburriran preto dela. Prudente…, ilustrada co moralista…, profunda co teólogo, inspiraba ao novelista e sorría ao poeta, sorprendía ao lexislador ou político e dirixía os xogos dun neno. Posuidora de todas clases de enxeño, o que máis destacaba nela, distinguíase principalmente no particular esmero… na especial atención, na encantadora delicadeza que tiña en facer ver o dos outros ou en descubrírllelo sempre. Vivindo no retiro por gusto, cultivando os seus amigos por eles mesmos, a sra. de Lérince, nunha palabra, o modelo para o un e o outro sexo, facía gozar a todo aquel que a rodeaba desa felicidade tranquila… desa voluptuosidade celeste prometida ao home honrado polo santo Deus, do cal ela era a imaxe.

Non vos vou aburrir, señor, cos detalles monótonos da miña vida durante os dezasete anos que tiven a dita de vivir con esta adorábel criatura. Conferencias sobre a moral e a piedade, o maior número de actos de beneficencia que nos era posíbel, tales eran os deberes que compartían os nosos días.

-Os homes só se asustan da relixión, miña querida Florville, dicíame a sra. de Lérince, porque os guías torpes non fan máis que facerlles sentir as cadeas sen lles ofrecer as dozuras. Pode existir un home absurdo de abondo para ousar, ao abrir ollos ante o universo, non recoñecer que tantas marabillas só poden ser a obra dun Deus todopoderoso? Tendo clara esta primeira verdade… cómpre outra cousa que non sexa o

seu corazón para convencerse? Cal pode ser, pois, ese individuo cruel e bárbaro que negaría entón a súa homenaxe ao Deus benfeitor que o creou? Mais a diversidade de cultos confunde, un cre descubrir a súa falsidade na súa multitude; que sofisma! E non é nese punto, nesa unanimidade dos pobos á hora de recoñecer e servir a un deus, non é nesa confesión tácita gravada no corazón de todos os homes, onde se atopa máis aínda, se é posíbel, que na natureza sublime, a proba irrevogábel da existencia deste Deus supremo? Como! O home non pode vivir sen adoptar un Deus, non pode interrogarse sen atopar probas del en si mesmo, non pode abrir os ollos sen atopar por todas partes pegadas deste Deus e aínda ousa dubidar del! Non Florville, non, non hai ateo con boa fe; a facehenda, a porfía, as paixóns, esas son as armas destrutivas dese deus que se revivifica arreo no corazón do home ou no seu entendemento; cando cada latexo dese corazón, cando cada pegada luminosa dese entendemento me ofrecen ese ser indiscutíbel, negaríalle a miña homenaxe? Usurparíalle o tributo que a súa bondade permite a miña debilidade, non me humillaría na presenza da súa grandeza, non lle pediría a graza, nin soportar as miserias da vida, nin facerme participar un día da súa gloria? Non ambicionaría o favor de pasar a eternidade no seu seo ou arriscaría esa mesma eternidade nun abismo arrepiante de suplicios para ser rexeitado por negarme ás probas irrefutábeis da certeza da súa existencia que tivo a ben ofrecerme ese gran ser? Miña filla, esta pavorosa alternativa, ¿permite sequera un intre de reflexión? Oh, vós que resistides teimosamente ás verbas inflamadas lanzadas por este Deus mesmo no fondo do voso corazón, sede cando menos xustos un intre, e só por piedade de vosoutros mesmos admitide este argumento irrefutábel de Pascual: "Se non existe Deus, que vos importa crer nel, que mal vos fai esta adhesión? E se existe, que perigos non correredes ao negarlle a vosa fe?" Non sabedes, segundo dicides, incrédulos, que homenaxe ofrecer a este deus, a multitude de relixións ofúscavos; pois ben! Examinádeas todas, concédovolo, e despois vide dicir de boa fe, en cal atopades maior grandeza e maxestade; negade, se vos é posíbel, oh cristiáns! que aquela na cal tivestes a dita de nacer vos parece de entre todas a dos carácteres máis santos e máis sublimes, buscade noutros lugares misterios tan grandes, dogmas tan puros, unha moral tan consoladora; buscade noutra relixión o sacrificio inefábel dun Deus a prol da súa criatura; vede aí as promesas máis belas e un futuro más afagador, un deus máis grande e máis sublime! Non, non podes, filósofo do día; non podes, escravo dos teus praceres cuxa fe cambia co estado físico dos teus nervios, impío nas chamas das paixóns, crédulo dende que son calmadas, ti non podes, dígocho eu. O sentimento confesa sen cesar ese Deus que o teu espírito combate, existe sempre preto de ti, mesmo no medio dos teus erros; rompe esas cadeas que te atan ao crime e ese Deus santo e maxestoso xamais se afastará do templo erixido para el no teu corazón. É no fondo dese corazón, máis aínda que na súa razón, onde hai, miña querida Florville, que buscar a necesidade dese deus que nos indica e nos demostra todo; é dese mesmo corazón de onde hai asemade que recibir a necesidade do culto que nós lle rendemos e é ese corazón só, o que te convencerá axiña, querida amiga, que o máis nobre e purificado de todos é aquel no cal nacemos. Practiquemos pois con regularidade e con gozo este culto doce e consolador; que ocupe aquí abaixo os nosos momentos máis fermosos e, conducidos insensibelmente, amándoo, ata o último termo da nosa vida, que sexa por un vieiro de amor e de delicias como nos vaiamos depositar no seo do eterno, esta alma emanada del, unicamente concibida para coñecelo e da que nós non debemos gozar senón para crer nel e para adoralo.

Así me falaba a sra. de Lérince, así o meu espírito se fortalecía cos seus consellos e a miña alma se rarificaba baixo a súa protección sagrada. Mais, como xa vos dixen, paso por alto todas as miudezas dos acontecementos da miña vida nesta casa, para non detervos máis que no esencial, son as miñas faltas as que vos teño que revelar,

home xeneroso e sensíbel, e cando o ceo quixo permitirme vivir en paz no camiño da virtude só llo teño que agradecer sen chistar.

Eu non deixara de escribir á sra. de Verquin; recibía novas súas regularmente, dúas veces ao mes, e malia que, sen dúbida, debese renunciar a este trato, malia que a reforma da miña vida e mellores principios, me obrigasen en certo senso a rompelo, o que lle debía ao sr. de Saint-Prât, e algo maior, teño que confesalo, un sentimento secreto que me arrastraba sempre de modo invencíbel, cara aos lugares onde tantos obxectos queridos me encadearan noutrora, a esperanza, quizais de ter algún día novas do meu fillo. Nunha palabra, todo me obrigou a continuar un trato que a sra. de Verquin tivo a honradez de manter regularmente. Eu tentaba convertela, loaba ante ela as dozuras da vida que eu levaba mais ela cualificábaas de quimeras, non cesaba de rir das miñas resolucións, ou de combatelas, e sempre firme nas súas, asegurábame que nada no mundo sería capaz de debilitalas, falábame dos novos prosélitos que se divertía en crear, poñía a súa docilidade moi por enriba da miña; as súas caídas multiplicadas eran, dicía esta muller perversa, pequenos trunfos que xamais lograba sen delicias, e o pracer de arrastrar ao mal estes novos corazóns consolábaa por non poder facer todo o que o seu maxín lle ditaba. Eu pregáballe a miúdo á sra. de Lérince que me deixase a súa pluma elocuente para converter a miña adversaria e ela consentía con xúbilo. A sra. de Verquin respondíanos e os seus sofismas, algunhas veces moi fortes, obrigábannos a recorrer a argumentos vitoriosos, cunha alma sensíbel en todo caso, nos que a sra. de Lérince supoñía, con razón, que se atopaba inevitabelmente todo aquilo que debía destruír o vicio e confundir a incredulidade. De cando en vez, pedía á sra. de Verquin novas daquel que aínda amaba, mais ela ou ben non puido, ou ben non me quixo informar nunca.

Xa é o momento, señor; cheguemos a esta segunda catástrofe da miña vida, a esta anécdota sanguenta que escachiza o meu corazón cada vez que se presenta no meu maxín, e que vos fará saber o arrepiante crime do cal son culpábel e vos fará renunciar, sen dúbida, aos proxectos demasiado afagadores que formastes comigo.

A casa da sra. de Lérince, por moi rutineira que vola puidera describir abríase, no entanto, a algúns amigos; a sra. de Dulfort, muller de certa idade, noutro tempo vinculada á princesa de Piemonte e que nos viña ver moi a miúdo solicitou un día á sra. de Lérince o permiso para presentarlle un mozo que lle fora expresamente recomendado, e que estaría moi contenta de colocar nunha casa, onde os exemplos da virtude que recibiría arreo, non poderían senón contribuír a darlle forma ao seu corazón. A miña protectora puxo a escusa de que ela nunca recibía xente nova. Despois, vencida polos teimosos rogos da súa amiga, accedeu a ver o cabaleiro de Saint-Ange; apareceu.

Fora presentimento…, fora o que vos praza, señor, ao ver este home sentín un arrepío universal cuxa causa me foi imposíbel discernir…, estiven a piques de esvaecer. Non buscando o motivo deste efecto estraño, eu atribuíao a calquera doenza interior, e Saint-Ange deixou de impresionarme. Mais se o mozo me axitara deste xeito a simple vista, un efecto semellante se manifestara nel…, sóubeno da súa boca ao final. Saint-Ange estaba cheo dunha veneración tan grande pola morada cuxa porta lle abriran que non ousaba esquecerse ata o punto de deixar escapar nela o lume que o consumía. Transcorreron tres meses antes de que se atrevera a dicirme algo, mais os seus ollos expresábanme unha linguaxe tan viva que era imposíbel que me enganase. Totalmente decidida a non volver caer nun xénero de falta á cal debía a desgraza dos meus días, moi fortalecida polos mellores principios, estiven disposta case vinte veces a previr á sra. de Lérince dos sentimentos que eu cría distinguir neste mozo. Contida despois polo desacougo que temía provocarlle, tomei partido polo silencio. Funesta decisión, sen dúbida, xa que foi a causa da arrepiante desgraza que axiña vos vou facer saber.

Adoitabamos pasar todos os anos seis meses nunha bonita casa de campo que a sra. de Lérince posuía a dúas leguas de París. O sr. de Saint-Prât víñanos ver a miúdo. Para a miña desgraza, a gota retívoo aquel ano, foille imposíbel aparecer. Digo para a miña a desgraza, señor, porque tendo naturalmente máis confianza nel que na súa parente, teríalle confesado cousas que nunca podía decidirme a dicir a outros e cuxas confesións, terían, sen dúbida, previdо o funesto contratempo que tivo lugar.

Saint-Ange solicitoulle permiso á sra. de Lérince para ir de viaxe, e como a sra. de Dulfort tamén solicitara esta graza para el, foille concedida.

Estabamos bastante preocupados na sociedade por saber quen era este mozo; sobre a súa existencia non había nada claro nin nada firme; a sra. de Dulfort dábanolo como o fillo dun fidalgo de provincias, co cal ela estaba emparentada. El, esquecendo ás veces o que dicía a sra. de Dulfort, facíase pasar por piemontés, opinión que se fundamentaba bastante na súa maneira de falar o italiano. Non se ocupaba de nada; malia que estaba en idade de facer algo, aínda non o viramos tomar ningunha determinación. Por outra banda, unha faciana fermosa, digna de ser pintada, unha compostura moi decente, verbas moi honestas, toda a impresión dunha excelente educación, mais no medio unha vivacidade prodixiosa, unha especie de impetuosidade no carácter que ás veces nos asustaba.

Dende que o sr. de Saint-Ange fora ao campo, os seus sentimentos, non facendo máis que aumentar polo freo que el tentara impoñerlles, fixoselle imposíbel ocultarmos; eu tremía… mais fixenme dona de abondo de min mesma para non amosarlle máis que piedade.

-En verdade, señor, díxenlle cómpre que non vos valoredes ou que teñades tempo de sobra que perder para empregalo cunha muller que ten o dobre da vosa idade. Mais no mesmo supoñer que eu fose tola de abondo para escoitarvos, que pretensións ridículas ousariades formarvos sobre min?

-As de unirme a vós polos nós máis sagrados, señorita. Ben pouco me estimariades se puiderades supoñer en min outros!

-En realidade, señor, non ofrecería ao público a senlleira escena de ver casar unha muller de trinta e catro anos cun rapaz de dezasete.

-Ah, cruel! Veriades estas fébeis desproporcións se existise no fondo do voso corazón a milésima parte do lume que devora o meu?

-O certo señor, é que en canto a min, eu estou moi tranquila… estouno despois de moitos anos, e espero estalo o tempo que Deus queira deixarme languidecer na terra.

-Arrancádesme ata a esperanza de abrandarvos algún día?

-Vou máis lonxe, atrévome a prohibirvos falarme por máis tempo das vosas loucuras.

-Ah, fermosa Florville! Queredes entón a desgraza na miña vida?

-O que quero é repouso e felicidade.

-Todo iso non pode existir senón é con vostede.

-Si… mentres destruades os sentimentos ridículos que endexamais debestes concibir; tentade vencelos, tentade ser dono de vós e a vosa tranquilidade renacerá.

-Non podo.

-Non queredes. É preciso que nos separemos para conseguilo. Pasade dous anos sen verme, este afervoamento esmorecerá, esquecerédesme e seredes feliz.

-Ah, xamais, xamais! A miña felicidade non será senón aos vosos pés.

E como a compaña se achegaba a nós, a nosa primeira conversa ficou así.

Tres días despois, Saint-Ange, tras achar unha forma de atoparme outra vez soa, quixo retomar o ton da antevéspera. Esta vez impúxenlle silencio con tanto rigor que as súas bágoas esvararon con abundancia; marchou de súpeto, e díxome que eu o poñía a

piques da desesperación, e que se arrancaría axiña a vida se continuaba tratándoo dese xeito… Volvendo despois como un furibundo:

-Señorita, díxome, non coñecedes a alma que aldraxades…, non, non a coñecedes…, sabede que eu son capaz de chegar ata as últimas consecuencias…, mesmo ás que vostede quizais está ben lonxe de imaxinar…, si chegarei mil veces a elas, antes que renunciar á dita de ser voso.

E afastouse nunha dor arrepiante.

Nunca estiven máis tentada que entón a falar coa sra. de Lérince, mais repítovolo, o temor de prexudicar a este mozo retívome, calei. Saint-Ange estivo oito horas fuxindo de min; apenas me falaba, evitábame na mesa…, no salón… nos paseos e todo iso, sen dúbida, para ver se ese cambio de conduta producía algunha impresión en min. Se eu compartise os seus sentimentos, o procedemento era seguro, mais estaba tan lonxe que apenas parecía decatarme das súas manobras.

Ao final achégase a min no fondo dos xardíns…

-Señorita, díxome no estado máis violento do mundo, por fin conseguín calmarme, os vosos consellos produciron en min o efecto que vostede agardaba…, vede como xa acouguei… só tentei buscarvos para darvos o meu último adeus…, si, vou fuxir de vós para sempre, señorita…, vou fuxir de vós, xa non veredes máis ao que odiades… oh! Non, xa non o volveredes ver máis!

- Esta decisión agrádame, señor, gústame crervos por fin razoábel, pero, engadín sorrindo, a vosa conversa aínda non me parece moi críbel.

-Como! Que teño que facer, señorita, para convencervos da miña indiferenza?

-Totalmente o contrario do que facedes.

-Mais polo menos cando parta..., cando xa non teñades a dor de verme, creredes quizais nesa razón na cal facedes tantos esforzos por facerme entrar?

-É certo que ese é o único paso que pode persuadirme e non deixarei de aconsellárvolo sen cesar.

-Ah! Daquela son para vostede un obxecto moi horríbel?

-Sodes, señor, un home moi amábel que debedes aspirar a conquistas doutro prezo e deixar en paz a unha muller que é imposíbel que vos escoite.

-Escoitarédesme, non obstante, dixo entón alporizado, si, cruel, escoitaredes, digades o que digades, os sentimentos da miña alma en chamas, a seguridade de que non haberá nada no mundo que non faga…, ou para merecervos ou para conseguirvos… Non creades polo menos, repuxo impetuosamente, non creades nesta saída disimulada, só a finxín para probarvos, deixarvos! Arrincarme da casa que vos posúe! Privaríame mil veces antes da luz do día… Odiádeme, pérfida, odiádeme pois é tal a miña desgrazada sorte, mais non esperedes xamais vencer en min o amor no que ardo por vós.

E Saint-Ange estaba en semellante estado ao pronunciar estas últimas verbas, conseguira emocionarme tanto, por unha fatalidade que nunca puiden comprender, que revireime para agocharlle os meus choros e deixeino no fondo do bosque no que el atopara a forma de xuntarse comigo. El non me seguiu; oíno botar ao chan e abandonarse aos excesos do máis espantoso delirio. A min mesma, teño que confesárvolo, señor, aínda que ben segura de non experimentar ningún sentimento de amor por este mozo, fose a conmiseración, fose a lembranza, foime imposíbel non estoupar á miña vez.

Ai!, dicía para min entregándome á miña dor…, eran as verbas de Senneval tal cal! Eran os mesmos termos cos que me expresaba os sentimentos da súa chama, tamén nun xardín… nun xardín coma este, acaso non me dicía que me amaría sempre?.. e acaso non me enganou cruelmente? Xusto ceo! Tiña a mesma idade… Ai Senneval! Senneval es ti quen tentas quitarme de novo o meu repouso? Non reapareces ti baixo

eses trazos sedutores para arrastrarme unha segunda vez ao abismo?... Foxe, covarde, foxe! Agora aborrezo ata a túa lembranza!

Enxuguei as miñas bágoas e funme pechar na miña casa ata a hora de cear; entón baixei… mais Saint-Ange non apareceu, mandou dicir que estaba doente, e ao día seguinte, foi o bastante hábil para non deixarme ler máis que tranquilidade na súa fronte…, enganeime; crin realmente que fixera bastantes esforzos consigo mesmo para vencer a súa paixón. Eu equivocábame, pérfido!... Ai que digo, señor!, non lle debo máis invectivas…, só ten dereito ás miñas bágoas, só ten dereito aos meus remorsos.

Saint-Ange só semellaba tan tranquilo porque os seus plans estaban trazados. Dous días transcorreron así, e cara á noitiña do terceiro anunciou publicamente a súa partida; tomou coa sra. de Dulfort, a súa protectora, as disposicións relativas aos seus asuntos comúns en París.

Deitámonos… Perdoade, señor, a turbación que me embarga antes do relato desta terríbel catástrofe, nunca se pinta na miña memoria sen me estarrecer.

Como ía unha calor extrema, boteime na miña cama case espida; a miña doncela estaba fóra, acababa de apagar a miña vela… Por desgraza unha bolsa de labores quedara aberta sobre a miña cama, porque acababa de cortar gasas que necesitaba para o día seguinte. Apenas os meus ollos comezaron a pecharse cando escoito un ruído… érgome da cama con vivacidade…, síntome agarrada por unha man…

-Xa non fuxirás máis, Florville, díxome Saint-Ange, (era el). Perdoa o exceso da miña paixón, mais non trates de subtraerte a ela…, cómpre que sexas miña.

-Sedutor infame!, berrei, lisca decontado ou teme os efectos da miña furia.

-O único que temo é non poder posuírte, muller cruel…, proseguiu este ardente mozo, botándose sobre min tan habilmente e nun estado de furia tal que me convertín na súa vítima antes de podelo impedir… Enfurecida por tal exceso de audacia, decidida a todo antes que sufrir as consecuencias, abalanceime, desfacéndome del, sobre as tesoiras que tiña aos meus pés; dominando, no entanto, a miña furia, busquei o seu brazo máis para ferilo e para asustalo por medio desta decisión pola miña parte, que para castigalo como merecía; ante o movemento que me sente facer el redobra a violencia dos seus.

-Lisca traidor!, berraba crendo que lle golpeaba no brazo, foxe decontado e avergóñate do teu crime…!

Oh, señor! Unha man fatal dirixira os meus golpes…, o desgrazado home lanza un berro e cae sobre as lousas… Prendida de novo a miña vea, achégome…, xusto ceo! Dinlle no corazón…, expira!... Bótome sobre o seu cadáver ensanguentado…, apértoo con delirio sobre o meu seo axitado…, a miña boca pegada a súa quere volver en si un alma que exhala, lavo a súa ferida coas miñas bágoas…

-Oh, ti, cuxo único crime foi amarme demasiado!, dixen no extravío da desesperación. Merecías un suplicio así? Debías perder a vida a mans daquela pola cal terías sacrificado a túa? O malpocado rapaz!… Imaxe do que eu adoraba; se só é preciso amarte para devolverche a vida, que saibas, neste cruel intre, no que por desgraza xa non me podes escoitar…, que saibas, se a túa alma latexa aínda, que saibas que quixera reanímala co prezo dos meus días, que saibas que ti nunca me fuches indiferente…, que nunca te vin sen turbación e que os sentimentos que tiña cara a ti eran quizais moito máis superiores aos do fébel amor que ardía no teu corazón.

Con estas verbas, caín sen coñecemento sobre o corpo deste infortunado rapaz; a miña doncela entrou, escoitara un roído, ocúpase de min, une os seus esforzos aos meus para devolver a Saint-Ange á vida… ai! Todo é en balde. Saímos deste fatal apartamento, pechamos a porta con coidado, collemos a chave e marchamos decontado a París, á casa do sr. de Saint-Prât… Fago que o esperten, entrégolle a chave desta

funesta habitación e cóntolle a miña horríbel aventura. Compadéceme, consólame, e co enfermo que está, diríxese deseguido á casa da Señora de Lérince. Como esta casa de campo estaba moi preto de París, a noite abondou para todas estas xestións. O meu protector chegou á casa da súa parente no momento no que se erguían e no que aínda nada translucira. Nunca os amigos nin os parentes se portaron mellor que naquela circunstancia; lonxe de imitar esa xente estúpida ou feroz que só ten encantos en crises semellantes para espallar todo canto pode deshonrar ou facer desgrazados a eles e mais aos que os rodean, apenas os criados sospeitaron o que acontecera.

-Eh ben, señor!, dixo aquí a srta. de Florville, interrompéndose a causa das bágoas que a afogaban, casaredes agora cunha rapaza capaz de tal asasinato? Aguantaredes nos vosos brazos unha criatura que mereceu o rigor das leis? Unha desgrazada, en definitiva, que o seu crime a atormenta arreo, que non tivo unha soa noite tranquila despois dese cruel momento. Non señor, non hai unha na que a miña desgrazada vítima non se presente perante min asolagada co sangue que eu quitei do seu corazón.

-Tranquilizádevos, señorita, tranquilizádevos, suplícovolo, dixo o sr. de Courval, unindo as súa bágoas ás desta interesante muller. Coa alma sensíbel que recibistes da natureza, comprendo os vosos remorsos, mais non hai sequera aparencia de crime nese fatal incidente, é unha desgraza horríbel, sen dúbida, mais soamente iso; nada premeditado, nada atroz, o único desexo de vos afastar do máis odioso atentado…, un asasinato, nunha palabra, cometido por azar, defendéndovos… Tranquilizádevos, señorita, tranquilizádevos, pois, esíxovolo; o máis severo dos tribunais non faría senón enxugalas vosas bágoas, oh! Que enganada estades se temedes que un suceso así vos faga perder todos os dereitos sobre o meu corazón que as vosas calidades vos aseguran. Non, non, fermosa Florville, ese incidente, lonxe de vos deshonrar, realza ante os meus ollos o resplandor das vosas virtudes; non vos fai senón máis digna dunha man consoladora que vos faga esquecer as vosas coitas.

-Iso que tedes a bondade de me dicir, repuxo a srta. de Florville, tamén mo di o sr. de Saint-Prât, mais as excesivas bondades de ambos, non apagan os reproches da miña consciencia, nada calmará xamais os meus remorsos. Non importa, prosigamos, señor, debedes estar ansioso polo desenlace de todo.

A sra. de Dulfort quedou indubidabelmente apesarada; ese mozo tan digno de interese por si mesmo fóralle especialmente recomendado como para non lamentar a súa perda. Mais ela sufriu as razóns do seu silencio, viu que o escándalo, perdéndome a min, non volvería o seu protexido á vida e calou. A sra. de Lérince, malia a severidade dos seus principios e a excesiva regularidade dos seus hábitos, comportouse aínda mellor, se cabe, porque a prudencia e a humanidade son as características distintivas da verdadeira piedade. Primeiro fixo público na casa que eu cometera a loucura de querer regresar a París durante a noite para aproveitar a frescura do tempo, que ela estaba perfectamente informada desta pequena extravagancia; que, polo resto, fixera o mellor xa que o seu proxecto era ir cear alí a mesma noite. Baixo este pretexto enviou alí a toda a súa xente. Unha vez a soas co sr. de Saint-Prât e a súa amiga, enviou buscar ao cura; o pastor da sra. de Lérince debía ser un home tan prudente e tan ilustrado coma ela; enviou sen dificultade un atestado en regra á sra. de Dulfort e soterrou el mesmo en segredo con dous dos seus criados á desgrazada vítima da miña furia.

Cumpridos estes coidados, reapareceu todo o mundo; o segredo foi xurado por ambas as dúas partes e o sr. de Saint-Prât veu calmarme poñéndome en coñecemento de todo o que acababa de ser feito para soterrar a miña falta no máis profundo esquecemento. Parecía desexar que volvese á miña rutina na casa da sra. de Lérince…, ela estaba disposta a recibirme…., eu non podía aturalo; entón el aconselloume

distraerme. A sra. de Verquin, coa cal nunca deixei de ter trato como xa vos dixen, insistíame sempre en que fose pasar outra vez algúns meses con ela; falei deste proxecto co seu irmán, el aprobouno e oito días despois partín para Lorena. Mais a lembranza do meu crime perseguíame por todas partes, nada conseguía acougarme.

Acordaba no medio do soño crendo escoitar de novo os xemidos e os berros do desgrazado Saint-Ange, víao sangrando aos meus pés, reprochándome a barbarie e asegurándome que a lembranza desa horríbel acción me perseguiría ata os meus derradeiros intres e que eu non coñecía o corazón que esgazara.

Unha noite de tantas, Senneval, ese desgrazado amante que eu non tiña esquecido, xa que só el me arrastraba outra vez a Nancy…, Senneval facíame ver dous cadáveres á vez, o de Saint-Ange, e o dunha muller descoñecida[2], regaba os dous coas súas bágoas e amosábame, non lonxe de alí, un ataúde de espiñas que semellaba abrirse para min... Espertei nunha terríbel axitación, moreas de sentimentos confusos alzáronse entón na miña alma, unha voz secreta parecía dicirme: "si, mentres respires, esa desgrazada vítima arrancarache bágoas de sangue que se farán cada día máis mordaces e o aguillón dos teus remorsos afiarase arreo en lugar de esmorecer".

Nese estado chegaba a Nancy, señor; mil novas mágoas me agardaban alí; unha vez a man do destino insiste sobre nós, só redobrándose os seus golpes nos esmagan.

Apeeime na casa da sra. de Verquin, suplicáramo na súa última carta, e sería un gusto, segundo ela, volver verme. Mais en que situación! Xusto ceo! Como iamos as dúas saborear esa alegría! Estaba no leito da morte cando cheguei, quen mo ía dicir, gran Deus! Non había quince día que me escribira…, falábame dos seus praceres presentes, e anunciábame os vindeiros... E velaí, pois, como son os proxectos dos mortais. No momento no que os fan, no medio das súas diversións, a desapiadada morte ven cortar o fío dos seus días, e vivindo, sen ocuparse nunca deste intre fatal, vivindo coma se deberan existir sempre, desaparecen nesa nube escura da inmortalidade, inseguros da sorte que alí lles agarda.

Permitídeme, señor, que interrompa un momento o relato das miñas aventuras, para falarvos desta perda, e para describirvos o tremendo estoicismo que acompañou esta muller á tumba.

A sra. de Verquin, que xa non era nova e que tiña daquela cincuenta e dous anos, despois dunha partida tola para a súa idade, botouse a auga para refrescarse; atopouse mal e levárona á súa casa nun estado terríbel; ao día seguinte declaróuselle unha pleuresía. O sexto día anunciáronlle que apenas lle quedaban vinte e catro horas de vida. Esta nova non a colleu por sorpresa; sabía que eu ía vir, encomendou que me recibiran. Chego e segundo a sentenza do médico, era a mesma noite en que ela debía expirar. Fixo que a puxeran nunha habitación amoblada co maior gusto e elegancia posíbeis. Estaba deitada, vestida de xeito descoidado, sobre unha cama voluptuosa, cuxas cortinas de grosos Tours lila, estaban agradabelmente alzadas por grilandas de flores naturais; ramos de caraveis, xasmíns, nardos e rosas enfeitaban todas as esquinas da súa habitación, esfollábaas nun cesto e cubría con elas a habitación e a cama. Téndeme a man no momento que me ve.

-Achégate, Florville, díxome, apértame no meu leito de flores… Que alta e fermosa te volviches…, oh, miña nena abofé que a virtude che prestou! Dixéronche o meu estado?, dixéroncho, Florville? Eu tamén o sei…, dentro de poucas horas xa non estarei; non pensei volver verte por tan pouco tempo…

E cando viu os meus ollos encherse de bágoas:

[2] Non esquezamos a expresión: *Unha muller decoñecida para min* co fin de non confundirnos. A Florville aínda lle quedan perdas por sufrir antes de que o veo se alce e lle deixe ver a muller que vía nos soños.

-Vamos tola, díxome, non sexas nena… cresme, pois, moi desgrazada? Non gocei acaso máis que calquera muller do mundo? Só perdo os anos nos que tiven que renunciar ao pracer, e que tería feito sen eles? A verdade é que non me queixo de non chegar a máis vella; dentro de pouco ningún home me quererría e eu nunca desexei vivir máis que o necesario para non inspirar noxo. Só teñen que temer a morte, miña nena, aqueles que cren; sempre entre o inferno e o paraíso, inseguros do que se abrirá para eles, esta ansiedade desólaos. En canto a min, que non agardo nada, eu que estou moi segura de non ser máis desgrazada despois da miña morte do que fun antes da miña vida, vou durmir tranquilamente no seo da natureza, sen pesar, sen dor, sen remorsos, sen preocupacións. Pedín que me puxesen no meu berce de xasmíns, xa preparan alí meu sitio, alí estarei, Florville, e os átomos emanados deste corpo destruído servirán para alimentar…, para facer xerminar a flor que máis amei de todas. Mira, continuou, xogando nas miñas meixelas cun ramo daquela planta, o ano que vén ao cheirar estas flores, respirarás no seu seo a alma da túa antiga amiga; lanzándose cara ás fibras do teu cerebro, daranche novas ideas e obrigaranche a pensar outra vez en min.

As miñas bágoas volveron abrir un novo carreiro…, apertei as mans desta desgrazada muller e quixen cambiar estas arrepiantes ideas materialistas por algúns sistemas menos impíos pero apenas manifestei este desexo, a sra. de Verquin rexeitoume con pavor…

-Oh Florville!, exclamou, non envelenes máis cos teus erros, prégocho, os meus derradeiros momentos e déixame morrer tranquila; non é cuestión de adoptalos á miña morte cando os detestei toda a miña vida.

Calei, que faría a miña cativa elocuencia fronte a tanta firmeza? Desolaría á sra. de Verquin sen convertela, a humanidade opoñíase a iso. Tocou a campaíña e ao momento escoitei un concerto doce e melodioso, cuxos sons semellaban saír dun gabinete veciño.

-Velaquí, dixo esta epicúrea, como pretendo morrer; Florville non é mellor que rodeada de sacerdotes, que encherían os meus derradeiros momentos de turbación, de alarmas e de desesperanza? Non, eu quero ensinar aos teus devotos que sen semellarnos a eles, podemos morrer tranquilos, quero convencelos que non é a relixión o que é preciso para morrer en paz, senón soamente coraxe e razón.

A hora avanzaba: entrou un notario, ela solicitárao; a música cesa, dita algunhas vontades; sen fillos, viúva había varios anos e, por conseguinte, dona de moreas de cousas, deixou o legado aos amigos e aos criados. Deseguido sacou un pequeno cofre dun secreter situado ao carón da súa cama.

-Velaquí agora o que me queda, dixo, algúns cartos en metálico e algunhas xoias. Divirtámonos o resto da noite. Sodes seis na miña habitación, vou facer seis lotes con isto, será un sorteo que xogaredes entre vosoutros e colleredes o que vos toque en sorte.

Eu non daba creto do sangue frío desta muller. Parecíame incríbel ter tantas cousas que reprocharse e chegar ao seu derradeiro momento cunha calma así, funesto efecto da incredulidade. Se a horríbel fin dalgúns perversos fainos tremer, canto máis non debe asustarnos unha dureza tan sostida!

Así e todo, execútase o que ela desexou; fai servir unha magnífica colación, come varios pratos, bebe viños de España e licores, tras dicirlle o médico que no estado en que se atopaba daba igual.

Faise o sorteo, tócanos a cada un preto de cen luíses, ben en ouro, ben en xoias. Este pequeno xogo apenas remataba cando foi presa dunha crise violenta.

-E ben! É agora?, díxolle ao médico sempre coa máis completa serenidade.

-Coido que si, señora.

-Vén pois, Florville, díxome, tendéndome os brazos, ven recibir o meu derradeiro adeus, quero expirar no seo da virtude…

Apertoume con forza contra ela e os seus fermosos ollos pecháronse para sempre.

Estraña nesa casa, non tendo máis nada que puidese reterme alí, saín decontado… podedes imaxinar en que estado, e como ensombrecía ese espectáculo aínda de novo a miña mente.

Existía demasiada distancia entre a forma de pensar da sra. de Verquin e a miña para que a puidese querer moi sinceramente: seica non fora ela a primeira causa da miña deshonra e de todas as vicisitudes que seguiran? Así todo, esa muller, irmá do único home que se ocupara realmente de min, sempre tivo excelentes procederes respecto a min, aínda incluso expirando me colmaba deles; as miñas bágoas foron, pois, sinceras e a súa amargura aumentou ao reflexionar que, con excelentes calidades, aquela miserábel criatura se perdera involuntariamente, e que xa, sen dúbida, rexeitada no seo do eterno, sufriría cruelmente as mágoas debidas a unha vida tan depravada. A bondade suprema de Deus veu, porén, ofrecerse a min, para aplacar estas ideas desoladoras; eu boteime aos seus xeonllos, atrevinme a rogar ao ser dos seres que perdoara a esta malpocada; eu que precisaba tanto a misericordia do ceo, atrevinme a implorala para os demais e para facela sucumbir todo canto podía depender de min, xuntei dez luíses dos meus cartos do sorteo gañados na casa da sra. de Verquin e fixen distribuílos no acto a todos os pobres da súa parroquia.

En canto ao resto, as intencións desta infortunada foron seguidas puntualmente; ela tomara disposicións demasiado seguras para que se puidesen obviar: depositárona no seu pequeno bosque de xasmíns, sobre o cal estaba gravada a única palabra: VIXIT.

Así pereceu a irmá do meu amigo máis querido; chea de enxeño e de coñecementos, ateigada de grazas e de talentos, a sra. de Verquin tería podido, con outra conduta, merecer o aprecio e o amor de todo aquel que a coñecese; non obtivo máis que o desprezo. As súas desordes aumentaban ao envellecer; un non é nunca máis perigoso, cando non ten principios, que na idade no que cesa de arroibarse; a depravación produce gangrena no corazón, refina os seus primeiros defectos e un chega insensibelmente ás falcatruadas imaxinando aínda que só cometeu un erro. Mais a incríbel cegueira do seu irmán non deixaba de abraiarme: tal é o sinal do candor e da bondade, as persoas honestas non sospeitan nunca do mal do que eles mesmos son incapaces, e por iso son tan doadamente enganados polo primeiro pícaro que se apodera deles e de aí vén tanta facilidade e tan pouca gloria ao enganalos. O insolente pillo que o intenta non traballou senón envilecéndose e sen incluso ter probado os seus talentos para o vicio, non prestou senón máis esplendor á virtude.

Ao perder á sra. de Verquin, perdía toda a esperanza de ter novas do meu amante e do meu fillo. Como ben supoñedes, no terríbel estado no que eu a vira, non me atrevín a falarlle deles.

Abatida por esta catástrofe, moi fatigada por unha viaxe feita nun cruel estado de ánimo, decidín descansar por algún tempo en Nancy, no albergue onde me establecera, sen ver absolutamente a ninguén xa que o sr. de Saint-Prât parecía desexar que disimulase alí o meu nome. Foi dende alí onde escribín a este querido protector, decidida a non partir senón despois da súa resposta.

Unha desgrazada muller, que non é nada vosa, señor, dicíalle eu*, que só ten dereito á vosa piedade, enturba eternamente a vosa vida; en lugar de falarvos da dor que debedes sentir verbo da perda que acabades de sufrir, ela ousa falar de s, pedir as vosas ordes e agardalas, etc.*

Mais xa dixen que a desgraza me perseguía por todas partes e que sería perpetuamente ou testemuña ou vítima dos seus sinistros efectos.

Unha noite volvía de tomar o aire bastante tarde, coa miña doncela; eu só estaba acompañada por esta moza e un lacaio de arrendamento que collera ao chegar a Nancy. Xa estaba deitado todo o mundo. Xusto cando entrei na miña casa, unha muller de cincuenta anos aproximadamente, aínda bastante fermosa, que eu coñecía de vista dende que me aloxaba na mesma casa ca ela, sae de súpeto da súa habitación, veciña á miña, e lánzase, armada cun puñal, a outro cuarto de enfronte… A acción instintiva é mirar…, eu corro, os meus criados séguenme; nun abrir e pechar de ollos, sen que tivesemos tempo nin de chamar nin socorrer… vimos precipitarse a esa miserábel sobre outra muller, cravar vinte veces a súa arma no corazón e volver entrar na súa habitación despistada, sen poder descubrirnos. Ao principio cremos que esta criatura perdera a cabeza; non podíamos entender un crime cuxo motivo non descubriamos; a miña doncela e criado quixeron berrar; un movemento máis imperioso, cuxa causa non puiden adiviñar, obrigoume a facelos calar, a collelos polo brazo e levalos comigo ao meu apartamento, onde nos pechamos deseguido.

Axiña se escoitou un barullo arrepiante. A muller que acababa de ser apuñalada, botouse como puido polas escaleiras, emitindo uns ouveos espantosos. Tivo tempo, antes de expirar, de dicir o nome da que a asasinara. Como se sabía que nos foramos os últimos en volver ao albergue, fomos arrestados ao mesmo tempo que a culpábel. Malia que a confesión da moribunda non deixaba ningunha dubida sobre nosoutros, contentáronse con notificarnos a prohibición de saír do albergue ata a conclusión do proceso. A criminal, conducida á prisión, non confesou nada e defendeuse con firmeza. Non había máis testemuñas que os meus criados e mais eu, houbo que comparecer…, houbo que falar, houbo que agochar con coidado a turbación que me devoraba secretamente, eu…, que merecía a morte igual que aquela á cal as miñas declaracións forzadas ían arrastrar ao suplicio, xa que en circunstancias parellas, era culpábel dun crime semellante. Non sei o que tería dado por evitar aquelas crueis declaracións...; ao ditalas, parecíame que arrancaban tantas pingas de sangue do meu corazón como palabras profería. Non obstante, había que dicilo todo: confesamos o que viramos. Por moito convencemento que tivesen, por outra banda, sobre o crime daquela muller, cuxa historia era a de asasinar a súa rival, por moi seguro, digo eu, que se estivese sobre o delito, soubemos positivamente despois, que sen nós, tería sido imposíbel condenala, porque había no suceso un home involucrado, que escapou, e do que ben se podería ter sospeitado. Mais as nosas confesións, as do lacaio de arrendamento sobre todo, que era o home do albergue…, o home vinculado á casa onde o crime tivera lugar…, esas crueis declaracións, que nos eran imposíbeis de negar sen comprometernos, selaron a morte desta infortunada.

Na miña derradeira confrontación, esa muller, examinándome co maior abraio, preguntoume a miña idade.

-Trinta e catro anos, díxenlle.

-Trinta e catro anos?... e sodes desta provincia?

-Non, señora.

-Chamádesvos Florville?

-Si, respondín, así me chaman.

-Eu non vos coñezo, proseguiu ela, mais sodes honrada, apreciada, din, nesta vila; eso é abondo, desgrazadamente para min…

Despois continuou con turbación:

-Señorita, un soño presentouvos ante min no medio dos horrores nos que aquí me tedes; estabades co meu fillo… porque eu son nai, como vedes…, tiñades a mesma faciana…, a mesma porte…, a mesma roupa… e o cadafalso estaba ante os meus ollos…

-Un soño!, exclamei, un soño, señora!, e evocándose ao instante o meu no maxín, os trazos daquela muller impresionáronme; recoñecina como aquela que se presentara ante min con Senneval preto do ataúde de espiñas… Os meus ollos inundáronse de bágoas. Canto máis examinaba aquela muller, máis tentada estaba a desdicirme… quería pedila morte no seu lugar…, quería fuxir e non podía afastarme… Cando se viu o estado espantoso no que me poñía e, como estaban persuadidos da miña inocencia, contentáronse con separarnos. Volvín a casa aniquilada, abafada por moreas de sentimentos distintos cuxa causa non podía discernir e ao día seguinte, a miserábel foi conducida á morte.

O mesmo día recibín a resposta do sr. de Saint-Prât; invitábame a volver. Abandonei Nancy decontado, non debendo serme moi agradábel despois das funestas escenas que acababa de ofrecerme, e encamiñeime cara á capital, perseguida pola nova pantasma daquela muller que semellaba gritarme a cada intre: *es ti, desgrazada, es ti quen me envías á morte, e non sabes a quen a túa man arrastra*.

Axitada por tantas calamidades, perseguida por tantos pesares, preguei ao sr. de Saint-Prât que me procurase algún retiro no que puidese rematar os meus días na soidade máis profunda e nos deberes máis rigorosos da miña relixión. Propúxome aquel onde me atopastes, señor. Establecinme alí a mesma semana, saíndo soamente para ir ver dúas veces ao mes ao meu querido protector e para pasar algúns intres na casa da sra. de Lérince. Mais o ceo, que quere cada día baterme con golpes notábeis, non me deixou gozar por moito tempo desta última amiga, tiven a desgraza de perdela o ano pasado; a súa tenrura cara a min non quixo que me separase dela neses crueis instantes, e tamén deu nos meus brazos os seus derradeiros suspiros.

Mais quen o había de pensar, señor? Esta morte non foi tan apacíbel como a da sra. de Verquin. Esta, ao non esperar nunca nada, non temeu perder todo; a outra parecía tremer ao ver desaparecer o verdadeiro obxecto da súa esperanza. Ningún remordemento me chamou a atención na muller á cal debían asaltar moreas…, pero aquela que nunca se puxo en situación de telos, concibiunos. A sra. de Verquin, ao morrer, só lamentaba non ter feito mal de abondo. A sra. de Lérince expiraba arrepentida polo ben que non tiña feito. Unha cubríase de flores, non deplorando máis que a perda dos seus praceres; a outra quería morrer sobre unha cruz de cinzas, desolada atormentada pola lembranza das horas que non ofrecera á virtude.

Estas contradicións sorprendéronme; algo de relaxación apoderouse da miña alma, e por que, pois, dixen para min, a calma en tales momentos non é unha parte da prudencia pero semella selo da mala conduta? Mais no acto, fortalecida por unha voz celestial, que semellaba retumbar no fondo do meu corazón exclamaba: tócame a min sondar as vontades do eterno! O que vexo asegúrame un mérito máis; os medos da sra. de Lérince son as solicitudes da virtude; a cruel apatía da sra. de Verquin non é senón o derradeiro extravío do crime. Ai! Se podo elixir nos meus derradeiros intres, que Deus me conceda antes a graza de asustarme como a primeira que atordarme co exemplo da segunda.

Ese é, ao cabo, o último dos meus incidentes, señor. Hai dous anos que vivo na Asunción, onde me situou o meu benfeitor; si, señor, hai dous anos que vivo alí, sen que aínda haxa un intre de repouso para min, sen que pase unha soa noite na que a imaxe daquel infortunado de Saint-Ange e da coitada que fixen condenar en Nancy non se presenten ante os meus ollos; velaquí o estado no que me atopades, velaquí as cousas

secretas que vos tiña que revelar, non era o meu deber dicírvolas antes que ceder aos sentimentos que vos enganan? É posíbel agora que poida ser digna de vós?... Aquela cuxa alma está apesarada pola dor pode achegar algún gozo á vosa vida? Crédeme, señor, deixade de facervos ilusións!, deixádeme volver ao retiro severo que soamente me convén; só me arrancaredes del para ter perpetuamente ante vós o terríbel espectáculo dos remorsos, da dor e do infortunio.

A srta. Florville non rematou a súa historia sen atoparse nunha axitación violenta. Impulsiva, sensíbel e delicada por natureza, era imposíbel que o relato das súas desgrazas non lle afectase considerabelmente.

O sr. de Courval que, nos últimos acontecementos da historia non vía, máis que nos primeiros, motivos plausíbeis que debesen alterar os seus proxectos, puxo todo en práctica para acougar aquela que amaba.

-Repítovolo, señorita, dicía el, hai cousas fatais e senlleiras no que me acabades de contar, mais non vexo unha soa que poida alarmar a vosa conciencia ou prexudicar a vosa reputación…, unha intriga aos dezaseis anos… recoñézoo, mais cantas escusas non tedes…, a vosa idade, as seducións da sra. de Verquin…, un mozo quizais moi amábel, que non volvestes ver, non é así señorita?, continuou o sr. de Courval con algo de inquedanza, que probabelmente non volveredes ver xamais.

-Oh, xamais seguramente!, respondeu Florville adiviñando as causas da inquedanza do sr. de Courval.

-Pois ben! Concluamos señorita, proseguiu, rematemos suplícovolo, e deixádeme convencervos canto antes, de que non hai nada no relato da vosa historia que poida minguar algunha vez no corazón dun home honesto, nin a extrema consideración debida a tantas virtudes, nin a homenaxe esixida por tantos atractivos.

A sra. de Florvile solicitou o seu permiso para volver outra vez a París e consultar co seu protector por derradeira vez e prometeulle que ningún obstáculo nacería, sen dúbida, pola súa banda. O sr. de Courval non puido negarse a este honesto deber. Ela partiu e regresou ao cabo de oito días con Saint-Prât. O sr. de Courval colmou a este último de honores; confesoulle da maneira máis delicada a satisfacción que lle producía unirse con aquela que se dignaba protexer e suplicoulle conceder sempre o título de parente súa a esta amábel persoa. Saint-Prât respondeu como debía aos honores do sr. de Courval e continuou outorgándolle á personalidade da Srta de Florville os cualificativos máis vantaxosos.

Por fin chegou o día tan desexado para Courval, celebrouse a cerimonia e, tras a lectura do contrato, quedou ben sorprendido cando viu que, sen advertir diso a ninguén, o sr. de Saint-Prât fixo engadir catro mil libras de renda máis á pensión de idéntica suma que xa deixara á Srta de Florville e un legado de cen mil francos tras a súa morte a prol do matrimonio.

Esta interesante muller derramou abundantes bágoas ao ver as novas bondades do seu protector e, no fondo, sentiuse afagada por poder ofrecer a aquel que tiña a ben pensar nela unha fortuna cando menos igual á que el posuía.

A amabilidade, a alegría pura, as promesas recíprocas de estima e de apego presidiron a celebración deste himeneo…, deste himeneo fatal cuxas Furias apagarían en segredo os fachos.

O sr. de Saint-Prât pasou oito días con Courval, así como os amigos do noso recentemente casado, mais os dous esposos non os seguiron ata París, decidiron quedar ata a entrada do inverno na súa casa de campo, co fin de dar aos seus asuntos a orde debida para poñelos despois en condicións de ter unha boa residencia en París. O sr. de Saint-Prât estaba encargado de buscarlles unha boa casa en París, co fin de verse máis a miúdo e, coa esperanza de todas estas agradábeis disposicións, o sr. e a sra. de Courval

xa pasaran preto de tres meses xuntos. Incluso xa había a certeza de embarazo, apresuráronse a comunicarllo ao amábel Saint-Prât, cando un suceso inesperado veu murchar cruelmente a prosperidade destes felices esposos e tornar en horríbel ciprés as tenras rosas do himeneo.

Aquí a miña pluma detense…, debería pedir a graza dos lectores, suplicarlle, que non vaian máis lonxe… si…, si, que se deteñan no acto se non queren tremer co arrepío… Triste condición a da humanidade sobre a terra…, crueis efectos da extravagancia do destino… Por que a desgrazada Florville, o ser máis virtuoso, o máis amábel e delicado ten que converterse, por un encadeamento de fatalidades inconcibíbel, no monstro máis abominábel que puido crear a natureza?

Esta tenra e amábel esposa lía unha tarde ao carón do seu marido unha novela inglesa dunha incríbel perfidia que estaba moi de moda por aquel entón.

-Velaquí seguramente, dixo arrebolando co libro, unha criatura case tan desgrazada coma min.

-Tan desgrazada coma ti?, dixo o sr. de Courval estreitando a súa querida esposa nos seus brazos. Oh Florville! Crin que che fixera esquecer as túas desgrazas…, ben vexo que me enganei…, debías dicirmo con tanta dureza?

Mais a sra. de Courval volvérase como insensíbel; non respondeu nin unha palabra a eses aloumiños do seu esposo; cun movemento involuntario rexéitao con pavor, e vai botarse lonxe del sobre un sofá, no que se funde en bágoas. En van vai este honrado esposo botarse aos seus pés, en van suplícalle á muller que idolatra, que se calme ou que lle deixe saber, cando menos, a causa de semellante ataque de desesperación. A sra. de Courval continua a rexeitalo, a afastarse cando quere enxugar as súas bágoas ata o punto de que Courval, non sospeitando máis que nunha lembranza funesta da antiga paixón de Florville viñese reavivala de novo, non puido evitar facerlle algúns reproches. A sra. de Courval escóitaos sen responder nada mais erguéndose ao final:

-Non , señor, di ao seu esposo, non.., enganádesvos ao interpretar así o ataque de dor do que veño de ser presa; non son as lembranzas as que me alarman, son os presentimentos os que me arrepían… Síntome feliz con vostede, señor…, si, moi feliz… e non nacín para selo; é imposíbel que o sexa por moito tempo, a fatalidade da miña estrela é tal, que a aurora da felicidade non será para min senón como lóstrego que precede a treboada… velaí o que me fai tremer, temo que non esteamos destinados a vivir xuntos. Hoxe a vosa esposa, quizais xa non o serei mañá… Unha voz secreta grita no fondo do meu corazón que toda esta felicidade non é para min senón unha sombra que se vai disipar coma a flor que nace e se apaga nun día. Non me acusedes de capricho, nin de arrefriamento; señor, só son culpábel de demasiado exceso de sensibilidade, do desgrazado don de ver todos os obxectos polo lado máis sinistro, consecuencia cruel das miñas vicisitudes…

E o sr. de Courval aos pés da súa esposa, esforzábase por calmala cos seus agarimos, coas súas palabras, sen, porén, logralo, cando, de socato… eran preto das sete da tarde do mes de outubro…, un criado vén dicir que un descoñecido, solicita falar de présa co sr. de Courval… Florville estarreceu… as bágoas involuntarias sucan as súas meixelas, vacila; quere falar, a súa voz expira sobre os beizos.

Os señor de Courval, máis interesado polo estado da súa muller que polo home que lle anuncian, responde acedamente que agarde e acode ao auxilio da súa esposa mais a sra. de Courval temendo sucumbir ao movemento secreto que a arrastra…, querendo agochar o que experimenta ante o estraño que se anuncia erguese con forza e di:

-Non é nada, señor, non é nada, que lle fagan entrar.

O lacaio sae, volve xusto despois, seguido dun home de trinta e sete a trinta e oito anos, levando na súa fisionomía agradábel por outra parte, sinais do pesar máis inveterado.

-Oh, meu pai!, exclamou o descoñecido, botándose aos pés do sr. de Courval, recoñeceredes a un desgrazado fillo separado de vós hai vinte e dous anos, demasiado castigado polas súas crueis faltas coas vicisitudes que non cesaron de abafalo dende entón?

-Quen, vós meu fillo…? Gran Deus! Que acontecemento, ingrato, puido facerche lembrar da miña existencia?

-O meu corazón… este corazón culpábel, que nunca cesou, con todo, de amarvos…, escoitádeme, meu pai, escoitádeme teño desgrazas maiores que as miñas que revelarvos; dignádevos a sentar e escoitarme; e vós, señora, continuou o Courval novo dirixíndose á esposa do seu pai, perdoade se vos rendo homenaxe por primeira vez na miña vida, véxome obrigado a desvelar ante vós terríbeis desgrazas de familia que xa non é posíbel agochar ao meu pai.

-Falade, señor, falade, dixo a sra. de Courval balbucindo e dirixindo unha mirada extraviada a este mozo, a linguaxe da desgraza non é nova para min, coñézoa dende a infancia.

E o noso viaxeiro, fitando entón á sra. de Courval, respóndelle cunha especie de turbación involuntaria.

-Vostede desgrazada, señora? Oh, xusto ceo! Podedes selo tanto coma nosoutros?

Sentan, o estado da sra. de Courval dificilmente se describiría…, dirixe a mirada a este cabaleiro… fúndea de novo no chan…, suspira con axitación… O sr. de Courval chora e o seu fillo tenta calmalo, suplicándolle que lle preste atención. Por fin a conversa segue un curso máis normal.

-Teño tantas cousas que dicirvos, señor, dixo o Courval mozo, que me permitiredes suprimir os detalles para non vos informar máis que dos feitos; e pido a vosa palabra, así como a da señora, de non interrompelos ata que remate de expoñelos.

Abandoneivos con quince anos de idade, señor. O meu primeiro movemento foi seguir a miña nai, á cal eu tiña a cegueira de preferir fronte a vós; estaba separada de vós dende había moitos anos. Xunteime con ela en Lión, onde a súas desordes asustáronme ata tal punto que para conservar o resto dos sentimentos que lle debía, vinme obrigado a fuxir. Pasei a Estrasburgo onde se atopaba o rexemento de Normandía…

A sra. de Courval conmoveuse mais contívose.

Eu inspiraba certo interese no coronel, proseguiu o novo Courval, deixei que me coñecera, el ofreceume unha subtendencia; o ano seguinte fun co corpo en gornición a Nancy, alí namoreime dunha parente da sra. de Verquin…, seducín a esta moza, tiven un fillo con ela e abandonei cruelmente a nai.

Ante estas palabras, a sra. de Courval estremeceu, o seu peito exhalou un laído xordo mais continuou firme.

-Esta desgrazada aventura foi a causa de todas as miñas desgrazas, deixei o fillo desta señorita infortunada na casa dunha muller que me prometeu coidalo e volvín algún tempo despois ao meu corpo. Censuraron a miña conduta; ao non poder reaparecer a señorita en Nancy, culpáronme de causar a súa perdición; demasiado amábel para non interesar a toda a cidade, nela atopou vingadores; eu batinme, matei o meu adversario, e pasei a Turín co meu fillo que volvín buscar preto de Metz. Servín doce anos ao rei de Cerdeña. Non vos falarei das desgrazas que alí experimentei, son innumerábeis. É ao abandonar Francia, cando se aprende a botala en falta. Mais o meu fillo medraba e

prometía moito. Tras coñecer en Turín unha francesa que acompañara a unha das nosas princesas que casou nesa corte, e, estando esta respectábel persoa interesada polas miñas desgrazas, atrevinme a propoñerlle que levara ao meu fillo a Francia para perfeccionar alí a súa educación, prometéndolle poñer en suficiente orde os meus asuntos para vir sacalo das súas mans en seis anos; ela aceptou, levou a París ao meu desgrazado fillo, non descoidou nada para educalo ben e deume novas súas moi puntualmente.

Eu aparecín un ano antes do que prometera, chego á casa destas dama, cheo co doce consolo de bicar ao meu fillo, de estreitalo nos meus brazos, aquel testemuño dun sentimento traizoado… mais que aínda queimaba o meu corazón… O voso fillo xa non está, díxome aquela digna amiga vertendo bágoas, foi vítima da mesma paixón que provocou a desgraza do seu pai. Levámolo ao campo, namorouse dunha rapaza encantadora cuxo nome xurei calar; arrastrado pola violencia do seu amor, quixo arrebatar pola forza o que se lle negaba pola virtude…, unha puñalada soamente dirixida para asustalo penetrou ata o seu corazón e abateuno ata a morte.

Aquí a sra. de Courval caeu nunha especie de estupefacción que nun momento fixo temer que perdese de súpeto a vida; a súa mirada estaba fixa, o seu sangue xa non circulaba. O sr. de Courval que comprendía de máis a funesta relación daquelas desgrazadas aventuras, interrompeu ao seu fillo e foi cara a súa muller…, ela reanimouse e cunha coraxe heroica:

-Deixemos proseguir o voso fillo, señor, dixo, quizais non estou no final das miñas desgrazas.

Pero, o Courval mozo, non comprendendo nada das coitas desta dama por uns feitos que só semellan atinxila indirectamente, mais distinguindo algo incomprensíbel, nos trazos da esposa do seu pai, non cesa de observala plenamente conmovido. O sr. de Courval agarrou a man do seu fillo e distraendo a súa atención por Florville, ordenoulle proseguir, limitarse só ao esencial e suprimir os detalles porque estes relatos conteñen particularidades misteriosas que se volven de poderoso interese.

-Ante a desesperación pola morte do meu fillo, continúa o viaxeiro, xa non tendo máis nada que me puidese reter en Francia… vostede unicamente, oh meu pai! mais a quen non me atrevía a achegar, e de cuxa cólera fuxía, decidín viaxar ata Alemaña… Desgrazado autor dos meus días, velaquí o máis cruel do que me resta por facervos saber, dixo o Courval novo, regando de bágoas as mans do seu pai; armádevos de coraxe, atrévome a suplicárvolo.

-Ao chegar a Nancy, decátome de que unha sra. Desbarres, o nome que adoptara a miña nai nas súas desordes así que vos fixo crer na súa morte, decátome, digo, que esta sra. Desbarres, acaba de ser posta en prisión por apuñalar a súa rival e que quizais sería executada o vindeiro día.

-Oh señor!, exclamou aquí a desgrazada Florville, botándose ao seo do seu marido con bágoas e berros esgazadores, oh señor! vedes todo o resultado das miñas desgrazas?

-Si, señora, véxoo todo, dixo o sr. de Courval, véxoo todo, señora, mais prégovos que deixedes rematar ao meu fillo.

Florville contívose, mais apenas respiraba, non tiña un sentimento que non estivese comprometido, nin un nervio cuxa contracción non fose pavorosa.

-Proseguide meu fillo, proseguide, di este malpocado pai, dentro dun momento explicaréivolo todo.

-Pois ben, señor, continuou Courval o novo, infórmome se hai algún malentendido nos nomes; por desgraza era demasiado certo que aquela criminal era a miña nai, solicito vela, consígoo, caio nos seus brazos… “Morro culpábel, díxome esta infortunada, mais hai unha fatalidade arrepiante no suceso que me conduciu á morte.

Debía sospeitarse doutro, tería sido el, todas as probas estaban contra el; unha muller e os seus dous criados, que o azar fixo atopar naquel albergue viron o meu crime, sen que a preocupación que me ocupaba me permitise percibilos; as súas disposicións son as únicas causas da miña morte; non importa, non perdamos con queixas vas os poucos intres nos que podo falarvos; teño segredos de importancia que dicirvos, escoitádeos meu fillo. Unha vez os meus ollos estean pechados, iredes buscar o meu esposo, dirédeslle que entre os meus crimes hai un que el xamais soubo, e que eu debo finalmente confesar… Tedes unha irmá, Courval…, veu ao mundo un ano despois de vós… Eu adorábavos, temía que esta filla vos prexudicase, que co propósito de casala un día, se collese a fortuna que debía pertencervos. Para conservala máis intacta, decidín desembarazarme desa rapaza e dispoñer todo para que o meu esposo non recollese máis no futuro o froito dos nosos nós. As miñas desordes botáronme noutros tropezos e impediron o efecto deses novos crimes, facéndome cometer outros máis terroríficos; mais no caso desta nena, estaba decidida, sen ningunha piedade, a darlle a morte. Ía executar esa infamia de común acordo coa ama de cría, que eu compensaría amplamente, cando aquela muller me dixo que coñecía un home, casado dende había anos, que cada día desexaba fillos e que non podía telos, e que ela se desfaría do meu sen crime quizais dunha maneira que a faría feliz. Eu aceptei axiña; a miña filla foi levada a mesma noite á porta daquel home cunha carta no seu berce. Ide a París cando eu xa non exista, suplicade ao voso pai que me perdoe, que non maldiga a miña memoria e que recolla esta nena preto del."

Con estas verbas a miña nai abrazoume…, tentou calmar a espantosa turbación na que me afundía todo canto acababa de saber dela…, oh, meu pai! Foi executada ao día seguinte. Unha doenza terríbel acurraloume cara á tumba, estiven dous anos entre a vida e a morte, sen ter nin a forza, nin a ousadía de vos escribir. O primeiro uso da recuperación da miña saúde é o de vir botarme aos vosos xeonllos, de vir suplicarvos o perdón desa desgrazada esposa e darvos a coñecer o nome da persoa en cuxa casa teredes novas da miña irmá; é a casa do sr. de Saint-Prât.

O sr. de Courval túrbase, todos os seus sentidos paralízanse, as súas facultades aniquílanse…o seu estado vólvese espantoso.

En canto a Florville, escachizada en anacos había un cuarto de hora, ergueuse coa tranquilidade de alguén que ven de tomar a súa decisión:

-E ben, señor!, díxolle a Courval, credes vos agora que pode existir no mundo unha criminal máis horríbel que a miserábel Florville? Recoñéceme Senneval, recoñece á vez a túa irmá, a que seduciches en Nancy, a asasina do teu fillo, a esposa do teu pai, a nefanda criatura que arrastrou a túa nai ao cadafalso… Si, señores, eses son os meus crimes; sobre calquera de vós a quen dirixo a mirada, non vexo senón un obxecto de arrepío; si, vexo un amante no meu irmán, vexo o meu esposo no autor dos meus días, e se é a min a quen se dirixen as miñas miradas, non distingo máis que o monstro execrábel que apuñalou o seu fillo e deixou morrer a súa nai. Credes vos que o ceo pode ter tormentos de abondo para min? Ou supoñedes que podo sobrevivir por un intre ás calamidades que atormentan o meu corazón…? Non, aínda me resta un crime e este vingaraos todos.

E nese momento, a desgrazada, botándose sobre unha das pistolas de Senneval, arríncalla impetuosamente e vóase a tapa dos miolos antes de que houbese tempo de poder adiviñar a súa intención. Expira sen pronunciar unha palabra máis.

O sr. de Courval esvaeceu, o seu fillo absorto na presenza de escenas tan horríbeis, pediu, como puido, auxilio. Xa non era preciso para Florville, as sombras da morte estendíanse xa sobre a súa fronte, todos os seus trazos descompostos non ofrecían

máis que a espantosa mestura da conmoción por unha morte violenta e as convulsións pola desesperación… Flotaba no seu sangue.

Levaron ao sr. de Courval á cama; alí estivo dous meses nas últimas. O seu fillo, tamén nun estado cruel, foi, así e todo, bastante afortunado, para que a súa tenrura e os seus coidados puidesen volver o seu pai á vida; mais os dous, tras uns golpes do destino tan cruelmente multiplicados sobre a súa testa, decidiron abandonar o mundo. Unha soidade severa tenos agochados para sempre dos ollos dos seus amigos, e así, os dous no seo da piedade e da virtude, rematan tranquilamente unha vida triste e penosa, que non lles foi dada nin a un nin a ao outro máis que para convencelos, a eles e aqueles que lean esta lamentábel historia, que non é senón na escuridade das tumbas onde o home pode atopar a calma, a cal a maldade dos seus semellantes, a desorde das súas paixóns, e ante todo, a fatalidade do seu destino lle negarán eternamente sobre a terra.

MISS HENRIETTE STRALSON
OU
OS EFECTOS DA DESESPERACIÓN

Unha tarde, na que o Ranelagh de Londres estaba en todo o seu esplendor, lord Granwel, de trinta e seis anos de idade aproximadamente, o home máis libertino, máis perverso, máis cruel de toda Inglaterra e, por desgraza, un dos máis ricos, viu pasar preto da mesa na que, a forza de ponche e viño de Champagne, adormecía os seus remorsos con tres amigos, unha encantadora moza, que aínda nunca vira en ningures.

-Quen é esa moza? dixo Granwel con solicitude a un dos seus convidados; é como pode ser que haxa en Londres unha cariña tan fina que se me teña escapado? Aposto a que esta non ten dezaseis anos, ti que dis, Sir Jacques?

Sir Jacques.- Un talle coma o das Grazas! Wilson, coñécela?

Wilson.- Velaquí a segunda vez que a atopo; é filla dun baronete de Herreford.

Granwel.- Aínda que sexa filla do demo, teño que tela ou que un raio me parta! Gave, encárgote a ti das pescudas.

Gave.- Cal é o seu nome Wilson?

Wilson.- Miss Henriette Stralson. Esa muller alta que vedes alí con ela é a súa nai; o pai morreu. Hai moi tempo que está namorada de Williams, un fidalgo de Herreford; van casar. Williams veu aquí para recoller a herdanza dunha vella tía; constitúe toda a súa fortuna; durante ese tempo lady Stralson quere que a súa filla vexa Londres e cando rematen os negocios de Williams, partirán de novo xuntos cara a Herreford onde debe concluír o matrimonio.

Granwel.- Que todas as furias do inferno se apoderen da miña alma se Williams a toca antes ca min!... Nunca vin nada tan fermoso… Está aí ese Williams? Non coñezo a ese truán, amosádemo.

Wilson.- É o que as segue… Sen dúbida detívose con algún dos seus coñecidos… Volve xuntarse con elas… Mirádeo…, é el…, velaí o tedes.

Granwel.- Ese mozo alto, de tan bonita feitura?

Wilson.- Precisamente.

Granwel.- Recoiro! Apenas ten vinte anos!

Gave.- Abofé que é un home guapo, milord…, velaí un rival....

Granwel.- Do cal me desfarei como de moitos outros… Gave érguete e segue ese anxo… Realmente impresionoume… Séguea, Gave, tenta saber canto poidas acerca

dela…, pon espías sobre o seu rastro… Tes cartos, Gave? Tes cartos?... Toma cen guineas: que mañá non quede unha e que eu saiba todo… Eu namorado?... Ti que dis Wilson?… Así e todo, é certo que ao ver esta moza tiven un presentimento… Sir Jacques, esta criatura celeste terá a miña fortuna…, ou a miña vida.

Sir Jacques.- Que sexa a fortuna, mais a vida… non creo que teñas ganas de morrer por unha muller.

Granwel.- Non…

E milord, ao pronunciar esta palabra estarreceu involuntariamente… Despois proseguiu:

-Todo iso son maneiras de falar, meu amigo; non se morre por eses animais. Mais a realidade é que hai algúns que conmoven a alma dos homes dun xeito ben extraordinario! Oian, mozos! Que traian viño de Borgoña! A miña cabeza quéntase e nunca a calmo se non é con ese viño.

Wilson.- De verdade, milord, que te sentes capaz de facer a toleada de amolar os amores dese pobre Williams?

Granwel.- Que me importa Williams? Que me importa todo o mundo? Sabe, meu amigo, que cando este corazón de lume concibe unha paixón, non existe ningún obstáculo que lle poida empecer satisfacerse; cantos máis nacen, máis me alporizo; a posesión dunha muller só resulta afagadora para min pola multitude de freos que rompín para conseguila. A cousa do mundo máis mediocre é a posesión dunha muller, meu amigo; quen tivo unha tivo centos. A única maneira de afastar a monotonía deses trunfos insípidos é non deberllos senón á astucia e é sobre as ruínas dunha morea de prexuízos vencidos, onde un pode atopar algúns atractivos.

Wilson.- Non sería mellor tentar agradar a unha muller…, tratar de obter os seus favores das mans do amor, que debela á violencia?

Granwel.- O que ti dis estaría ben se as mulleres fosen máis sinceras, pero como non hai unha soa no mundo que non sexa falsa e pérfida, cómpre actuar con elas como se fai coas víboras que se empregan para a medicina… Cortarlle a cabeza para ter o corpo…, tomar, ao prezo que sexa, o pouco bo do seu físico, forzando a moral de maneira que nunca se poidan sentir os seus efectos.

Sir Jacques.- Esas son as máximas que me gustan.

Granwel.- Sir Jacques é o meu alumno e algún día farei del unha figura… Mais velaquí Gave que volve, escoitemos o que nos vai dicir…

E Gave, sentando despois de beber un vaso de viño:

-A vosa deusa marchou, dixo a Granwel; subiu nunha carroza de arrendamento con Williams e lady Stralson e dixéronlle ao cocheiro: a Cecil Street.

Granwel.- Como! Tan preto da miña casa?... Fixeches que os sigan?

Gave.- Teño tres homes detrás…, tres dos máis agudos pícaros que escaparan de Newgate[3] algunha vez.

Granwel.- E ben, Gave, é bonita?

Gave.- É a persoa máis fermosa que hai en Londres, Stanley, Stafford, Tilner, Burcley…, todos a seguiron, todos a rodearon, todos estiveron de acordo en que non existía unha moza igual a ela nos tres reinos.

Granwel. (Enerxicamente)- Escoitáchesllе algo? Falou? O son afagador da súa voz penetrou nos teus órganos? Respiraches o aire que acababa de purificar? Eh, fala…! Fala, pois, meu amigo!, non ves que a cabeza me dá voltas…, que cómpre que sexa miña ou que abandone para sempre Inglaterra?

Gave.- Escoiteina, milord…, falou, díxolle a Williams que ía moita calor no Ranelagh e que prefería retirarse que pasear por alí máis tempo.

[3] Cárcere de Londres.

Granwel.- E ese Williams?

Gave.- Semella estar moi apegado… Devorábaa cos ollos…, diríase que o amor o encadeaba aos seus pasos.

Granwel.- É un perverso ao cal detesto e moito me temo que as circunstancias me obriguen a desfacerme dese home… Saiamos, amigos meus. Wilson agradézoche as túas informacións. Gárdame o segredo, ou difundo por todo Londres a túa intriga con lady Mortmart; e a ti, sir Jacques, emprázote mañá no parque para irmos xuntos a casa desa pequena bailarina de ópera… Que digo? Non, non irei… Non teño máis que unha idea na cabeza… A única cousa do mundo que me pode ocupar é miss Stralson, só teño ollos para ela, só teño alma para adorala… Ti, Gave, virás cear mañá comigo co que terás podido recoller sobre esta moza celestial…, único arbitrio dos meus destinos… Adeus, amigos meus.

Milord precipítase ao coche e vai a toda présa á cerimonia de deitar ao rei, onde os deberes do seu cargo o reclamaban.

Nada máis exacto que os poucos detalles dados por Wilson sobre a beleza que facía perder a cabeza de Granwel.

Miss Henriette Stralson, nacida en Herreford, viña efectivamente para ver Londres, a cal non coñecía, namentres Williams remataba os seus asuntos e despois todos regresarían á súa patria onde o himeneo debía coroar os seus votos.

Polo resto, non era moi de sorprender, que miss Stralson tivera xuntado todo ao seu favor no Ranelagh. Cando a unha compostura encantadora, aos ollos máis doces e máis sedutores, aos cabelos máis fermosos do mundo, aos trazos máis finos, aos máis espirituais e delicados, se une un son de voz delicioso, moito enxeño, amabilidade, vivacidade, moderado por un aire de pudor e de virtude, que facían estas grazas aínda máis excitantes… e todo iso con dezasete anos, débese necesariamente agradar; por iso Henriette causara unha sensación prodixiosa, e era o único tema en Londres.

Canto a Williams, era o que se chama un mozo honrado, bo, leal, sen dobrez, nin falsidade, que adoraba a Henriette dende a súa infancia, que sacrificaba toda a súa felicidade para posuíla un día, e tiña, para aspirar a ela, sentimentos sinceros, unha fortuna bastante considerábel se gañaba o seu proceso, unha liñaxe algo inferior á da miss, mais honrada e unha faciana moi agradábel.

Lady Stralson tamén era unha excelente criatura que, vendo a súa filla como o ben máis prezado que tiña no mundo, a quería como unha verdadeira nai de provincias; porque todos os sentimentos se depravan nas capitais: a medida que se respira o aire corrompido, as virtudes deterióranse, e como a corrupción é xeral, hai ou que afastarse dela ou sufrir a gangrena.

Granwel, afervoadísimo de viño e de amor, non foi moi cedo á antecámara do rei tras decatarse de que non estaba en estado de presentarse. Volveu á súa casa, onde, en lugar de durmir, entregouse aos proxectos máis tolos e máis extravagantes para posuír o obxecto dos seus delirios. Despois de atopar e rexeitar, un por un, unha morea deles, cada un máis atroz que o outro, detívose no de sementar a discordia entre Williams e Henriette, no de tentar, se era posíbel, poñer a Williams en apuros, que lle resúltase imposíbel saír adiante por moito tempo e aproveitar, durante todo iso, os momentos que o azar lle ofrecese xunto a súa beleza, para deshonrala no mesmo Londres ou raptala e conducila a unha das súas propiedades, nos confíns de Escocia, onde, o seu dono absoluto, nada puidese empecerlle facer dela o que quixese. Este proxecto, abondo fornecido de atrocidades, converteuse, só por isto, no que máis lle conveu ao pérfido Granwel, e, xa que logo, dende o día seguinte, todo foi posto en marcha para facelo trunfar.

Gave era o íntimo amigo de Granwel; dotado aínda de sentimentos moito máis baixos, cumpría ao carón de milord esa tarefa tan común nos nosos días que consiste en servir as paixóns dos outros, multiplicar os seus desenfreos e enriquecerse coas súas loucuras, todo deshonrándose un mesmo. Non faltou á cita do día seguinte. Mais as poucas informacións que puido dar ese día, foron que lady Stralson e a súa filla estaban aloxadas, como se tiña dito, en Cecil Street, na casa dunha das súas parentes, e que Williams se hospedaba no Hotel de Polonia, en Covent Garden.

-Gave, dixo milord, é preciso que respondas dese Williams; cómpre que, baixo o nome e a vestimenta dun escocés, chegues mañá ao mesmo hotel dese canalla cun séquito, que o coñezas, que o roubes..., que o arruínes. Durante ese tempo, eu actuarei preto das mulleres e verás, amigo meu, como, en menos dun mes, imos perturbar todos os pequenos plans honrados deses virtuosos campesiños.

Gave gardouse ben de buscar algún inconveniente aos proxectos do seu patrón; a aventura esixía moito ouro e estaba claro que, canto máis gastase milord nela, máis lucrativa se convertería a execución para o ministro infame dos caprichos deste perverso. Prepárase, pois, para actuar, mentres milord, pola súa banda, coloca con coidado arredor de Henriette unha morea de axentes subalternos, que lle deben dar conta exacta dos máis insignificantes pasos desta encantadora moza.

Miss Henriette estaba aloxada na casa dunha parente da súa nai, viúva había dezasete anos, á que chamaban Lady Wateley.

Entusiasmada con Henriette, á cal, no entanto, non coñecía senón dende a estadía desta moza na capital, lady Wateley, non desatendía nada do que podía facer brillar con resplandor o obxecto do seu apego e orgullo. Mais esta amábel prima, retida dende había quince anos na súa habitación por unha pleuresía, non soamente non puidera participar no último Ranelagh, senón que incluso se vía privada do pracer de acompañar a súa prima á ópera, onde debía ir ao día seguinte.

Axiña que Granwel foi informado deste proxecto de diversión polos espías situados aos talóns da súa amada, non deixou de lle querer sacar partido; ademais, informacións extensas fanlle saber que se servirán dun coche de punto, xa que lady Watson necesita os seus cabalos para enviar buscar o seu médico. Granwel vai axiña á casa do dono da carruaxe que debe ser alugada a Henriette e consigue doadamente que unha roda da carroza escache a tres ou catro rúas de distancia do punto de onde deben partir estas damas e, sen reflexionar tan sequera en que un accidente así pode custarlle a vida a aquela que ama e, unicamente ocupado coa súa estrataxema, paga con abundancia a execución, e regresa totalmente feliz á súa casa, da cal volve partir á hora xusta na que lle fan saber que Henriette debe saír, e, ordena ao cocheiro que o conduce ir esperar aos arredores de Cecil Street, que unha carroza de tal e cal forma saia da casa de Lady Wateley, seguir inmediatamente ese coche así que o vexa e non deixar entremeterse outro.

Granwel sospeitaba atinadamente que ao saír da casa de Lady Wateley, as damas irían recoller a Williams ao Hotel de Polonia. Non esquecían iso, mais a súa aventura non foi moi aló; a roda escacha..., as mulleres berran...., un dos lacaios rompe un membro e Granwel, a quen todo lle dá igual con tal de trunfar, únese decontado ao coche estragado, salta embaixo dende o seu e ofrece a man a Lady Straltson para propoñerlle os auxilios que o seu séquito lles ofrece.

-Realmente sodes moi bo, milord, responde esta; estas carrozas de alugamento son horríbeis en Londres, non se vai nelas sen arriscar a vida; debería haber leis para remediar estes inconvenientes.

Granwel.- Teredes a ben que non me queixe diso señora, xa que me parece que nin vostede, nin a moza que vos acompaña, sufriron ningún accidente, e con el obteño a prezada vantaxe de servirvos para calquera cousa.

Lady Stralson.- Sodes demasiado servicial, milord... Mais o meu lacaio semella mal, este incidente desagrádame.

E o lord, facendo chamar decontado aos portadores, ordena que depositen alí o criado ferido..., as damas despídense del; montan na carruaxe de Granwel e apresúranse ao Hotel de Polonia.

Non se pode describir o estado do lord dende que se atopa ao carón daquela que ama e dende que a circunstancia que o achega a ela aseméllase a un servizo prestado.

-Vai a señorita facer unha visita a algún estranxeiro do Hotel de Polonia, non si? di a Henriette, dende que o coche se puxo en marcha.

-É moito máis que unha visita a un estranxeiro, milord, di miss Stralson con candor, é un amante..., é un marido a quen imos ver.

Granwel.- Cal non tería sido a mágoa desta señorita se este accidente tivera atrasado o pracer que ela se promete, e canto máis me felicito pola dita de poder servila!

Miss Stralson.- Milord é demasiado bo por ocuparse de nosoutras, sentimos inquedanza por molestalo, e a miña nai me permitirá dicirlle que temo teñamos cometido unha indiscreción.

Granwel.- Ah! Señorita, que inxusta sodes por considerar así o maior pracer da miña vida! Mais se eu mesmo me atrevo a cometer unha indiscreción, non vos será necesario o meu coche para continuar as excursións da tarde? E nese caso, sería eu afortunado de abondo para que tivesen a ben aceptalo?

Miss Stralson.- Sería unha descaro demasiado grande pola nosa parte, milord; dirixímonos á ópera mais pasaremos a velada na casa dun amigo que imos ver.

Granwel.- É pagarme moi mal polo servizo confesado por vosoutras o negarme o permiso de continualo. Non vos privedes, suplícovolo, do pracer co que contades. Melico[4] canta hoxe por derradeira vez, sería horríbel perder esta ocasión de escoitalo; non imaxinedes, por outra banda, ningunha molestia para min na proposición que vos fago, xa que eu mesmo me dirixo a ese espectáculo. Só se trata, pois, de que me permitades acompañarvos alí.

Tería sido descortés por parte de Lady Stralson rexeitar a Granwel; por iso non o fixo e chegaron ao Hotel de Polonia. Williams agardaba ás damas. Gave, non debendo comezar o seu papel senón ao día seguinte, malia que chegase ese mesmo día ao hotel, aínda non se atopaba con el, grazas ao cal o noso home estaba só cando as súas amigas chegaron. Fíxolles o mellor recibimento, colmou o lord de honores e agradecementos. Mais como a hora apuraba, dirixíronse á ópera; Williams deu a man a Lady Stralson, e mercé a esta disposición na que Granwel confiaba, tivo a posibilidade de conversar coa miss nova, na cal descubriu un enxeño infinito, amplos coñecementos, un gusto delicado, e todo o que quizabes sería moi difícil de atopar na moza do status máis elevado, que algunha vez tivera abandonado a capital.

Granwel, despois do espectáculo, levou as dúas damas a Cecil Street e Lady Stralson, non tendo máis que motivos de loanza cara a el, convidouno a entrar na casa da súa parente. Lady Wateley, que só coñecía a Granwel moi superficialmente, recibiuno, así e todo, de marabilla; convidouno a cear, mais o lord, demasiado destro para botarse así á dianteira, puxo coma pretexto un asunto importante e retirouse mil veces máis acendido que nunca.

A un carácter como o de Granwel non lle gusta languidecer comunmente; as dificultades irrítano mais aquelas que non poden vencerse extinguen as paixóns nunha

[4] Célebre castrado italiano.

alma así en lugar de inflamalas; e como nestes tipos de individuos cómpre un alimento perpetuo, o obxecto cambiaría sen dúbida se a idea do trunfo, esmorecese sen esperanza.

Granwel tiña claro que, por moito que traballase para sementar a discordia entre Williams e a súa amada, ese proceso podía ser longo e debía ocuparse, por outra banda, en desunir aquela encantadora moza da súa nai, moi seguro de que non chegaría xamais ao obxectivo do seu plan en tanto elas estivesen xuntas. Unha vez introducido na casa de Lady Wateley, parecíalle imposíbel, engadido tamén a isto a axuda dos seus axentes, que ningún paso de Henriette se lle puidese chegar a escapar. Este novo proxecto de desunión ocupouno, pois, exclusivamente.

Tres días despois da aventura da ópera, Granwel foi informarse pola saúde das damas, mais quedou moi sorprendido cando viu a Lady Stralson chegar soa á sala e escusar a súa parente pola imposibilidade na que se atopaba de convidalo a subir. Alegouse un pretexto de saúde, e aínda que Granwel estaba moi molesto, non amosou por iso menor interese polo estado da dona da vivenda. Mais non puido evitar preguntar por Henriette; Lady Stralson respóndelle que un pouco afectada pola caída, non saíra da súa habitación dende aquel día, e ao cabo dun intre, o lord, solicitando autorización para volver, retirouse moi descontento coa súa xornada.

Namentres, Gave xa trabara coñecemento con Williams, e ao día seguinte da irritante visita do lord á casa de Lady Wateley, foille dar conta das súas operacións.

-Progresei máis do que creriades nos vosos asuntos, milord, dixo a Granwel. Vin a Williams e a persoas de negocios perfectamente ao caso do que lle concirne; a herdanza que agarda, a cal constitúe a fortuna que espera ofrecer a Henriette, é moi susceptíbel de ser disputada; en Herreford hai un parente máis achegado ca el que non sospeita dos seus dereitos; hai que escribir a este home para que chegue decontado, protexelo cando estea aquí..., poñelo en posesión da herdanza, e, durante ese tempo, eu esgotarei a bolsa do insolente individuo que ousa declararse o voso rival. Entregouse a min cun candor digno realmente da súa idade, xa me fixo partícipe dos seus amores; ata me falou de vós..., das bondades que vostede dispensou á súa amada o outro día. Tédelo collido, asegúrovolo, podédesme encargar a min só esta faena, garántolle que a vítima é nosa.

-Estas novas resárcenme de algo, dixo o lord, que me chegou a ser irritante onte.

E contou ao seu amigo o xeito forma como fora recibido na casa de lady Wateley.

-Gave, continuou, estou tolo de amor, todo isto dá un xiro moi longo, éme imposíbel reprimir ata entón o desexo violento que teño por posuír esa moza... Escoita o meu novo proxecto, escóitao e pono en marcha decontado. Confesa a Williams as ganas que terías de coñecer aquela que el adora, e que dada a imposibilidade que tes de ir buscala a casa dunha muller que non coñeces, cómpre que el pretexte unha indisposición e que convide vivamente a súa amada a servirse dunha cadeira de posta para acudir con presteza xunto a el... Traballa niso, Gave, traballa, sen descoidar o resto, e déixame actuar despois das túas operacións.

Gave, o máis hábil de todos os galopíns de Inglaterra, trunfou de tal xeito no seu cometido, que, sen perder o gran proxecto de vista, e facendo, ao mesmo tempo, escribir ao cabaleiro Clark, segundo herdeiro da tía de Williams, que viñese canto antes a Londres, consigue por medio do seu amigo ver a Henriette, e xustamente da forma que propuxera Granwel. Miss Stralson é avisada da indisposición do seu amante. Ela comunícalle por escrito que, co pretexto de ir de compras, buscará un momento para ir velo; e, no mesmo intre, avisan polos dous lados a milord, de que o martes seguinte, ás catro da tarde, miss Henriette sairá soa nunha cadeira para dirixirse a Covent Garden.

-Oh ti a quen idolatro!, exclamou Granwel no cumio da felicidade, desta vez non me escaparás! Por moi violentos que sexan os medios que uso para posuírte, consolado co teu goce, non me causan remorsos... Remordementos?... Acaso son eses pulos

coñecidos por un corazón tal e coma o meu? Despois de moito tempo o hábito do mal, extinguiunos na miña alma endurecida. Moreas de belezas, seducidas como Henriette..., enganadas coma ela, abandonadas coma ela..., dicide se fun conmovido polos vosos choros, se os vosos combates me asustaron, se a vosa vergoña me conmoveu..., se os vosos encantos me contiveron… Pois ben! É unha máis na lista de ilustres vítimas dos meus desenfreos; e de que utilidade serían entón as mulleres se non fosen soamente para iso?... Que alguén me amose que a natureza as creou para outra cousa. Deixemos aos necios a ridícula manía de erixilas en deusas: con eses principios bonachóns facémolas insolentes; ao vernos poñer tanto prezo a súa fútil posesión, crense no dereito de supoñerse así e de facernos perder en lamentacións novelescas un tempo que só está destinado ao pracer... Ai! Que digo? Henriette..., un só raio dos teus ollos apaixonados destruirá a miña filosofía e, quizais, caería aos teus xeonllos, mentres xuro ofenderte... Quen? Eu? Eu coñecer o amor! Fóra..., fóra ese sentimento vulgar... Se houbese unha muller no mundo que puidese facermo sentir, iría, creo, voarlle a cabeza, antes que someterme baixo a súa arte infernal. Non..., non, sexo fébel e enganador..., non agardes nunca encadearme; saboreei demasiado os teus praceres para que aínda me poidan enganar...; é a forza de alporizar o deus como aprendemos a romper o templo e cando queremos absorber o culto, non abondan as aldraxes.

Granwel, despois destas reflexións, moi dignas dun malvado coma el, envía decontado alugar todas as cadeiras dos arredores de Cecil Street. Coloca os seus lacaios en todos os cruces para non deixar achegar á vivenda de Lady Wateley ningunha das que poderían ir buscar donos e aposta unha para el, guiada por dous portadores nos que confía, coa orde de conducir a Henriette, unha vez que a teñan, preto do parque Saint-James, á casa dunha tal Señora Schmit, dedicada dende hai vinte anos ás aventuras secretas de Granwel, e á que xa tivo o coidado de avisar. Henriette, sen preocuparse, non sospeitando da fidelidade dos homes públicos dos cales cre servirse, sitúase na cadeira que lle ofrecen, envolta nunha capa; ordena que a leven ao Hotel de Polonia, e, ao non coñecer as rúas, ningunha sospeita no traxecto a vén amolar tan sequera un minuto. Chega a onde a agarda Granwel. Os portadores, ben instruídos, penetran na alameda da casa da tal Schmit e non se deteñen senón na porta dunha sala baixa. Abren...

Vaia coa sorpresa de Henriette cando se ve nunha casa descoñecida! Berra, recúa, dille aos portadores que non a conduciron a onde ela tiña ordenado…

-Miss, dixo Granwel avanzando deseguido, que de grazas non lle debo dar ao ceo por deixarme servos útil unha segunda vez! Recoñezo nas vosas verbas, vexo polo estado dos vosos portadores, que están ebrios e enganados; non resulta afortunado que, nesta circunstancia, sexa a casa de lady Edward, a miña parente, onde ten lugar este lixeiro incidente? Tomádevos a molestia de entrar, señorita, despedide a estes pillabáns cos cales a vosa vida non está segura, e permitide aos mozos da miña prima que vos vaian buscar homes de fiar.

Resultaba difícil rexeitar unha proposición como aquela; Henriette non vira a milord máis que unha vez, non tivera de que queixarse, volvíao ao atopar na entrada dunha casa cuxas dependencias non lle presaxiaban máis que honradez. Mesmo no supoñer de que houbese calquera perigo en aceptar o que se lle propoñía, ¿non existía máis en quedar nas mans de homes ebrios e que, xa molestos polos reproches que lle dirixía Henriette, se propoñían deixala alí? Entra pois, pedindo miles de escusas a Granwel; o lord despide el mesmo aos portadores; semella dar ordes a algúns mozos de ir na procura doutros. Miss Stralson entra no fondo das dependencias onde a dona do lugar a conduce, e, cando chega a un salón encantador, a suposta lady inclínase e di a Granwel cun ton desvergoñado:

-Canto pracer, milord! De feito, eu non vola tería dado máis fermosa.

Aquí Henriette, estarrece, as súas forzas están a piques de abandonala, sente todo o arrepío da súa situación; mais ten forza para conterse..., dela depende a súa seguridade; ármase de coraxe.

-Que significan esas verbas señora? di collendo o brazo da Schmidt, e por quen se me toma aquí?

-Por unha moza engaionte, miss, responde Granwel, por unha criatura anxélica, que nun intre, iso agardo, vai converter o máis afortunado dos homes no máis namorado dos amantes.

-Milord, di Henriette sen soltar a Schmit, ben sei que a miña imprudencia me fai depender de vós mais imploro a vosa xustiza; se abusades da miña situación, se me obrigades a detestarvos, seguramente non gañaredes tanto como os sentimentos que tedes creado en min por vós.

-Hábil señorita, non me seducirás nin coa túa encantadora faciana, nin coa arte inconcibíbel que te inspira neste intre; non me amas nin saberías amarme, eu non aspiro ao teu amor, coñezo o que te abrasa, e créome máis feliz ca el; non ten senón un sentimento frívolo que eu nunca conseguirei de ti.... Eu teño a túa deliciosa persoa, que vai mergullar os meus sentidos no delirio.

-Detédevos, milord, enganádesvos: eu non son a amante de Williams, entréganme a el sen que o meu corazón o consinta; este corazón é ceibe, pode amarvos como pode amar a outro, odiaravos, sen dúbida, se queredes non deber máis que á forza o que só de vós depende merecer.

-Non amas a Williams? Como é que ías á súa casa se non o amas? Cres que ignoro que te dirixías á súa casa porque o crías enfermo?

-Pode ser, mais non tería ido se a miña nai non o quixese; informádevos, non fago máis que obedecer...

-Artificiosa criatura!

-Oh, milord, entregádevos ao sentimento que eu creo ler agora nos vosos ollos...! Sede xeneroso, Granwel, non me obriguedes a odiarvos, cando só de vós depende ser estimado.

-Estima?

-Xusto ceo! Daquela prefririades a xenreira?

-Non sería senón un sentimento máis ardente o que podería entenrecerme por ti.

-Coñecedes, pois, tan mal o corazón dunha muller para ignorar o que pode nacer do agradecemento? Deixádeme volver, milord, e saberedes un día se Henriette é unha ingrata, se é digna ou non de ter obtido a vosa piedade!

-Que? Eu piedade? Piedade por unha muller…?, di Granwel afastándoa da Schmit. Eu perder a máis fermosa ocasión da miña vida e privarme do maior dos praceres por aforrarche un momento de mágoa...? Por que o faría? Achégate, serea, achégate, xa non te escoito...

E tras pronunciar estas palabras, arrinca o pano que cubre o belo seo de Henriette e faino voar ata o fondo da habitación.

-Pola bondade do ceo! exclamou a señorita botándose aos pés do milord, non permitades que me converta na vítima dun home que quere obrigarme a detestalo...! Tede piedade de min milord, tede piedade, suplícovolo; que as miñas bágoas vos abranden e que a virtude sexa de novo escoitada polo voso corazón! Non esmaguedes a unha desgrazada que non é culpábel de nada respecto de vós, á cal inspirarades agradecemento e que quizabes non se quedaría así...

E, ao dicir estas palabras, estaba de xeonllos aos pés do lord, os brazos erguidos ao ceo... As bágoas asolagaban as súas fermosas meixelas que animaban o temor e a

desesperación e volvían caer sobre o seu seo descuberto, mil veces máis branco que o alabastro.

-Onde estou?, dixo Granwel perdido. Que sentimento indicíbel vén turbar todas as facultades da miña existencia? De onde sacaches esa mirada que me desarma? Quen che prestou esa voz sedutora, cuxos sons amolecen o meu corazón? Es, pois, un anxo celestial, ou non es máis que unha criatura humana? Fala, quen es? Xa non me coñezo, xa non sei nin o que quero nin o que fago; todas as miñas facultades, aniquiladas en ti mesma, xa non me deixan máis que formar os teus desexos... Erguédevos, señorita, erguédevos, tócame a min caer aos pés do deus que me encadea; erguédevos, o voso imperio está demasiado ben alicerzado. Resulta imposíbel...., absolutamente imposíbel, que ningún desexo impuro poida espelilo na miña alma....

E, devolvéndolle o seu pano:

-Tomade, agochade de min eses encantos que me embriagan; non necesito aumentar con nada o delirio a onde tantos atractivos acaban de mergullarme!

-Home sublime!, exclamou Henriette, agarrando unha das mans do lord; que non merecedes por unha acción tan xenerosa?

-O que quero merecer, miss, é o voso corazón; velaí o único premio ao cal aspiro, velaí o único trunfo que é digno para min. Lembrade eternamente que fun dono da vosa persoa, e que non abusei dela... E se este detalle non logra de vostede os sentimentos que eu esixo, lembrade que terei o dereito de vingarme e que a vinganza é un sentimento terríbel nunha alma coma a miña... Sentade, miss, e escoitade... Deume esperanzas, Henriette, díxome que non amaba a Williams, e deixoume crer que podería amarme.... Velaí os motivos que me deteñen..., velaí aos cales debedes a vitoria. Prefiro merecer de vós o que só de min depende arrancar; non me fagades arrepentir da virtude, non me obriguedes a dicir que a perfidia dos homes só se debe á falsidade das mulleres, e que se elas fosen connosco como deben, nos seriamos sempre á nosa vez como elas desexan que sexamos.

-Milord, respondeu Henriette, é imposíbel que poidades disimular, que nesta desgrazada aventura, a primeira falta vén pola vosa banda. Con que dereito tentastes amolar o meu repouso? Por que me facedes traer a unha casa descoñecida, cando, confiándome a homes públicos, imaxino que me conducirán a onde eu lles ordene? De acordo con esta verdade, correspóndelle a vostede darme ordes? Non me deberiades escusas en lugar de impoñerme condicións...?

E ao ver a Granwel poñer un xesto de desagrado:

-Pero, permitídeme, milord, proseguiu con vivacidade, permitide que me explique: esa primeira falta que escusades, se queredes, o amor que pretendedes sentir, repararédela co sacrificio máis xeneroso, máis nobre... Debo agradecérvolo, sen dúbida, prométollo, non me desdigo. Vide a casa dos meus parentes, milord, farei que vos traten como merecedes; o hábito de vervos reanimará arreo no meu corazón os sentimentos de agradecemento que vós fixestes nacer nel; esperade todo diso, menosprezariádesme se vos dixese máis.

-Mais como ides contar esta aventura aos vosos amigos?

-Como debe ser.... como un erro dos portadores, que, por unha casualidade moi singular, me fixeron caer unha segunda vez nas mans daquel, que despois de terme prestado xa un servicio, aproveitou con gusto a ocasión que lle permitía prestarme outro novo

-E asegurádesme, miss, que non amades a Williams?

-Éme imposíbel sentir xenreira por un home que sempre tivo bo proceder cara a min; el ámame, non o podo negar, mais a elección é da miña nai e nada empece revogala.

Despois, erguéndose:

-Permitídesme, milord, continuou, rogar que avisedes algún portador? Unha entrevista máis longa, facéndome sospeitosa, quizais prexudicaría o que vou dicir. Facédeme volver, milord, e non tardedes en vir ver aquela a quen as vosas bondades enchen de agradecemento, e que vos perdoa un proxecto bárbaro en prol da maneira, chea de sabedoría e de virtude, coa cal queredes facelo esquecer.

-Rapaza cruel, dixo o lord erguéndose tamén...., si, vouvos obedecer... Mais conto co voso corazón Henriette..., conto con el... Lembrade que as miñas paixóns enganadas me levan á desesperación... Servireime das mesmas expresións ca vós: non me obriguedes a odiarvos; terían sido poucos os perigos se vostede fose obrigada con respecto a min, serían enormes se me apoucara con respecto a vostede.

-Non, milord, non, xamais vos obrigarei a odiarme; teño máis orgullo do que imaxinades, e saberei sempre conservarme os dereitos á vosa estima.

Ante estas palabras, Granwel pide portadores; había moitos preto de alí... Anúncianos e o lord, collendo a man de Henriette:

-Filla anxélica, díxolle levándoa, non esquezas que acabas de conseguir unha vitoria á cal ningunha muller ousaría aspirar..., un trunfo que só debes aos sentimentos que me inspiras... e que se algunha vez enganas eses sentimentos, substituíranse por todos os crimes que a vinganza me poida ditar.

-Adeus, milord, respondeu Henriette subindo á súa cadeira, nos vos arrepintades xamais dunha fermosa acción e pensade que o ceo e todas as almas xustas vos recompensarán.

Granwel retírase á súa casa nunha axitación inexpresábel e Henriette volve a casa da súa nai nunha conmoción tal que creron que ía esvaecer.

Ao reflexionar verbo da conduta de miss Stralson distínguese doadamente, sen dúbida, que en todo que dixera a Granwel só había falsidade e política; cría que esas artimañas, pouco propias da súa alma inxenua, lle estaban permitidas para fuxir dos perigos que a ameazaban. Non tememos que, por actuar así, esta interesante criatura, acaso teña que ser censurada por alguén: ás veces a virtude máis depurada obriga a certos extravíos.

Cando chegou a casa e xa non tendo ningún motivo para finxir, contou ás súas parentes todo o que lle acababa de acontecer; non ocultou o que lle dixera para fuxir, nin os compromisos que, cos mesmos obxectivos, estivo obrigada a adoptar. Agás a imprudencia de querer saír soa, nada do que fixera Henriette foi desaprobado, mais as súas amigas opuxéronse á execución da palabra que dera. Decidiron que miss Stralson evitaría por todas partes a lord Granwel coa máxima precaución e que a porta de lady Wateley estaría totalmente pechada ás tentativas deste impudente. Henriette creu deber informar que esa maneira de actuar alporizaría infinitamente a un home cuxa desesperación podería ser funesta, que de feito, se cometera unha falta, reparáraa como home cabaleiroso e que cría que despois diso, sería mellor acollelo que alporizalo. Creu poder responder que esa tamén sería a opinión de Williams; mais a dúas parentes non se afastaron da súa e déronse as ordes conseguintes.

Mentres tanto, Williams, que agardara toda a tarde pola súa amada, impaciente por non vela chegar, despediuse do cabaleiro O`Donnel (era o nome que se atribuíra Gave ao chegar ao hotel de Polonia); suplícoulle que lle permitise ir el mesmo informarse da causa dunha demora que o desacougaba tan cruelmente. Chegou á casa de lady Wateley unha hora despois do regreso de Henriette. Esta chorou ao velo..., colleulle a man e díxolle con tenrura:

-Meu amigo! Que pouco faltou para que xa non fose digna de ti!

E como tiña a liberdade de conversar soa, canto tempo quixese, cun home que a súa nai xa miraba como a un xenro, deixáronos falar xuntos sobre todo o que acababa de acontecer.

- Oh miss! exclamou Williams unha vez soubo todo, iádesvos perder pola miña culpa, por procurarme un intre de satisfacción, iádesvos volver a máis desgrazada das criaturas...! Si, miss, por unha fantasía, teño que confesárvolo. Non estaba enfermo; un amigo desexaba vervos e eu quería disfrutar ante os seus ollos da felicidade de posuír a tenrura dunha muller tan fermosa. Velaí todo o misterio, Henriette; xa vedes como son dobremente culpábel.

-Deixemos iso, meu amigo, respondeu Miss Stralson, volvo atoparte, todo está esquecido. Mais recoñece, Williams, engadiu, deixando levar na súa mirada o fogo máis doce ao interior da alma daquel que adoraba, recoñece, que nunca te volvería ver se este desastre chega a acontecer... Xa non quererías nada máis da vítima dun home semellante..., eu tería, coa miña propia dor, a desesperación de perder o que me é máis prezado no mundo.

-Nin o imaxines, Henriette, reprochou Williams; non hai nada baixo o ceo que poida impedir que sexas amada polo que pon toda a súa gloria en posuírte ... Oh ti a que adorarei ata o meu derradeiro suspiro!, convéncete, pois, de que os sentimentos que ti acendes están por enriba de todas as accións humanas, e que é tan imposíbel non telos como que xamais poidas volverte indigna de inspiralos!

Estes dous amantes falaron a continuación con algo máis de sangue frío sobre esta catástrofe. Consideraron que lord Granwel era un inimigo moi perigoso e que o partido que se tomaba non serviría máis que para acedalo. Mais non había forma de facelo cambiar, as mulleres non querían escoitar. Williams falou do seu novo amigo e o candor e a tranquilidade destas honestas criaturas eran tales que nunca chegaron a sospeitar que o falso escocés era un axente de milord. Nada máis lonxe, os eloxios que Williams fixo del inspiraron en Henriette o desexo de coñecelo e ela estívolle agradecida por ter feito un bo amigo. Mais abandonemos estes seres respectábeis, que cearon xuntos, consoláronse, adoptaron medidas para o futuro e despedíronse ao final. Deixémolos, digo, un momento para volver co seu perseguidor.

-Polo inferno e todos os demos que o habitan!, dixo milord a Gave, que veu velo ao día seguinte, son indigno da luz do día, meu amigo... Non son máis que un escolar, non son máis que un necio, dígocho eu... Tíñaa entre os meus brazos..., vina ante os meus xeonllos, e non tiven a coraxe de sometela aos meus desexos... Púidome o de ousar humillala... Non é unha muller, meu amigo, é unha porción da mesma divindade, descendida sobre a terra para espertar na miña alma uns sentimentos virtuosos que na miña vida concibín. Deixoume crer que quizabes me podería amar algún día, e eu..., eu, que non podía comprender que o amor dunha muller tivese o máis lixeiro valor no seu goce, renunciei a ese goce seguro por un sentimento imaxinario, que me esgaza e me amola, sen que aínda o conciba.

Gave reprobou enerxicamente a milord. Fíxolle lamentar ter sido o xoguete dunha rapaciña; aseguroulle que quizais non se lle ofrecería unha ocasión semellante durante moito tempo, que agora estarían a velas vir...

-Si, lembrádevos milord, engadiu, haberedes de vos arrepentir pola falta que acabades de cometer, e a vosa indulxencia custaravos caro. Deben, uns choros e uns fermosos ollos, amolecer a un home coma vostede? E recibiredes desta mol situación na que deixastes caer a vosa alma, a dose de voluptuosidade lograda desa apatía estoica da cal xurarades non vos afastar xamais? Arrepentirédesvos da vosa compaixón, dígovolo eu..., pola miña alma que vos arrepentiredes.

-Saberémolo axiña, dixo milord; mañá preséntome sen falta na casa de lady Wateley, estudarei a esa hábil miss, examinareina, Gave, lerei os seus sentimentos na mirada, e se me engana, que trema, non escatimarei enganos para volvela facer caer nas miñas trampas e non terá sempre a arte máxica de fuxir delas como fixo... Canto a ti, Gave, continúa arruinando a ese galopín de Williams; cando apareza o cabaleiro Clark, diríxeo a sir Jacques; advertireille de todo, el aconsellaralle demandar a herdanza que tentan quitarlle, e nosoutros axudarémolo perante os xuíces... Estaremos libres para romper todos eses preparativos se é certo que son amado polo meu anxo, ou para apuralos do xeito máis vivo se a infernal criatura me enganou... Mais repítocho, non son máis que un neno, non me perdoaría xamais a idiotez que fixen... Agocha esta falta aos meus amigos, Gave, disfrázaa coidadosamente; abafaríanme cos reproches e mereceríaos todos.

Separáronse e ao día seguinte, é dicir, o terceiro día despois da aventura na casa da Schmit, Granwel presentouse na casa de lady Wateley con todo o seu luxo e magnificencia.

Nada mudara nas resolucións das mulleres: milord foi rexeitado cruelmente... Insiste, fai dicir que debe falar con lady Stralson e a súa filla dun asunto de suma importancia... respóndenlle que as damas que solicita xa non están aloxadas naquela casa; e retírase furioso. A súa primeira arroutada foi ir na procura de Williams, facerlle valorar o servizo que prestara á súa amada, contando todo como acordara con Henriette na casa da Schmit, esixirlle que o levase a casa de lady Stralson ou cortarse a gorxa xuntos se o seu rival non estaba conforme co seu punto de vista. Pero este proxecto non lle pareceu malvado de abondo. Granwel só quere a miss Stralson... É probábel que ela non participase á súa familia as cousas como lle prometera; só a ela se deben as negativas que sofre, só a ela quere volver atopar e castigar, e só nisto debe traballar.

Por moitas precaucións que un se propuxese tomar na casa de lady Wateley, non se trataba de pecharse, polo que lady Stralson mais a súa filla non reducían os recados que esixían os seu asuntos en Londres, nin mesmo aqueles que só podían satisfacer o seu pracer ou curiosidade. Lady Wateley, con mellor saúde, acompañábaas aos espectáculos; algúns amigos se atopaban alí con elas; Williams acudía ao seu carón. Milord Granwel, sempre ben atendido, non ignoraba ningún dos pasos, e procuraba sacarlle partido a todos, co fin de atopar neles os medios para satisfacer a súa vinganza e os seus culpábeis desexos. Así e todo, transcorre un mes, sen que aínda os poida atopar, e sen que cesase de actuar secretamente por outra parte.

Clark, chegado de Herreford, instruído por sir Jacques, tramaba xa a historia da herdanza apoiado por Granwel e os seus amigos.

Todo isto amolaba ao desgrazado Williams, a quen o suposto capitán O´Donnel, estafándoo cada día, estábao reducindo, por outra parte, a non saber axiña onde pousar a testa. Mais estas manobras entrañaban demasiado tempo para o gusto dos fogosos desexos do lord e devecía coa maior présa unha ocasión máis próxima de humillar á desgrazada Henriette. Quería vela de novo perante os seus xeonllos, quería castigala polas artimañas que empregara con el. Tales eran os funestos proxectos concibidos pola súa maldita cabeza, cando viñeron avisalo de que toda a compaña de Wateley, que non frecuentaba demasiado a alta sociedade dende que os negocios de Williams tomaran un xiro tan nefasto, debía, no entanto, dirixirse ao día seguinte ao teatro de Drury Lane, onde Garrick, que preparaba por aquel entón a súa retirada, debía facer a súa derradeira interpretación en *Hamlet*.

O atroz espírito de Granwel concibe, dende ese momento, o proxecto máis escuro que poida inspirar a perversidade: decídese, nin máis nin menos, a facer deter a miss Stralson na comedia e conducila dende esa mesma tarde a Bridewell[5].

Desprendamos algunha luz sobre ese execrábel designio.

Unha moza, chamada Nancy, cortesá moi célebre, acababa de escapar novamente de Dublín. Despois de ter cometido alí moreas de roubos e, molestar publicamente a varios irlandeses, pasara a Inglaterra, onde, malia que recentemente chegada, xa se declarara culpábel dalgúns delitos. A xustiza, por medio dunha orde de arresto, trataba de detela. Granwel ten coñecemento deste caso, diríxese á comisaría do oficial encargado da orde e, ao ver que este home coñece con imprecisión á moza que debe arrestar, convénceo doadamente de que esa criatura estará pola noite en Drury Lane, no palco onde el sabe que se situará miss Henriette, a cal, grazas a esta estratexia, ao estar pechada en lugar da cortesá que buscan, atoparase á mercé dos seus odiosos proxectos. El presentaríase deseguido para a fianza: se esta infortunada consentía aos seus desexos, estaría libre...; de non asentir, o lord axudaría a escapar a Nancy, fortalecería máis que nunca a idea de que Henriette non era senón aquela aventureira de Dublín e así faría eternas as cadeas da súa desgrazada vítima. A compaña coa que se atopaba miss Stralson apurábao ben pouco mais apoiaríanse na Wateley, que, de feito, só vira a lady Stralson e a súa filla despois de que ambas as dúas estiveran en Londres..., que sabía ben que tiña parentes con ese nome en Herreford mais que podía ter sido enganada sobre as peculiaridades deses parentes; convenceríana doadamente, dicía Granwel, de que cometera o maior erro; e que podería obxectar para defender aquelas mulleres e ceibalas das ordes da xustiza? Só pensan en poñer en marcha este proxecto, deseñado na cabeza de Granwel, confiado a Gave e a sir Jacques que o tentean, que lle dan todas as voltas, e que non lle ven ningún inconveniente. Granwel parte axiña á casa do xuíz de paz encargado do caso de Nancy; asegura que a viu a véspera, e con toda certeza debe estar ese mesmo día en Drury Lane coas honestas mulleres que seduciu e ante as que ousa chamarse muller de condición. O xuíz e o oficial non vacilan; o mesmo día dáse a orde, todo se dispón para deter sen falta, á desgrazada Henriette na comedia.

A terríbel cohorte de Granwel non falta ao encontro desa noite no teatro. Pero, tanto por decencia, como por política, os suxeitos desta infame tropa só debían ser espectadores. O palco énchese: Henriette colócase entre Lady Wateley e a súa nai; detrás delas están Williams e milord Barwill, un amigo de Lady Wateley, membro do parlamento e moi respectado en Londres... A obra remata; lady Wateley quere que se deixe saír a xente.... Semella presentir a desgraza que ameaza aos seus amigos. Mentres tanto, o oficial e mais os seus arqueiros non perden de vista a Henriette; e Granwel, así coma os seus asociados, non perden de vista ao oficial; unha vez disipada a multitude, por fin saen. Williams dálle a man a lady Wateley, lady Stralson camiña soa e Barwill é o escudeiro de Miss Henriette. Á saída dos corredores, o oficial de xustiza avanzou coa man erguida sobre a desafortunada miss, tócaa coa súa variña e ordénalle que o siga. Henriette esvaece; a Wateley e a Stralson caen unha nos brazos da outra, e Barwill, secundado por Williams, detén aos oficiais...

-Enganádesvos, canallas! exclama Barwill; afastádevos ou farei que vos castiguen.

Este cadro arrepía a aqueles que aínda se atopan na sala, observan, circundan... O oficial, amosando a súa orde a Barwill, faille ver por quen toma a Henriette. Nese momento, sir Jacques, asesorado por Granwel, achégase a Barwill.

-Milord, permitídeme facerlle ver, di este trampulleiro, que estará anoxado por tomar partido por esta moza descoñecida para vós. Non dubidedes, milord, de que é a Nancy de Dublín, xurareino se é necesario.

[5] Asilo de mulleres de mala vida.

Barwill que só coñece a este estraño dende hai pouco, achégase á Wateley mentres que Williams auxilia a súa amada.

-Señora, dille, velaí a orde e velaí un señor que eu considero un xentilhome, incapaz de enganar, que asegura a xustiza desta orde e que o oficial non se equivoca; dignádevos explicar todo isto.

-Por todo o máis sagrado que teño, exclama deseguido lady Stralson, esta infortunada é a miña filla, non é a criatura que buscan; dignádevos non abandonarnos, dignádevos servirnos de defensor, convencédevos da verdade, milord, protexédenos, auxiliade a inocencia.

-Retirádevos, pois, di entón Barwill ao oficial, eu respondo desta persoa. Agora mesmo vou levala ao xuíz de paz; ide agardarnos; executaredes alí as novas ordes que recibades; ata ese intre eu sirvo de fianza a Henriette, e a vosa misión está cumprida.

Con estas verbas todo se disipa, o oficial sae polo seu lado, sir Jacques, Granwel e a súa tropa polo outro. E Barwill falando con estas damas:

-Fuxamos axiña, dilles, non sirvamos de espectáculo máis tempo.

Dálle a man a Henriette, ségueno; as tres mulleres e el soben ao seu coche e abondan algúns minutos para levalos á casa do célebre Fielding, xuíz encargado deste caso.

Este maxistrado, ante a palabra de lord Barwill, amigo seu había moito tempo, ante as respostas honestas e inxenuas das tres mulleres, non pode evitar comprender que foi enganado. Para convencerse aínda máis, compara a descrición de Nancy coa propia persoa de Henriette atopando nela diferencias apreciábeis, e colma a estas damas de escusas e de honores. Aquí sepáranse de milord Barwill, a quen lle testemuñan o seu agradecemento, e regresan tranquilamente á súa casa, onde Williams as agardaba.

-Oh meu amigo!, díxolle Henriette ao velo de novo, aínda totalmente emocionada, que poderosos inimigos temos nesta maldita cidade! Oxalá nunca entraramos!

-Non cabe dúbida, dixo Lady Stralson, de que todo isto parte dese pérfido Granwel. Non quixen emitir ningunha das miñas opinións por deferencia, mais cada novo pensamento apóiaas; é imposíbel non sospeitar que sexa ese malvado o que nos amola así por vinganza; e quen sabe, continuou, se non é tamén el o que lle creou a Williams ese novo competidor pola herdanza da súa tía! Apenas si coñecemos o tal cabaleiro Clark; en Herreford ninguén sospeitou dese parentesco; e velaí tes a este home trunfando, protexido por todo Londres e o meu desgrazado Williams a piques de ser arruinado! Non importa, dicía deseguido esta boa e honesta criatura, aínda que se volva máis pobre que Xob, obterá a man da miña filla… Prométocho, meu amigo, prométocho. Williams, soamente ti agradas a esta querida filla e eu só aspiro a súa felicidade.

E Henriette, co seu amado, botábase en bágoas nos brazos de lady Stralson; ambos os dous abafábana coas mostras do seu agradecemento.

Williams sentíase culpábel mais non ousaba confesalo. Engaiolado por Gave, que adoptara o nome do capitán O´Donnel, perdera, ben por este falso amigo, ben polas compañas que lle presentara, case todos os cartos que trouxera a Londres. Ao non ver ningunha relación entre Granwel e o capitán escocés, lonxe estaba e sospeitar que este debera ser o axente do outro… El calaba, suspiraba en silencio, recibía con confusión os sinais de tenrura de Henriette e da súa nai e non se atrevía a confesar as súas faltas; esperaba sempre que un momento máis afortunado talvez o volvese levar á súa pequena fortuna; mais se este momento non chegaba, se, por outra banda, Clark gañaba o proceso, Williams…, o desgrazado Williams, indigno das vontades que o abafaban, está decidido a todo antes de enganalas.

Canto a Granwel, non fai falla describir a súa ira, concíbese sen ningún esforzo.

-Non é unha muller, repetía arreo aos seus amigos, é un ser que esta por enriba do humano… Ah! Por moitas conspiracións que forme en contra dela, ceibarase sempre…. Que continúe así…, aconséllollo… Se a miña estrela tomase ascendente sobre a dela, pagaría caro o seu infame engano.

Mentres tanto, estaban tomadas todas as medidas para a ruína do desgrazado Williams, aínda con máis arte e inminencia que nunca; o proceso pola sucesión estaba a piques de ser xulgado, e Granwel non escatimaba atencións, nin xestións para os intereses do cabaleiro Clark, o cal, non tratando nunca máis que con Sir Jacques, non sospeitaba tan sequera cal era a man que o apoiaba tan poderosamente.

Ao día seguinte do incidente en Drury Lane, Granwel foi escusarse pola equivocación á casa de Fielding. Fíxoo con tanta boa fe que o xuíz non pareceu senón agradecerllo, e o canalla saíu de alí para inventar máis enganos, cuxo éxito menos desafortunado puidese por fin facer vir abaixo o obxecto infortunado da súa idolatría.

A ocasión non tardou en aparecer. Lady Wateley posuía unha finca bastante bonita entre Newmarket e Hosden, ao redor de quince millas de distancia de Londres. Pensou en levar alí á súa nova parente para distraela algo das escuras preocupacións que comezaban a desacougala. Granwel, ao tanto de todos os pasos da súa amada, informouse do día fixado para a partida; debían pasar oito días nese terreo e regresar o noveno á tardiña. Disfrázase, leva consigo unha ducia deses malvados que deambulan por Londres, que se poden converter en satélites do primeiro que aparece por algunhas guineas, e sae coma unha chispa ao fronte destes bandidos a agardar pola carroza de Lady Wateley, na esquina dunha fraga algo afastada de Newmarket, famosa polos asasinatos que nela se cometen diariamente, e que había que cruzar ao regresar. O coche pasa, é detido… escachan as rendas… os criados son golpeados… os cabalos foxen…. as mulleres esvaecen… Miss Stralson é levada, sen coñecemento, a un coche a dous pasos de alí. O seu raptor monta con ela, os vigorosos corceis bótanse a galope e chegan a Londres. O lord, que aínda no se dá a coñecer a Henriette e que non lle dixo unha palabra durante o camiño, entra axiña na mansión coa súa presa. Apouséntaa nunha habitación afastada, despídese da súa xente…, e desenmascárase.

-Eh ben pérfida! di entón enfurecido, recoñeces aquel que ousaches traizoar impunemente?

-Si, milord, recoñézovos, reponde con afouteza Henriette. Cando me acaece unha desgraza, acaso é posíbel non nomearvos inmediatamente? Vós sodes a única causa de todas as que estou a sufrir, o voso único encanto é o de amolarme. Aínda que fose a vosa inimiga máis mortal, non actuariades de xeito diferente.

-Muller cruel, acaso non sodes vós a que facedes de min o máis infortunado dos homes, tendo abusado da miña boa fe? E coa vosa infame dobrez, non me convertestes por completo na vítima dos sentimentos que tiña concibidos por vós?

-Críavos máis xusto milord, eu imaxinaba que antes de condenar á xente, dignabádesvos polo menos a escoitala.

-Deixarme atrapar unha segunda vez nos teus condenábeis artificios… eu?

-Desgrazada Henriette! Serás, pois, castigada por exceso de franqueza e credulidade e este será o único home que viches no mundo que será a causa de todas as catástrofes da túa vida!

-Que queredes dicir, miss? Explicádevos. Quero escoitar outra vez a vosa xustificación mais non vos xactedes de enganarme…, non imaxinedes enganar este amor fatal que moito me fai arroibarme, sen dúbida… Non, miss non me induciredes máis ao erro… Xa non me interesades. Henriette, agora véxovos con sangue frío e ós únicos desexos que alumades en min son os do crime e a vinganza.

-A modo, milord, acusádesme con demasiada lixeireza; unha muller que vos enganase, recibiríavos, prolongaría a vosa esperanza, tentaría desarmarvos, e coa arte que me presupoñedes, tería trunfado… Examinade a conduta diferente que eu mantiven…, distinguide o motivo e condenádeme se vos atrevedes.

-Como…! Na nosa última conversa, deixástesme crer que eu non vos son indiferente, convidástesme á vosa casa… Aplácome a ese prezo…, é baixo esa condición que a delicadeza substitúe no meu corazón os sentimentos que eu vos vexo censurar…, cando eu fago todo para compracervos, cando sacrifico todo por conseguir un corazón… cuxa posesión me sería inútil, se só escoitara os meus desexos, a recompensa é ver pechar a vosa porta! Non, non, pérfida, non esperedes fuxir de min de novo…, non o esperedes, miss, os vosos intentos serán en balde.

-Facede de min o que queirades, milord, estou nas vosas mans… (e derramando involuntariamente algunhas bágoas), obtédesme, sen dúbida, a expensas dos días da miña nai… Non me importa, dígovos que fagades de min o que queirades, non quero empregar ningún medio de defensa… Mais se fose posíbel que escoitarades a verdade, sen acusala de mentira, preguntaríavos milord, se as negativas que recibistes non son probas verdadeiras da confesión que fixen dos sentimentos que me inspirabades, e do temor que provocaron polo seu poder sobre min… habería necesidade de excluírvos se non se vos temera? E temeríanvos se eu non confesara publicamente o que sentía por vós? Vingádevos milord, vingádevos, castigádeme por entregarme demasiado a este erro encantador… Merezo toda a vosa cólera, nunca faredes os seus efectos notorios de abondo nin nunca chegarán lonxe de abondo.

-Pois ben! dixo Granwel, nunha incríbel axitación, non tiña previsto que esta astuta criatura tentara atraparme de novo! Oh, non, non! Vostede xa non ten máis culpas miss, son eu o que as teño todas, son eu o único culpábel, tócame a min ser castigado; era con toda certeza un monstro xa que puiden conspirar contra aquela que me adoraba no fondo da súa alma… Non o vía, miss, ignorábao… perdoádello á extrema humildade do meu carácter; como podía concibir o orgullo de ser amado por unha muller coma vós?

-Tede a ben que vos diga, milord, que nin vostede nin eu estamos en momento de escarnio ou de bromas: vostede fai de min a máis desgrazada das mulleres e eu o que menos desexaba era que vostede fora o máis infortunado dos homes. Iso é todo o que teño que dicirvos, milord; é tan sinxelo que non o credes. Permitídeme ter pola miña parte orgullo bastante, por moi humillada que estea, para non tentar convencervos. Bastante cruel é para min arroibarme da miña falta ante a miña familia e os meus amigos, sen estar obrigada a chorala aínda ante aquel que ma fixo cometer… Non creades nada do que vos digo, milord: engánovos en todo, son a máis falsa das mulleres, non vos debe ser permitido que me vexades doutro xeito… Non me creades, insisto…

-Mais miss, se fose certo que os vosos sentimentos son como os que semellades porfiar, quen vos impedía escribirme cando podiades verme? Non debiades supoñerme moi inquedo ante a negativa que sufrira?

-Eu non dependo de min mesma, milord, non esquezades xamais esta circunstancia, e estaredes de acordo en que unha moza da miña idade, cuxos sentimentos responden á bondade da educación, non debe senón loitar por afogar no seu corazón todo canto desaproba a súa familia.

-E arestora que xa non dependedes máis desa bárbara familia, que tanto se opoñía aos vosos votos como aos meus, consentiriades concederme a man agora mesmo?

-Eu? Cando a miña nai quizais expira e son as vosas actuacións as que ma arrebatan? Ah! Permitide non preocuparme máis que daquela a quen lle debo a luz do día, antes de ocuparme da miña felicidade.

-Estade tranquila por iso, miss; a vosa nai está segura, está na casa de Lady Wateley, e as dúas están tan sas coma vós. A orde de socórrellas tan axiña coma vostede fora raptada foi executada aínda con máis intelixencia que a de poñervos no meu poder; que ese asunto non vos cause ningunha sorte de preocupación, que non enturbe en nada a resposta decisiva que vos rogo me deades. Aceptades a miña man ou non a aceptades?

-Nin pensedes que vou decidir sobre algo así sen o consentimento da miña nai. Non é a vosa amante, milord, o que eu quero ser. É a vosa muller; converteríame lexitimamente se, dependendo da miña familia, caso convosco sen o seu consentimento?

-Mais, miss, non vos decatades de que eu son dono da vosa persoa e que non lle corresponde ao escravo querer impoñer condicións?

-Oh, milord! Daquela non casarei convosco… Non quero ser a escrava daquel que ha de elixir o meu corazón.

-Criatura fachendosa, non conseguirei humillarte xamais!

-E que pracer obteriades nun trunfo conseguido a conta dunha escrava? Entón só o que se debe á violencia, pode afagar o amor propio?

-Non sempre é certo que ese pracer, tan gabado, é tan precioso como imaxinan as mulleres.

-Deixade esa dureza de principios, milord a aqueles que non están feitos para merecer os corazóns que eles pretenden domar; esas aborrecíbeis máximas non están feitas para vós.

-Mais ese Williams, miss…, ese Williams…, quixera que todas as desgrazas coas que a natureza pode esmagar aos homes se xuntaran sobre a testa dese malvado.

-Non chamedes así ao máis honesto dos homes.

-El arrebátame o voso corazón, el é a causa de todo, sei que o amades.

-Xa vos respondín sobre este asunto e continuarei dicíndovos a mesma cousa: Williams ámame, iso é todo. Ah milord! Non teñades nunca nada que combata máis perigosamente os vosos proxectos e non seredes tan desgrazado como imaxinades.

-Non sedutora, non, non te creo (e turbándose)… Vamos, miss, preparádevos, xa vos dei todo o tempo de reflexión; de sobra debedes saber que non vos trouxen aquí para ser outra vez a vosa vítima. Cómpre que esta noite sexades ou a miña muller…, ou a miña amante…

E, nese mesmo intre, agárraa con dureza polo brazo e arrástraa cara ao altar impío onde o bárbaro quere sacrificala.

-Unha palabra, milord…, di Henriette reprimindo as bágoas e resistindo con todas as súas forzas ás tentativas de Granwel, unha soa palabra, suplícovolo… Que esperades do crime que ides cometer?

-Todos os praceres que me poida achegar.

-Tan só os coñeceredes un día, milord: mañá xa non serei nin a vosa escrava, nin a vosa amante, maña só teredes ante os vosos ollos o cadáver daquela que deshonrastes… Oh Granwel! Non coñecedes o meu carácter, descoñecedes ata que excesos pode levarme. Podedes, pois, se é certo que tedes por min o máis lixeiro sentimento, mercar o desgrazado goce dun carto de hora polo prezo da miña perda? Eses mesmos praceres que vostede quere arrincar eu ofrézovolos; por que non queredes obtelos do meu corazón?... Home xusto e sensíbel, prosegue, medio inclinada, tendendo as man unidas cara ao seu tirano, deixádevos amolecer polos meus choros**…,** que os berros da miña desesperación cheguen unha vez máis á vosa alma, non vos arrepentiredes de escoitalos. Oh milord! Vede diante vosa, en actitude suplicante, aquela que poñía toda a súa gloria en encadearvos un día aos seus pés. Queredes que sexa a vosa muller? Pois ben! Védeme coma tal, e, baixo ese título, non deshonredes aquela cuxo destino está tan

unido ao voso… Devolvede Henriette á súa nai, ela suplícavolo e ela pagará a súa boa acción cos sentimentos máis vivos e ardentes.

Mais Granwel xa non a miraba; paseaba a grandes pasos pola habitación…, afervoado de amor…., atormentado pola sede de gozar…, devorado pola vinganza, vencido pola compaixón que aquela doce voz, que aquela atractiva situación, que aqueles choros que corrían a mares, excitaban, a pesar seu, na súa alma e que nacían do seu amor… Unhas veces disposto a tomala, outras queréndoa perdoar, era imposíbel dicir a cal deses dous arrebatos se ía a entregar, cando Henriette captando a súa turbación:

-Vide, milord, dille, vide ver se desexo enganarvos; levádeme vos mesmo á casa da miña nai, vide pedirlle a miña man e veredes se me prestarei aos vosos desexos.

-Incomprensíbel rapaza, dixo o lord, pois ben!... si ben! Cedo ante ti unha segunda vez; mais se por degraza me enganas outra vez, non hai ningunha forza humana que te poida ceibar dos efectos da miña vinganza… Lembra que será terríbel…, que custará o sangue dos obxectos que che serán máis queridos, e que non haberá un só, de todos cantos te rodean, que a miña man non inmole ante os teus pés.

-Sométome a todo, milord, partamos, non me deixedes máis tempo co desacougo que sinto por mor da miña nai; só falta o seu consentimento para a miña felicidade…, vela sen perigo… e os vosos desexos realizaranse decontado.

Milord pide os seus cabalos.

-Eu non vos acompañarei, dixo a Henriette; non debo escoller este momento para aparecer ante os vosos amigos; xa vedes que confianza teño. Mañá, xusto ás doce, un coche irá buscar á vosa nai e a vós da miña parte; chegaredes á miña casa, seredes recibidas pola miña familia, os notarios estarán alí, convertereime no voso esposo ese mesmo día. Mais se sinto de novo, por parte dos vosos parentes ou de vós, a aparencia do máis mínimo rexeitamento, non o esquezades, miss, non teredes en Londres un inimigo máis mortal ca min… Partide, o coche agárdavos, nin sequera quero conducirvos a el… Non sería quen de abandonar tan cedo as miradas cuxos efectos son tan singulares no meu corazón, que nel atopo ao mesmo tempo todo o que determina ao crime e todo o que leva a virtude.

Henriette, cando retornou, atopou toda a casa en alarma; lady Stralson estaba ferida na cabeza e no brazo; a súa prima Wateley gardaba cama por mor do terríbel susto que sufrira; dous criados case foran machucados no lugar. Malia todo, Granwel non mentira en nada: no momento despois da súa partida, a mesma xente que atacou a carroza converteuse na defensora; reatraparon os cabalos, axudaron ás mulleres a volver montar no coche e escoltáronas ata as portas de Londres.

Lady Stralson choraba con moita máis amargura a perda da súa filla que as dores momentáneas que sufría. Era imposíbel consolala e íanse decidir medidas máis serias cando apareceu Henriette e se arrebolou ao seo da súa nai. Unha palabra esclareceu todo, máis non puxo ao corrente de nada a lady Wateley, que non dubidara que fora o pérfido lord o único autor daqueles novos desastres. Miss Stralson deu conta do que pasara, e non fixo senón preocupar máis. Se se aceptaba a invitación, xa non poderían recuar: tiña que converterse na muller de Granwel ao día seguinte…pero que inimigo non terían na súa contra se faltaban?

No medio desta terríbel perplexidade, Lady Stralson quería regresar no acto a Herreford; mais por moi excesivo que fora este plan, quedarían esta desgrazada nai e a súa filla ao abeiro, fronte un home rabioso que xuraba perseguila a unha e mais a outra ata o fin do mundo se lle faltaban á palabra? Queixarse…, empregar potentes proteccións, convertíase nun medio máis seguro? A súa posta en marcha non faría senón acedar mil veces máis un home cuxas paixóns eran terríbeis e a vinganza temíbel. Lady

Wateley decantábase polo matrimonio; era difícil que miss Henriette atopase un mellor, un lord da máis alta condición…, bens inmensos… E, co ascendente que ela tiña sobre el, non debía convencer a Henriette de que faría o que quixese toda a súa vida?

Mais o corazón de miss Stralson estaba moi lonxe dese partido; todo o que ela experimentaba, entregándollo ao seu amante máis querido, non servía senón para facer detestar máis ao home horríbel que se asañaba con ela. Asegurou que prefería a morte ás proposicións de lady Wateley e que a terríbel necesidade que tivera de finxir con lord Granwel facíao aínda máis odioso. Decidiron, pois, deixarse levar, recibir o lord con cortesía e continuar a nutrir as súas chamas mediante a esperanza, mentres que, por outra parte, extinguiríanas a forza de demoras; rematar, durante ese tempo, os asuntos que tiña en Londres, casar en segredo con Williams e regresar un bo día a Herreford sen que Granwel puidese desconfiar. Unha vez alí, se ese home perigoso proseguía os seus pasos, dirixidos contra unha muller baixo o poder dun marido, aqueles adquirirían un xénero de gravidade que garantía a lady Stralson e a súa filla a protección das leis. Mais convíñalle este partido? Un home tan fogoso como Granwel, enganado xa dúas veces, non tería fundamentos para crer que se afanaban para que o fora unha terceira? E nese caso, moito tiñan que temer. Porén, estas reflexións non se lle ocorrían ás amigas de Henriette; ativéronse ao proxecto adoptado, e, ao día seguinte, a miss escribía a seu perseguidor que o estado de saúde da súa nai non lle permitía poder levar a cabo a promesa que fixera; suplicaba encarecidamente ao lord que non se enfadase senón que viñese consolala pola mágoa que sentía por non poder cumprir a súa palabra e pola tristeza que a acoraba xunto a unha nai enferma.

A primeira arroutada de Granwel foi de despeito.

-Velaquí estou outra vez enganado!, exclamou, outra vez a vítima desta falsa criatura!... E fun o seu dono… e puiden obrigala aos meus desexos… facela escrava da miña vontade!... Deixeina vencer…, a pérfida…, fuxe de min outra vez… Mais vexamos que quere…, vexamos se realmente o estado da súa nai lle pode servir de escusa lexítima.

Granwel chega á casa de lady Wateley, e sen confesarse, como doadamente imaxinamos, autor das catástrofes da véspera, convén soamente que se lle informou delas, e que o interese que era imposíbel non tomar por lady Stralson, dende que tivo a dita de coñecela, lle facía apresurarse cara a ela para informarse do seu estado de saúde e do das persoas queridas para ela. Aceptan esta posta en escena e séguenlle a corrente. Ao cabo dun momento, Granwel leva a Henriette aparte; pregúntalle se cre que aquela lixeira indisposición da súa nai interpoñerá grandes obstáculos á felicidade de pertencerlle e se podería, malia os contratempos, aventurar algunhas proposicións. Henriette cálmao, prégalle que non se desacougue; dille que, pese a que as súas amigan finxen, non están menos convencidas de que sexa o único autor de todo o que sufriron a véspera, e que, xa que logo, non é un bo momento para emprender un negociación así.

-Non é xa moito, continuou, que nos permitan vernos? E acusarédesme outra vez de enganarvos, cando veño de abrirvos para sempre a porta dunha casa que vostede ateiga de amargura e loito?

Mais milord, que nunca cría que se fixese algo por el en tanto que os seus desexos non fosen satisfeitos, só respondeu balbucindo e dixo a miss Stralson que lle concedía outra vez vinte e catro horas, e que ao seu termo, quería saber con firmeza a que aterse. Por fin remata a visita, e ese pequeno momento de repouso vainos volver a levar a Williams, a quen todo isto nolo fixo perder de vista.

Cos coidados criminais de Granwel e de Gave era difícil que os asuntos deste pobre mozo estivesen peor do que estaban. En poucos días a causa ía ser xulgada e o cabaleiro Clark, apoiado por toda a cidade de Londres, víase xa, non sen fundamento, como o

único herdeiro dos bens que Williams contaba ofrecer coa súa man á amábel Henriette. Granwel non negaba nada do que puidese facer tornar este xuízo en prol dos seus desexos; aquela artimaña, que nun principio só era accesoria, convertíase agora en algo do cal agardaba todo o éxito das súas operacións. Decidiríase Henriette a desposar o tal Williams se quedaba completamente arruinado? Mesmo supoñendo que a súa delicadeza a obrigase a iso, podería consentilo a súa nai? Malia todo o que Granwel sabía de miss Stralson pola súa última entrevista, era imposíbel que aquel sedutor non tivera recoñecido, nas palabras da que amaba, máis política e precaución que tenrura e verdade. Por outra banda, os seus espías informábano e non podía dubidar de que os dous mozos continuaban a verse. Decidiuse pois a apurar a ruína de Williams, tanto para enfastiar ás Stralson como para obter con esta catástrofe un último medio de volver a poñer a Henriette nas súas mans… das cales xuraba que xa non escaparía máis.

Canto ao capitán O´Donnel, despois de ter sacado de Williams canto puido, abandonouno cruelmente e retirouse á casa de Granwel, da cal saía moi pouco por temor a ser recoñecido. O seu protector esixíralle esta precaución ata o desenlace de toda esta intriga, que, segundo o lord, non debía tardar moitos días.

Namentres, Williams, reducido ás catro derradeiras guineas, sen ter sequera con que facer fronte aos gastos do proceso que tiña por diante, decidiu ir confesar as súas faltas ante os pés da boa Stralson e a súa adorábel filla. Alí se dirixía cando os últimos lampos do lóstrego suspendido sobre a súa cabeza caeron de súpeto. O seu asunto xúlgase, recoñécese a relación de Clark coa parente cuxa herdanza se litiga, en dous grados máis próximos que Williams, e este desgrazado mozo vese privado asemade da pouca fortuna presente que gozaba, e da que podía esperar un día. Aniquilado pola morea de vicisitudes, incapaz de soportar o arrepío da súa situación, está disposto de arrincarse a vida mais elle imposíbel atentar contra os seus días sen ver por derradeira vez o único ser que os fai queridos. Vai lixeiro á casa de lady Wateley, sabía que alí vían a lord Granwel, coñecía os motivos, e por moita preocupación que lle provocasen, non ousaba, así e todo, desaprobalos; era el quen de ditar leis na fatal posición en que se atopaba? Acordaran, segundo a política que guiaba os pasos actuais, non recibir nunca a Williams senón en segredo. Chegou, pois, de noite, nun momento no que estaban seguros de que Granwel non aparecería. Aínda non se sabía nada sobre a perda do seu preito; participáo e une ao mesmo tempo a terríbel nova das súas desgrazas no xogo.

-Oh miña querida Henriette!, exclama botándose ao pés da que adora, douvos os meus derradeiros adeuses, veño desprendervos dos vosos vencellos, e romper tamén os da miña vida. Tratade con consideración ao meu rival, miss, e non lle neguedes a vosa man; só el pode conseguir a vosa ledicia no presente; os meus erros e os meus reveses xa non me permiten ser voso. Convertédevos na esposa do meu rival, Henriette, é o voso mellor amigo quen volo suplica; esquecede para sempre un desgrazado só é digno da vosa piedade.

-Williams, dixo Henriette erguendo o seu amado, e achegándoo a ela, oh ti a quen eu xamais cesei de adorar un intre, como puideches crer que os meus sentimentos dependen das fantasías da fortuna? E que inxusta criatura non sería, pois, se cesase de amarte polas imprudencias ou as desgrazas? Acaso cres, Williams, que a miña nai tamén te vai abandonar. Eu encárgome de facerlle saber todo o que che acontece, quero aforrarche o pesar de confesarllo; mais respóndeme pola túa vida, xúrame, Williams, que mentres que esteas seguro do corazón de Henriette, ningunha desgraza poderá obrigarche a cortar o fío dos teus días.

-Oh adorada amada! Fago xuramento ante os teus xeonllos, que teño máis sagrado que o teu amor? Que desgraza podo temer, sempre querido pola miña Henriette? Si, vivirei xa que ti me amas mais, non me esixas desposarte, non deixes xuntar a túa sorte

coa dun miserábel que xa non está feito para ti; convértete na muller do lord; se o sei con pesar, vereino polo menos sen celos, e o esplendor que este home poderoso te fará deleitar consolárame, se é posíbel, de non ter podido aspirar á mesma felicidade.

A tenra Henriette non escoitaba estas verbas sen verter bágoas; repugnábanlle ata tal punto que non puido deixalas rematar.

-Home inxusto!, exclamou agarrando a man de Williams, pode existir a miña felicidade sen a túa? E serías ti feliz se eu estivese nos brazos doutro? Non meu amigo, non, xamais te abandonarei; ademais agora teño unha débeda que satisfacer…., a que o teu infortunio me impón. Só o amor me encadeaba a ti outrora, a el estou atada polo deber arestora… Déboche consolos, Williams; os de quen quererías se non fosen os da túa Henriette? Non lle corresponde á miña man enxugar as túas bágoas? Por que queres privarme deste goce? Desposándome coa fortuna que che debía pertencer, non me deberías nada, meu amigo, e eu únote agora a min cos vencellos do amor e cos tenros nós da gratitude.

Williams rega coas súas bágoas as mans da súa amada, e o exceso de sentimento que o envolve impídelle atopar expresións que poidan describir o que sinte. Lady Stralson aparece cando o nosos dous amantes, abatidos, o un nos brazos do outro, fan pasar mutuamente á súa alma o lume divino que os consume; a súa filla faille saber o que Williams non se atreve a dicir e remata a exposición pedíndolle a súa nai a graza de non cambiar nada das disposicións que sempre adoptou.

-Vén, meu querido, dixo a boa Stralson despois de coñecer todo, vén, dixo ela, botando os brazos arredor do pescozo de Williams, quixémoste rico, quererémoste pobre aínda máis. Non esquezas nunca a dúas boas amigas, e deixa a elas o coidado de consolarte… Cometiches un erro, meu amigo…, es novo…, non tes ataduras, xa non cometerás máis cando sexas o esposo da que amas.

Deixamos no silencio as expresións de tenrura de Williams. O que teña o seu corazón, sentíraas sen que sexa preciso dicirllas e para as almas frías, escusamos describir nada.

-Oh miña querida filla, proseguiu lady Stralson, como temo que en todo isto haxa novos enganos dese terríbel home que nos atormenta! Ese capitán escocés que arruína en tan pouco tempo ao noso bo Williams…, ese cabaleiro Clark a quen nunca tomamos por parente da tía deste querido amigo, todo iso son tramas dese home pérfido… Ah! Oxalá nunca viñesemos a Londres! Hai que deixar esta cidade perigosa, miña filla, hai que afastarse dela para sempre.

Non resulta difícil concibir que Henriette e Williams adoptasen este designio con gozo. Fixaron, pois, o día, decidiron que partirían pasados dous días, mais que todo se faría cun misterio tal que nin tan sequera os criados de lady Wateley puidesen saber algo. E, admitidos estes proxectos por unha e polas outras partes, Williams quixo saír para prepararse para a súa execución. A miss deteno.

-Non pensas ti, pois, meu amigo, díxolle entregándolle unha bolsa chea de ouro, non pensas ti que me confiaches o triste estado das túas finanzas, que só a min me corresponde poñelas en orde?

-Oh, miss que xenerosidade!

-Williams, dixo lady Stralson, ela faime ver os meus erros… Toma, meu amigo, toma, hoxe déixoa gozar deste pracer mais a condición que non mo arrebate máis…

E Williams con bágoas, cheo de gratitude, sae dicindo:

-Se pode existir algunha felicidade para min non mundo, abofé que está no seo desta honrada familia. Cometín unha falta…, sufrín un terríbel revés…, son novo, o servizo militar ofréceme recursos…, tentarei que os meus fillos non poidan decatarse de todo isto; estas prendas prezadas do amor da que adoro constituirán para sempre a única

ocupación da miña vida, e loitarei tan ben pola fortuna que non lamentarán as miñas desgrazas.

Milord Granwel veu ao día seguinte visitar á súa amada. Contíñase como facían habitualmente, mais, demasiado hábil para non discernir algunhas variacións na conduta da miss e da súa nai, demasiado vivo para non atribuílas á revolución da fortuna de Williams informouse. Aínda que gardaran o misterio sobre a partida proxectada e sobre as últimas visitas de Williams, era imposíbel que algo non translucise e que, Granwel, tan marabillosamente servido polos seus espías, puidera estar moito sen sabelo todo.

-Eh ben! dixo a Gave unha vez que lle foron achegadas as últimas informacións, aquí me tes outra vez a vítima desta panda de traidores! E a pérfida Henriette, namentres me entretén, non pensa máis que en coroar ao meu rival… Falso e enganoso sexo, non teñen motivos para aldraxarte e desprezarte despois? E non xustificas cada día cos teus erros todos os reproches inventados contra ti?... Oh Gave! Oh, meu amigo! Non sabe a quen ofende, a ingrata; quero vingar sobre ela soa a todo ao meu sexo, quero facerlle chorar bágoas de sangue, polas súas faltas e as de todos o seres que se lle asemellan… Nos tratos que tiveches con ese canalla de Williams, Gave, fixécheste coa súa escritura?

-Velaquí a ten.

-Dáma … Ben… Leva axiña esta carta a Johnson, ese pillabán que ten a arte de imitar tan ben todas as escrituras; que imite esta no acto; que transcriba, cos carácteres de Williams as liñas que che vou ditar.

Gave escribe, leva a carta; Johnson cópiaa e, a véspera da saída de miss Henriette, esta recibe sobre as sete da tarde a carta que imos ler da man dun home que lle asegura que é de Williams, e que este desgrazado amante agarda a súa resposta coa máis viva impaciencia.

Están a piques de determe a causa dunha débeda moito maior que todos os cartos que eu poida ter; é certo que poderosos inimigos entremétense en todo; probabelmente apenas teña tempo de abrazarvos unha última vez; agardo esa felicidade e os vosos consellos; vide soa consolar un intre, na esquina dos xardíns de Kensington ao desgrazado Williams, disposto a morrer de dor se lle negades esta graza.

Henriette séntese apesarada tras ler esta carta, e, no temor de que tanta imprudencia arrefríe finalmente as bondades da súa nai, decídese a agocharlle esta nova catástrofe, a fornecerse dos máximos cartos posíbeis e partir pitando no auxilio de Williams… Por un intre pensou no perigo de saír a unha hora así… mais, que podía temer do lord? Ela críao perfectamente a vítima das mentiras da súa nai e da súa amiga, lady Wateley; estas dúas mulleres non cesarán de recibilo. O propio Granwel xamais semellara máis tranquilo… Daquela, que podía temer? Talvez actuara contra Williams, talvez era el outra vez a causa deste novo revés; mais o desexo de danar a un rival que un non cesa de temer non é unha razón para atentar outra vez contra a liberdade daquela da que debe estar seguro.

Fébel e desgrazada Henriette, así eran as túas tolas cábalas! O amor que chas suxería, lexitimábaas todas, non pensabas que o veo nunca está tan tupido sobre os ollos dos amantes como cando o precipicio está a piques se abrirse baixo os seus pasos… Miss Stralson envía buscar portadores e diríxese ao lugar indicado… A cadeira detense…, ábrena…

-Miss, díxolle Granwel, dándolle a man para saír dela, non me agardabades aquí, estou seguro. Por primeira vez ides dicir que a calamidade da vosa vida se ofrece en todo instante aos vosos ollos…

Henriette berra, quere soltarse e fuxir…

-A modo, fermoso anxo, a modo! dixo Granwel apuntándolle no seo co canón dunha pistola, e facéndolle ver que está rodeada, non esperedes escaparme, miss, non, non o esperedes… Estou farto se der a vosa vítima… teño que vingarme… Silencio pois ou non respondo da vosa vida…

Miss Henriette privada do uso dos seus sentidos, é levada a unha cadeira de posta, Granwel sube con ela e sen deterse un minuto chegan ao norte de Inglaterra, a un vasto castelo illado que Granwel posuía nas fronteiras con Escocia.

Gave quedaba no pazo do lord; era o encargado de observar e dar exactamente, por medio de correos rápidos, as novas precisas do que acontecería en Londres.

Dúas horas despois da saída da súa filla, lady Stralson decátase de que saíu; confiada coa conduta de Henriette, nun principio non se preocupa; mais cando escoita dar as dez, estarrece e desconfía de novas trampas… Vai coma un raio xunto a Williams…, pregúntalle, tremendo, se viu a Henriette… Ante as respostas deste desgrazado amante aínda se asusta máis. Dille a Williams que a agarde e fai que a leven a casa de Granwel… Respóndenlle que está enfermo… Ela fai dicir quen é, moi segura que baixo ese nome o lord bebe deixala entrar. A mesma resposta; as súas sospeitas multiplícanse; volve xunto Williams e os dous, horribelmente conmocionados, van decontado na procura do primeiro ministro, que saben que é parente de Granwel. Cóntanlle a súa desgraza, asegúranlle que aquel que a amola tan cruelmente a súa vida, aquel que é a única causa de todo o que lles acontece, que, nunha palabra, o raptor da filla dunha e da amada do outro, non é outro máis que lord Granwel…

-Granwel!, dixo o ministro abraiado… mais sabedes que é o meu amigo… o meu parente e aínda que lle atribúa algunha lixeireza considéroo, así e todo, incapaz dunha barbaridade?

-É el milord, responde esta nai apesarada, facede que pescuden e veredes se vos mentimos.

Diríxense deseguido ao pazo do lord. Gave non atrevéndose a mentir aos emisarios do primeiro ministro, fai dicir que Granwel partiu dar unha volta polos seus bens. Esta información, unida ás sospeitas e ás queixas da nai de Henriette abre, á fin, os ollos do ministro.

-Señora, dixo a lady Stralson, ide a casa tranquilizarvos co voso amigo, eu vou actuar; estade segura que non descoidarei nada de canto poderá devolvervos o que perdestes e restablecer o honor da familia.

Mais todos estes pasos levaran tempo; o ministro non quixera emprender xuridicamente nada sen ter recibido previamente os consellos do rei, ao cal Granwel estaba ligado polo seu cargo. Estas demoras deran a Gave a facilidade de facer chegar un correo ao castelo do seu amigo e isto tivo como resultado que os sucesos que nos quedan por contar puidesen levarse a cabo sen obstáculos.

Granwel, ao chegar a súa propiedade, a forza de calmar a Henriette conseguiu que esta repousase un pouco; pero tivera o coidado de poñela nunha habitación da cal lle era imposíbel evadirse. Por moi poucas ganas que miss Stralson tivese de durmir nese cruel estado, bastante conforme por poder estar algunhas horas tranquila, aínda non fixera ningún tipo de ruído que puidera facer sospeitar que estaba esperta, cando o correo de Gave chegou. Dende ese momento o lord decatouse de que se tiña ganas de trunfar, cumpría alixeirar os pasos. Todo o que podía detelos dáballe igual. Por moi criminal que puidese ser, estaba decidido a todo con tal de vingarse e gozar da súa vítima. O peor que pode pasar, dicíase, será desposala, e aparecer en Londres co título de marido seu, pero na situación na que estaba todo, e despois do que acababa de saber mercé ao correo de Gave, soubo que non habería tempo a nada se non calmaba ao intre a treboada que se

formaba na súa cabeza. Pensou que para conseguilo, comprían dúas cousas: tranquilizar a lady Stralson e asegurarse de Williams. Unha artimaña abominábel, un crime máis odioso aínda, acabaría cos dous, e Granwel, que nada escatimaba cando trataba de saciar os seus desexos, así que concibe estes horríbeis proxectos, non pensa máis que na súa execución.

Fai agardar ao mensaxeiro e preséntase ante Henriette. Comeza coas proposicións máis insultantes, e, como decote, Henriette elúdeas a base de artificios. Era o que quería Granwel, só pedía facerlle empregar toda a súa sedución co fin de aparentar sucumbir ante ela outra vez e atrapala nas mesmas trampas que ela adoitaba usar contra el. Non hai nada que miss Stralson non faga para botar abaixo os proxectos que milord anuncia: choros, súplicas, amor, todo se expón indistintamente, e Granwel despois de moitos combates, aparentando, á fin, renderse, cae el mesmo con perfidia aos xeonllos de Henriette.

-Cruel rapaza, díxolle, regando as súas mans coas finxidas bágoas do seu arrepentimento, o teu ascendente é demasiado notorio, trunfas arreo, e eu por fin me rindo para sempre… Está feito, miss, xa non atoparedes en min ao voso perseguidor, xa non veredes máis que ao voso amigo. Máis xeneroso do que pensades, quero ser quen, xunto a vós, dos últimos esforzos da coraxe e da virtude. Vedes todo o que tería dereito a esixir, todo o que podería pedir no nome do amor, todo o que podería obter por medio da violencia. Pois ben, Henriette, renuncio a todo! Si quero obrigarvos a estimarme, a botarme en falta, talvez, algún día… Sabede miss, que eu nunca fun a vosa vítima. Por moito que finxades, amades a Williams… Miss é da miña man da que ides recibilo… Conseguirei a ese prezo o perdón por todos os males que vos fixen sufrir? Entregándovos a Williams, reparando, coa miña propia fortuna, as vicisitudes que a súa acaba de sufrir, obterei algúns dereitos sobre o corazón da miña querida Henriette, e chamarame aínda o seu inimigo máis cruel?

-Oh xeneroso benfeitor!, exclama a miss nova, demasiado pronta a asir a quimera que vén aloumiñala un intre, que Deus vén inspirarvos estes designios, e como vos dignades cambiar tan axiña o destino da triste Henriette? Preguntádesme que dereito acadaredes sobre o meu corazón? Todos os sentimentos deste corazón sensíbel que non pertenzan ao desgrazado Williams serán sempre para vós. Serei a vosa amiga, Ganwel…, a vosa irmá…, a vosa confidente; unicamente ocupada en compracervos, ousaría pedirvos como única graza pasar a miña vida preto de vós, empregar nela todos os momentos en testemuñarvos o meu agradecemento… Ah! Pensade niso, milord…, os sentimentos dunha alma ceibe non son preferíbeis aos que vos quixerades arrancar? Sempre teriades unha escrava na que vai converterse na vosa amiga máis tenra.

-Si, miss, serédela, esa amiga sincera, di Granwel balbucindo; teño tanto que reparar convosco, que aínda co prezo do sacrificio que vos fago, non me atrevo a crerme ceibe; confiarei todo ao tempo e ás miñas accións.

-Que dicides milord? Que pouco coñecedes a miña alma! Canto máis a irritan as ofensas, máis a entreabre o arrepentimento, eu xa non me lembro das inxurias daquel que dá un só paso para conseguir o seu perdón.

- Pois ben, miss esquezamos todo por unha parte e pola outra! Dádeme a satisfacción de preparar eu mesmo os nós que tanto desexades.

-Aquí…? Respondeu Henriette cun aire de preocupación que non foi quen de controlar. Eu crera, milord, que volveriamos partir para Londres.

-Non, miña querida, miss, non, poño toda a miña gloria e non volvervos levar senón é baixo o título da esposa do rival ao cal vos cedo… Si, miss, quero, ao amosarvos así, ensinar a toda Inglaterra ata que punto me debe custar a vitoria. Non vos opoñades a este proxecto no que atopo á vez o meu trunfo e a miña tranquilidade. Escribamos á

vosa nai que se calme, mandemos vir aquí a Williams, celebremos axiña este himeneo e volvamos partir ao día seguinte.

-Mais, milord, e a miña nai?

-Pedirémoslle o seu consentimento; está moi lonxe de negalo e será lady Williams quen irá darlle as grazas.

-Pois ben, milord, dispoñede de min; ateigada de tenrura e de gratitude, correspóndeme a min determinar os medios cos cales vos dignades traballar pola miña ledicia? Fágao milord, eu aprobo todo… E entregada de cheo aos sentimentos que vos debo, demasiado ocupada en sentilos e describilos, esquezo todos os que poderían distraerme deles.

-pero miss tedes que escribir.

-A Williams?

-E á vosa nai, miss. O que eu dixera sería tan convincente como o que escribiredes vos mesma?

Achegan todo o que é preciso e miss Henriette escribe as dúas cartas seguintes:

MISS HENRIETTE A WILLIAMS

Caiamos os dous aos pés do máis xeneroso dos homes; vide axudarme a testemuñarlle o agradecemento que ambos os dous lle debemos. Xamais ningún sacrificio foi máis nobre, xamais feito con tantas grazas, e xamais máis completo: milord Granwel quere unirnos el mesmo, Williams, é a súa man a que vai estreitar os nosos nós… Acudide…, abrazade a miña nai, obtede o seu consentimento… e dicídelle que axiña a súa filla gozara da dita de apertala nos seus brazos.

AQUELA Á SÚA NAI

Ao momento de inquietude máis arrepiante, sucede a calma máis doce. Williams amosaravos a miña carta, oh a máis adorada das nais! Non vos opoñades, suplícovolo, nin á ledicia da vosa filla, nin ás intencións de milord Granwel: son puras como o seu corazón. Adeus! Perdoade se a vosa filla, completamente entregada aos sentimentos do recoñecemento, apenas vos pode expresar aqueles nos que se consume pola mellor da nais.

Granwel uniu dúas cartas que aseguraban a Williams e a lady Stralson a ledicia que sentía por xuntar a dúas persoas en cuxo amigo máis tenro quería converterse, e encargaba a Williams coller no seu notario, en Londres, dez mil guineas que lle suplicaba aceptar como agasallo de voda. Estas cartas estaban cheas de afecto, levaban tales sinais de franqueza e inxenuidade que era imposíbel non prestarlles fe. O lord escribiu ao mesmo tempo a Gave e aos seus amigos para que acougasen os rumores públicos, calmasen o ministro e difundisen que verían axiña en Londres como reparaba as súas faltas. O mensaxeiro volve partir cos seus partes; Granwel só se ocupa de colmar a miss Stralson de bos procederes, co fin, dicía, de facerlle esquecer na medida do posíbel todos os crimes que ela lle tiña que reprochar… E, no fondo da súa alma, o monstro trunfaba por ter vencido finalmente con argucias a aquela que despois de tanto tempo o encadeaba coas súas.

O mensaxeiro do raptor de Henriette chega a Londres cando o rei acababa de aconsellar ao primeiro ministro que empregase todas as vías da xustiza contra Granwel…, mais lady Stralson, vítima total das cartas que recibe, crendo tanto no seu contido, como no afeita que está ás vitorias de Henriette sobre Granwel, vai a correr

deseguido ata o ministro; suplícalle que non faga ningunha persecución contra o lord, dálle conta do que pasa, todo se calma e Williams se dispón a partir.

-Trata con consideración a ese home poderoso e perigoso, dille lady Stralson abrazándoo, goza do trunfo que a miña filla obtivo sobre el, e volvede axiña os dous consolar a unha nai que vos adora.

Williams parte pero sen coller o fantástico agasallo que lle ofrece Granwel; nin tan sequera se digna a informarse se esta suma o agarda ou non; tal actuación podería ter aparencia da dúbida que estas valentes e honradas persoas distan de ter.

Williams chega… Gran Deus…!, chega … e a miña pluma detense, négase aos detalles dos espantos que agardan este desgrazado amante. Oh Furias do inferno!, acudide, prestádeme as vosa cobras, que a miña man trace aquí os horrores que aínda me quedan por describir coas súas linguas escintilantes.

-Oh miña querida Henriette, dixo Granwel ao entrar pola mañá na habitación da súa prisioneira, con aire de felicidade e de gozo, vide gozar da sorpresa que tiven a arte de vos preparar. Vide, querida miss, non quería amosarvos a Williams senón aos mesmos pés do altar onde vai recibir a vosa man… Seguídeme miss, el agárdavos…

-El, milord…, el, gran Deus!.... Williams está no altar? E débollo a vostede!... Oh milord, permitide que caia aos vosos xeonllos… Os sentimentos que me inspirades prevalecen hoxe sobre calquera outro…

E Granwel turbado:

-Non, miss, aínda non podo gozar dese agradecemento; este só no_derradeiro intre debe arrincar o sangue do meu corazón; non ma amosedes, miss, un día aínda me pode ser cruel… Saboreareino mañá máis a gusto… Apresurémonos, Henriette, non fagamos agardar máis tempo a un home que vos adora, e que arde por unirse a vós.

Henriette adiantase…, está nunha turbación…., nunha axitación…., apenas respira; xamais as rosas do seu cute foran tan brillantes…. Animada de amor e de esperanza, esta querida moza, crese nun momento de felicidade… Chegan ao fondo dunha inmensa galería que remataba na capela do pazo… Oh xusto ceo! Que espectáculo!.... Aquel lugar sagrado estaba cuberto de escuridade, e, sobre unha especie de leito fúnebre rodeado de cirios ardentes, repousaba o corpo de Williams atravesado por trece puñais, nas feridas aínda sanguentas que acaban de abrir.

-Velaí o teu amante, pérfida! Velaí como a miña vinganza o entrega aos teus indignos desexos, di Granwel.

-Traidor!, exclama Henriette, xuntando todas as súas forzas para non afundirse nun momento tan terríbel para ela… Ah! Non me enganaches, todos os excesos do crime deben ser propios da túa alma feroz, só a virtude me sorprendería dentro dela. Déixame morrer aquí, cruel, é a derradeira graza que che pido.

-Aínda non obterás este favor, di Granwel con esa firmeza fría, o único que comparten os grandes malvados… Só saboreei a metade da miña vinganza, cómpre sacialo resto; velaí o altar que vai recibir os nosos xuramentos, é aí onde quero escoitar da vosa boca os que ides facer de me pertencer para sempre.

Granwel quere ser obedecido… Henriette, valente de abondo para resistir a esta espantosa crise…, Henriette, cuxo desexo da vinganza esperta a enerxía, promete todo e contén as bágoas.

-Miss, di Granwel, unha vez satisfeito, crede agora o que vos vou dicir: todos os meus sentimentos de vinganza esmoreceron, non penso máis que en reparar os meus crimes… Seguídeme, miss, deixemos este lúgrube aparato, todo nos agarda no templo, hai tempo que os ministros do ceo e a xente se nos adiantaron ata alí, vide alí recibir axiña a miña man… Accederedes esta noite aos primeiros deberes da esposa; mañá lévovos publicamente a Londres e entrégovos á vosa nai como a miña muller.

Henriette olla coa vista perdida a Granwel. Desta vez cre estar segura de non ser enganada, mais o seu corazón ulcerado xa non é susceptíbel de consolo… esgazada pola desesperación…, devorada polo desexo de vinganza, fáiselle imposíbel escoitar outros sentimentos…

-Milord, dille na máis valente tranquilidade, teño unha confianza tan grande nesa volta inesperada, que estou disposta a outorgarvos de boa graza o que poderiades obter pola forza. Aínda que o ceo non teña lexitimada a nosa unión, non deixarei de cumprir esta noite os deberes que vos esixides. Suplícovos, pois, pospoñer a celebración en Londres; sinto algo de aversión por non facelo senón ante os ollos da miña nai. Que vos importe pouco, Granwel, xa que vou por min mesma someterme a todos os vosos delirios.

Malia que Granwel desexaba realmente converterse no esposo desta rapaza, só vía, no entanto, cunha sorte de alegría maligna, que ela consentise aínda a arriscarse a ser a súa vítima, e previndo que despois dunha noite de gozo, quizais non tería tanta delicadeza, consentiu de todo corazón ao que ela quería. O resto do día todo foi calma; mesmo non se mudou nada da fúnebre decoración, sendo esencial que as sombras máis densas da noite presidiran a inhumación do desgrazado Williams.

-Granwel, di miss Stralson no momento de retirase, imploro un novo favor: despois de todo o que aconteceu esta mañá, serei eu quen de non tremer ao me ver entre os brazos do asasino do meu amante? Permitide que ningunha luz ilumine o leito onde ides recibir a miña fe: no debedes este miramento ao meu pudor? Non gañei con tantos males o dereito de obter o que imploro?

-Ordenade, miss, ordenade, responde Granwel, tería que ser moi inxusto para negarvos tales cousas. Decátome moi doadamente da violencia que tedes que facervos e permito de corazón o que poida diminuíla.

Miss inclínase e volve á súa habitación, mentres que Granwel, encantado cos seus infames éxitos, apláudese en silencio por trunfar á fin sobre o seu rival. Déitase; levan os fachos; Henriette é avisada de que foi obedecida e que pode, cando desexe, entrar no cuarto nupcial… Entra; estaba armada cun puñal que ela mesma arrancara do corazón do seu amante… Achégase… Co pretexto de guiar os seus pasos, unha das súas mans asegúrase do corpo de Granwel e coa outra afunde nel a arma que sostén, e o malvado arrastrase polo chan blasfemando ao ceo e á man que o fire.

Henriette sae decontado daquela habitación. Acada, tremendo, o lugar fúnebre onde repousa Williams; sostén unha lámpada nunha man e na outra o puñal ensanguentado co cal acaba de cumprir a súa vinganza…

-Williams, exclama, *o crime desuniunos, a man de Deus vainos unir*… Recibe a miña alma, oh ti a quen idolatrarei toda a miña vida! Vaise aniquilar na túa para non afastarse dela xamais…!

Con estas verbas, apuñálase e cae latexando sobre aquel corpo frío, ao cal, cun movemento involuntario, a súa boca dá aínda os seus derradeiros bicos.

Estas funestas novas chegaron axiña a Londres. Alí Granwel foi pouco botado en falta. Había tempo que os seus defectos o facían odioso. Gave, temendo ser salpicado por este terríbel incidente, pasou decontado a Italia, e a desgrazada lady Stralson volveu soa a Herreford, onde non cesou de chorar as dúas perdas que acababa de sufrir, ata o momento no que o Eterno, conmovido polas súas bágoas, dignouse chamala ao seu seo e xuntala, nun mundo mellor, coas persoas queridas e tan dignas de selo, que a libertinaxe, a vinganza, a crueldade lle arrebataran..., en fin, todos os crimes nacidos do abuso das riquezas, do crédito, e máis que nada, do esquecemento dos principios do home honrado, sen os cales, nin nosoutros, nin os que nos rodean poderiamos ser felices na terra.

FAXELANGE OU OS ERROS DA AMBICIÓN

O sr. e a sra. Faxelange, que posuían de 30 a 35.000 libras de renda, vivían habitualmente en París. Só tiñan como único froito do seu himeneo unha filla, fermosa coma a mesma deusa da xuventude. O sr. Faxelange servira no exército mais retirarase cando era novo e dende aquela non se ocupaba máis que do seu matrimonio e da educación da súa filla. Era un home moi afábel, con pouco talento e excelente carácter; a súa muller, aproximadamente da súa idade, é dicir, entre corenta e cinco e cincuenta anos, tiña unha mentalidade un pouco máis sutil, mais, despois de todo, existía entre estes dous esposos moita máis inxenuidade e boa fe, que astucia e desconfianza.

A srta. de Faxelange acababa de cumprir os dezaseis anos; tiña un deses tipos de rostros románticos nos que cada trazo pinta unha virtude; a pel moi branca, fermosos ollos azuis, a boca un pouco grande pero ben ornamentada, talle flexíbel e lixeiro e os cabelos máis fermosos do mundo. O seu espírito era doce coma o seu carácter. Era incapaz de facer mal e incluso de imaxinar que se puidese cometer. Era, nunha palabra, a inocencia e o candor embelecidos pola man das Grazas. A srta. de Faxelange era culta; non se aforrara nada na súa educación; falaba moi ben o inglés e o italiano, tocaba varios instrumentos e pintaba a miniatura con gusto. Filla única e destinada, por conseguinte, a posuír algún día a fortuna da súa familia, aínda que mediocre, debía esperar un matrimonio vantaxoso e esa era dende había dezaoito meses a única ocupación dos seus pais. Mais o corazón da srta. de Faxelange non agardou polo consentimento dos autores dos seus días para ousar entregarse por completo; había máis de tres anos que ela xa non era a súa dona. O sr. de Goé, parente seu, e que ía a miúdo á súa casa con este pretexto, era o obxecto querido desta tenra rapaza; ela amábao cunha sinceridade, unha delicadeza que lembraban aqueles preciosos sentimentos das vellas idades, tan corrompidos pola nosa depravación.

O sr. de Goé merecía, sen dubida, unha dita así; tiña vinte e tres anos, unha fermosa compostura, unha faciana encantadora e un carácter franco, absolutamente feito para simpatizar co da súa fermosa prima; era oficial de dragóns mais pouco rico; precisaba unha rapaza con bo dote, así como a súa prima precisaba un home opulento. Aquela, aínda que herdeira, non tiña, no entanto, unha fortuna inmensa, tal e coma acabamos de dicir, e, por conseguinte, os dous sabían de sobra que as súas intencións endexamais se cumprirían e que as chamas nas que o un e o outro ardían consumiríanse, xa que logo, en suspiros.

O sr. de Goé nunca informou aos pais da srta. de Faxelange do que sentía pola súa filla. Temía unha negativa e o seu orgullo opoñíase a escoitala. A srta. de Faxelange, mil veces máis tímida aínda, gardábase ben tamén de dicir unha soa palabra. Deste xeito, esta doce e virtuosa intriga, estreitada polos nós do máis tenro amor, nutríase en

paz, á sombra do silencio. Pero, ante calquera cousa que puidese acontecer, os dous prometeranse non ceder a ningunha tentación e ser sempre o un para o outro.

O nosos novos amantes estaban así cando un amigo do sr. de Faxelange lle veu pedir o seu permiso para presentarlle a un home de provincias que acababa de serlle recomendado indirectamente.

-Non, por nada, vos fago esta proposición, dixo o Sr de Belleval; o home de quen vos falo ten fortunas prodixiosas en Francia e magníficas residencias en América. O único obxecto da súa viaxe é buscar unha muller en París; quizabes a levará ao novo mundo, é a única cousa que temo; mais agás iso, se a circunstancia non vos asusta demasiado, está claro que lle conviría á vosa filla en todos os aspectos. Ten trinta e dous anos, a faciana non lle é moi agradábel… ten algo sombrío nos seus ollos mais uns modais moi nobres e unha educación singularmente cultivada.

-Traédenolo, dixo o Sr de Faxelange…

E dirixíndose a súa esposa:

-Que dicides, señora?

-Haberá que ver, responde esta. Se realmente é un partido conveniente, estarei de acordo de todo corazón por moita mágoa que me poida facer sentir a separación da miña filla… Adóroa, a súa ausencia desolarame, mais eu non me opoñerei a súa felicidade.

O sr. de Belleval, encantado coas súas primeiras proposicións, concerta cita cos dous esposos e conveñen que o xoves seguinte o barón de Franlo será presentado na casa da sra. de Faxelange.

O sr. barón de Franlo estaba en París había un mes, ocupando o compartimento máis fermoso do hotel de Chartres, cunha fermosísima carroza, dous lacaios, un axuda de cámara, gran cantidade de xoias, unha carteira chea de letras de cambio e os traxes máis fermosos do mundo. Non coñecía de nada ao sr. de Belleval mais coñecía, segundo pretendía, a un amigo íntimo do tal sr. de Belleval. Este home, lonxe de París por dezaoito meses, non lle podía, xa que logo, ser de ningunha utilidade para o barón; presentárase á súa porta e díxoselle que estaba ausente mais que faría ben en ir buscar ao sr. de Belleval, o seu amigo máis íntimo; por conseguinte, o barón presentou as súas cartas de recomendación ao sr. de Belleval e o sr. de Belleval, para prestar un servizo a un home honrado, non puxo dificultades para abrilas, nin para prestar ao barón todas as atencións que este estranxeiro tería recibido do amigo de Belleval, de atoparse este presente.

Belleval non coñecía de nada as persoas de provincia que recomendaban ao barón, nunca llas oíra mencionar ao seu amigo, mais está claro que el podía non coñecer todo o que seu amigo coñecía. Deste xeito, ningún obstáculo se interpuxo ao interese que dende entón amosa por Franlo. É un amigo do meu amigo; non hai aí máis do que é necesario para lexitimar no corazón dun home honrado o motivo que o compromete a prestar un servizo?

O sr. de Belleval, encargado do barón de Franlo, levábao, pois, a todas partes: aos paseos, aos espectáculos, aos comercios, sempre se atopaban xuntos. Resultaba esencial establecer estes detalles co fin de lexitimar o interese que Belleval tomaba por Franlo e as razóns polas cales, parecéndolle un excelente partido, o presentaba na casa dos Faxelange.

O día fixado para a esperada visita, a sra. de Faxelange, sen previr á súa filla, faina enfeitarse coas súas galas máis fermosas; recoméndalle ser o máis educada e amábel posíbel perante o estranxeiro que vai ver, e facer uso dos seus talentos sen dificultade, se se lle esixe, porque o estranxeiro é un home que lles foi persoalmente recomendado e o sr. de Faxelange e mais ela teñen motivos para recibilo de boas maneiras.

Dan as cinco. Era o intre anunciado e o sr. de Franlo aparece escoltado polo sr. de Belleval; era imposíbel presentarse mellor, ter un ton máis correcto, unha compostura máis honrada, mais coma dixemos, había algo estraño na fisionomía deste home que alertaba axiña e só con moita arte nos seus modais e moito xogo nos trazos da faciana lograba agochar este defecto.

Comeza a conversa; fálase de distintos temas e o sr. de Franlo trátaos todos, coma o home máis educado do mundo…, o máis instruído. Razoan sobre as ciencias; o sr. de Franlo analízaas todas. Tócalle a vez ás artes; Franlo amosa que as coñece e que non hai ningunha na que non teña feito algunha vez as súas delicias… En política a mesma profundidade; este home arranxa o mundo enteiro, todo iso, sen afectación, sen darse importancia, unindo a todo o que di un aire de modestia que semella demandar a indulxencia e advertir que pode enganarse, e que dista moito de estar seguro do que se atreve a expoñer. Falan de música; o sr. de Belleval prega á srta. de Faxelange que cante; esta faino arroibándose e Franlo, no segundo aire, pídelle permiso para acompañala cunha guitarra que ve sobre unha cadeira de brazos; puntea este instrumento con toda a graza e a precisión posíbel, deixando ver nos seus dedos, sen afectación, xoias dun prezo prodixioso. A srta. de Faxelange recomeza un terceiro aire, absolutamente novo. O sr. de Franlo acompáñaa ao piano con toda a precisión dos máis grandes mestres. Pregan á srta. de Faxelange que lea algunhas liñas de Pope en inglés; Franlo comeza decontado a conversar nesta lingua, e amosa que a domina a fondo.

A visita rematou, pois, sen que nada se lle escapase ao barón que manifestase a súa forma de pensar sobre a srta. de Faxelange e o pai desta moza, entusiasmado co seu novo coñecido, non quixo despedirse sen unha promesa íntima do sr. de Franlo de cear na súa casa o domingo seguinte.

A sra. de Faxelange, menos entusiasmada, cando reflexionou polo serán sobre o personaxe, non coincidiu totalmente co parecer do seu esposo; atopaba nese home, dicía, algo tan indignante a primeira vista, que lle parecía que se chegaba a desexar a súa filla, ela non lla entregaría nunca senón con moita mágoa. O seu marido combateu esta aversión; Franlo era, dicía, un home encantador, era imposíbel ser máis instruído, ter unha mellor compostura; que podía importar a faciana? cómpre deterse nese tipo de cousas nun home? Que a sra. de Faxelange non temera polo resto, nunca sería ditosa de abondo para que Franlo quixera unirse en matrimonio a ela, mais se por casualidade o quería, probabelmente sería unha loucura deixar escapar un partido así. Debía a súa filla esperar algunha vez a atopar un desa importancia? Todo isto non convencía a unha nai prudente; segundo ela a fisionomía era o espello da alma e se a de Franlo respondía á súa faciana, seguramente que non era el o marido que debía facer feliz a súa querida filla.

Chegou o día da cea. Franlo, mellor enfeitado que a outra vez, máis profundo e máis amábel aínda, fixo o ornato e as delicias. Ao erguerse da mesa, póñeno a xogar coa srta. de Faxelange, Belleval, e outro home da sociedade; Franlo, cunha nobreza abraiante, foi moi desafortunado, perdeu todo o que se podía perder. A miúdo é unha maneira de ser amábel entre a alta sociedade, o noso home non o ignoraba. Proseguiu un pouco de música e o sr. de Franlo tocou de tres a catro instrumentos distintos. A xornada rematou en *Les Français*, onde o barón deu publicamente a man á srta. de Faxelange e despedíronse.

Así pasou un mes sen que se oíse falar de ningunha proposición; as dúas partes reservábanse; os Faxelange non querían dar o primeiro paso e Franlo que, pola súa parte, tiña un gran desexo de trunfar, temía estragar todo por precipitarse demasiado.

Por fin apareceu o sr. de Belleval e, desta vez, encargado dunha negociación en regra, declarou formalmente ao sr. e á sra. de Faxelange que o sr. barón de Franlo,

oriúndo do Vivarais, posuidor de moi grandes fortunas en América e desexoso de casar, tiña a vista posta na srta. de Faxelange e facía preguntar aos pais desta encantadora persoa se lle estaba permitido facerse algún tipo de esperanza.

As primeiras respostas, foron, cuestión de formas, que a srta. de Faxelange aínda era demasiado nova para que eles se preocuparan por colocala e quince días despois rogaron ao barón que fose cear. Dese xeito, o sr. de Franlo foi invitado a explicarse. Dixo que posuía tres terreos en Vivarais, cadanseu cun valor de 12 a 15.000 libras de renda; que o seu pai, tras pasar a América, casara alí cunha crioula, da cal obtivera preto dun millón en bens; que el herdaba estas posesións dado que non tiña máis familiares e, xa que nunca se recoñeceran, estaba decidido a ir alí coa súa esposa axiña que casase.

Esta cláusula desagradou á sra. de Faxelange, confesou os seus receos; a iso Franlo respondeu que agora se ía a América como a Inglaterra e que esa viaxe era indispensábel para el, mais que só duraría dous anos e que ao seu termo comprometíase a volver levar a súa muller a París; que o único que quedaba, pois, era o asunto da separación entre a querida filla e a nai, mais que era preciso que tivese lugar, posto que o seu proxecto non era vivir constantemente en París, onde, ao estar ao nivel de todo o mundo, non podía estar con tanto agrado coma nas terras nas que a súa fortuna lle facía desenvolver un importante papel. Entraron despois noutras miudezas e rematou esta primeira entrevista, rogándolle a Franlo que tivera a ben darlle o nome de alguén coñecido na súa provincia a quen poder dirixirse para pedir informes, sempre de utilidade en casos semellantes. Franlo, nada sorprendido por un proxecto de tal seguridade, aprobouno, aconsellouno e díxolles que lle parecía máis sinxelo e máis rápido dirixirse ás oficinas do ministro. O procedemento foi aprobado. O sr. de Faxelange acudiu a el ao día seguinte, falou co propio ministro o cal lle certificou que o sr. de Franlo, actualmente en París, era con toda certeza un home do Vivarais, o de maior valía e o máis rico. O sr. de Faxelange, máis acalorado que nunca con este asunto, informou a súa muller destas excelentes novas, e non tendo ánimo de disentir por máis tempo, fixeron vir á srta. de Faxelange esa mesma noite e propuxéronlle a Franlo por esposo.

Había quince días que esta encantadora rapaza se decatara de que había algúns proxectos para colocala e por un capricho bastante común nas mulleres, o orgullo impoñía silencio ao amor; afagada polo luxo e a magnificencia de Franlo, outorgoulle insensibelmente preferencia sobre o sr. de Goé, de maneira que respondeu afirmativamente que estaba disposta a facer o que se lle propoñía e que obedecería a súa familia.

Goé, pola súa banda, non sentía tal indiferenza coma para non estar ao corrente do que acontecía. Acudiu á casa da súa amada e quedou apesarado pola frialdade que lle amosou; el exprésase con toda a calor que lle inspira o lume no que arde, mestura co amor máis tenro os reproches máis amargos, dille que a ama, que sabe moi ben de onde provén un cambio que lle provoca a morte; debería algunha vez ter sospeitado nela unha infidelidade tan cruel? As bágoas engaden interese e enerxía ás sanguentas queixas deste mozo; a srta. de Faxelange conmóvese, confesa a súa debilidade, e os dous conveñen que a única forma de reparar o mal cometido é facer actuar aos pais do sr. de Goé. Séguese esta resolución; o mozo cae aos pés do seu pai, suplícalle que lle consiga a man da súa prima, asegura que abandonará Francia para sempre se lle nega este favor, ata tal punto, que o sr. de Goé, entenrecido, vai ao día seguinte na procura de Faxelange e pídelle a man da súa filla. Agradécenlle o honor que lles fai pero decláranlle que é demasiado tarde e que xa deron a palabra. O sr. de Goé que só actúa por compracencia, e, no fondo, non está en absoluto enfadado de ver interpoñer obstáculos a un matrimonio que non lle convén demasiado, regresa a anunciar friamente esta nova ao

seu fillo e suplícalle ao mesmo tempo que cambie de idea e que non se opoña á felicidade da súa prima.

O novo Goé, furioso, non promete nada, acode á casa da srta. de Faxelange, a cal, vacilando arreo entre o seu amor e a súa vaidade, desta vez é moito menos delicada cá anterior e trata de incitar ao seu amante a consolarse pola decisión que está a piques de tomar. O sr. de Goé tenta parecer tranquilo, contense, bica a man da súa prima e sae nun estado tanto máis cruel canto máis está obrigado a disimulalo, sen chegar, no entanto, a non xurar a súa amante que nunca adorará a ninguén máis ca ela pero que non quere enturbar a súa ledicia.

Franlo, mentres tanto, prevido por Belleval de que é a hora de atacar seriamente o corazón da srta. de Faxelange, dado que hai rivais que temer, pon todo en práctica para facerse aínda máis amábel. Envía magníficos agasallos á súa futura esposa, que, de acordo cos pais, non pon ningunha dificultade en recibir as galanterías dun home que debe ver como o seu marido; el aluga unha encantadora casa a dúas leguas de París na que dá festas deliciosas para a súa amada durante oito días seguidos. Sen cesar de unir así a sedución máis hábil ás xestións serias que deben concluír todo, axiña cambiou as tornas da nosa querida rapaza e axiña borrou dela ao seu rival.

Para a srta. de Faxelange, no entanto, quedaban momentos de lembranzas, nos que a súas bágoas escorregaban involuntariamente. Experimentaba uns terríbeis remorsos por traizoar deste xeito o primeiro obxecto da súa tenrura, aquel que tanto amara dende a súa infancia… "que fixo el para merecer este abandono pola miña parte?" preguntaba para si con dor. "Cesou de adorarme? Ai, non, e eu traizoóo… e por quen, meu Deus? Por quen?… por un home que non coñezo de nada… que me seduce polo seu fasto… e que quizais me fará pagar moi cara esta gloria pola que sacrifico o meu amor… Ah! As vas floriñas que me seducen… valen esas deliciosas expresións de Goé… eses xuramentos tan sagrados de adorarme sempre… esas bágoas de sentimentos que os acompañan… Oh Deus! Cantas lamentacións se son enganada!". Mais durante todas estas reflexións, enfeitaban a divindade para unha festa, embelecíana cos agasallos de Franlo e ela esquecía os seus remorsos.

Unha noite soñou que o seu pretendente, transformado en besta feroz, a precipitaba nun abismo de sangue onde flotaban unha morea de cadáveres; ela alzaba en van a súa voz para conseguir a axuda do seu marido pero el non a escoitaba… Goé vén, retíraa, abandónaa… ela esvaece… Este arrepiante soño púxoa enferma durante dous días; unha nova festa disipou estas feroces ilusións e a srta. de Faxelange, seducida, estivo a piques de sentir vergoña de si mesma pola impresión que puidera sentir por aquel quimérico soño[6].

---

[6] Os soños son movementos secretos aos que non se lle outorga a súa verdadeira importancia; a metade dos homes búrlase deles e a outra cre neles; non habería ningún inconvenient en escoitalos ou aceptalos incluso no caso que vou contar. Cando agardamos o resultado dun acontecemento calquera, e a maneira en que debe sucedernos ocúpanos todo o do día, soñamos con el con toda certeza; ora ben, o noso espírito entón, unicamente ocupado co seu obxecto, fainos case sempre ver unha das faces deste suceso na que non pensaramos a véspera, e, nese caso, ¿que superstición, que inconveniente, que falta, en definitiva contra a filosofía, habería en clasificar o número dos resultados do suceso esperado, o que o soño nos ofreceu e comportarse en consecuencia? Paréceme que non sería senón un aumento de sabedoría; porque, ao final, ese soño é o resultado do suceso en cuestión, un dos esforzos do espírito, que nos abre e indica unha cara nova para o acontecemento; que ese esforzo se faga durmindo ou en vela que importa? Velaí unha das combinacións atopadas e o que fagades por causa delas xamais pode ser unha loucura e xamais debe ser acusado de superstición. A ignorancia dos nosos pais conducíaos, sen dúbida, a grandes absurdos; pero acaso a filosofía non ten tamén os seus escollos? A forza de analizar a natureza, asemellámonos ao químico que se arruina para facer un pouco de ouro. Desbrocemos pero non aniquilemos todo porque na natureza hai cousas moi singulares que nunca adiviñaremos.

Finalmente todo se ía arranxando, e Franlo, ansioso por concluír, estaba a piques de fixar o día, cando unha mañá, a nosa heroína recibiu del a seguinte carta:

Un home furioso, que non coñezo, prívame da dita de convidar esta noite a cear ao sr. e a sra. de Faxelange e á súa adorábel filla, un grande pracer para min; este home que di que eu lle arrebato a felicidade da súa vida, quixo baterse e doume unha estocada, que espero devolverlle dentro de catro días, mais puxéronme a réxime durante vinte e catro horas. Que privación para min non poder, como agardaba esta noite, renovar ante a srta. de Faxelange os xuramentos do meu amor!

Do barón de Franlo.

Esta carta non foi un misterio para a srta. de Faxelange; apresurouse en facer partícipe dela a súa familia e creu debelo pola propia seguridade do seu amante. Que desolada estaba por sentir como se comprometía por ela… por ela que o aldraxaba tan cruelmente!; este paso atrevido e impetuoso dun home que aínda amaba facía vacilar furiosamente os intereses de Franlo; pero se un atacara, o outro perdera o seu sangue e a srta. de Faxelange estaba na desgrazada circunstancia de interpretar todo agora a prol de Franlo; Goé, polo tanto, cometera un erro e Franlo foi compadecido.

Mentres que o sr. de Faxelange vai coma un raio á casa do pai de Goé para advertirlle do que acontece, Belleval, a sra. e a srta. de Faxelange van consolar a Franlo que as recibe nunha chaise-longue, cun batín do máis coqueto e con esa especie de abatemento na faciana que parecía substituír polo interese o que ás veces nel se atopaba de chocante.

O sr. de Belleval e o seu protexido aproveitáronse da circunstancia para obrigar á srta. de Faxelange a apresurarse: este asunto podía ter consecuencias… obrigar quizais a Franlo a abandonar París, quereríao sen ter rematado?... e moreas de máis razóns que a amizade do sr. de Belleval e a destreza do sr. de Franlo atoparon con prontitude e fixeron valer con enerxía.

A sra. de Faxelange fora realmente vencida; seducida, como toda a familia, polo exterior do amigo de Belleval, atormentada polo seu marido e non vendo na súa filla senón excelentes disposicións para este himeneo, preparábase agora para el sen a menor repugnancia.Rematou entón a súa visita asegurando a Franlo que o primeiro día que a saúde lle permitise saír sería o do matrimonio. O noso político amante testemuñou algunhas tenras inquedanzas á srta. de Faxelange polo rival que viña de facerlle coñecer todo aquilo; esta tranquilizouno da forma máis honesta do mundo, esixíndolle, da súa parte, así e todo, a palabra de que nunca perseguiría a Goé de ningunha maneira posíbel; Franlo prometeuno e separáronse.

Todo se ía arranxando na casa do pai de Goé, o seu fillo recoñeceu o que a violencia do seu amor lle fixera facer. Pero xa que tal sentimento desagradaba á srta. de Faxelange, xa que o abandonara tan cruelmente, non tentaría forzala. O sr. de Faxelange, tranquilo, non pensaba, polo tanto, en máis que en concluír.

Facían falla os cartos; o sr. de Franlo, pasando inmediatamente a América, estaba moi tranquilo con poñer en orde ou de aumentar as súas posesións, e era nisto no que contaba colocar o dote da súa muller. Conviñeran catro centos mil francos; era un enorme fenda na fortuna do sr. de Faxelange, pero non había máis ca unha filla, todo debería volver a ela un día, era un negocio que non se volvería presentar. Había, pois, que sacrificarse. Venderon, empeñaron, total, que a suma está lista o sexto día despois da aventura de Franlo e a case tres meses da época na que vira á srta. de Faxelange por primeira vez. Por fin aparece coma o seu esposo; a familia, os amigos, todos se

xuntaron; asinouse o contrato, conviñeron en facer a cerimonia ao día seguinte sen estrondos e que dous días despois Franlo partiría cos cartos e coa muller.

A noite dese fatídico día o sr. de Goé suplicou á súa prima que lle concedese unha cita nalgún lugar secreto que lle indicou onde sabía que a srta. de Faxelange tiña a posibilidade de dirixirse; ante a súa negativa, enviou unha segunda mensaxe, asegurándolle á súa prima que o que lle tiña que dicir era de consecuencias transcendentes de abondo coma para que ela se puidese negar a escoitalas. A nosa heroína, infiel, seducida, engaiolada, pero sen poder odiar ao seu antigo amante, cede por fin e diríxese ao lugar acordado.

-Non veño, dixo o sr. de Goé á súa prima axiña que a viu, non veño, señorita, amolar o que vosa familia e vostede chamades a felicidade da vosa vida, pero a probidade da que fago profesión obrígame a advertirvos que está a ser enganada; o home co que casastes é un estafador, que, logo de roubarvos, converteravos, probabelmente, na máis desgrazada das mulleres; é un pícaro e estades equivocada.

Ante estas verbas, a srta. de Faxelange dixo ao seu primo que antes de permitirse difamar tan cruelmente a calquera, facían falla probas máis claras cá luz do día.

-Aínda non as posúo, dixo o sr. de Goé, recoñézoo, pero informareime e poderei amosalo dentro de pouco. No nome do que vos é máis querido, obtede unha demora dos vosos pais.

-Querido primo, dixo a srta. de Faxelange sorrindo, a vosa mentira está descuberta, o voso parecer só é un pretexto, e as demoras que esixides só son un medio para tentar afastarme dun compromiso que xa non se pode romper; confesádeme pois o voso engano, perdóovolo mais non tentedes desacougarme sen motivo nun momento no cal xa non é posíbel alterar nada.

O sr. de Goé, que realmente non tiña máis que sospeitas, sen ningunha certeza real, e que, de feito só buscaba gañar tempo, precipítase aos pés da súa amada:

-Oh ti a quen eu adoro, exclama, ti a quen idolatrarei ata a tumba, rematou a felicidade dos meus días, e vasme abandonar para sempre…! Confésoo, o que dixen non é máis que unha sospeita, mais non pode saír do meu espírito, atorméntame aínda máis que a desesperanza que sinto por separarme de ti… Dignaraste, no cumio da túa gloria, lembrar eses tempos tan doces da nosa infancia… os momentos deliciosos nos que xurabas non ser xamais máis ca miña… Ah! Como pasaron eses intres de pracer e que longos van ser os da dor! Que fixen eu para merecer este abandono pola túa parte? Di, cruel, que fixen? E por que sacrificas a quen te adora? Ámate el tanto coma min, ese monstro que che arrebatou a miña tenrura? Ámate el dende hai tanto tempo?...”

As bágoas escorregaban con abundancia dos ollos do desgrazado Goé o cal premía expresivamente a man da que adoraba; levábaa ora á boca, ora ao peito.

Era difícil que a sensíbel Faxelange non estivera algo conmovida por esta axitación. Deixou escapar algúns choros.

-Meu querido Goé, díxolle ao seu primo, cre que ti sempre me serás querido; estou obrigada a obedecer, sabes ben que era imposíbel que fosemos o un para o outro.

-Teriamos esperado

-Oh, Deus! asentar a súa prosperidade sobre a desgraza dos seus pais!

-Non o desexariamos mais estariamos en idade de esperar.

-E quen me tería respondido da túa fidelidade?

-O teu carácter… os teus encantos, todo o que che pertence… Non se cesa nunca de amar cando es ti a que se adora… Se aínda quixeses ser miña… fuxamos á fin do universo, atrévete a amarme abondo para seguirme.

-Nada no mundo me determinaría a ese paso; vaite, consólate, meu amigo. Esquéceme. É isto o máis sensato que che queda por facer; miles de belezas te resarciran.

-Non xuntes a aldraxe coa infidelidade; esquecerte eu?, cruel! Consolarme eu algunha vez pola túa perda? Non, ti non o cres, ti nunca me supuxeches covarde de abondo como para atrever a crelo por un intre.

-Amigo, demasiado desgrazado, temos que separarnos; todo isto non fai máis que aflixirme sen remedio, remedio que xa non hai para os males dos que te queixas… separémonos, é o máis sensato.

-Pois ben! Voute obedecer, sei que é a derradeira vez da miña vida que che falo; non importa, voute obedecer, pérfida; pero esixo de ti dúas cousas, chegará a túa barbarie a negarmas?

-Cales?

-Un rizo dos teus cabelos, e a túa palabra de escribirme unha vez ao mes, para facerme saber polo menos se es feliz… consolareime se o es, pero se algunha vez ese monstro… creme, querida amiga, si, creme... iría buscarte ao fondo dos infernos para arrancarte del.

-Que nunca te desacougue ese temor, querido primo, Franlo é o máis honrado dos homes, non vexo senón sinceridade… delicadeza nel…, non vexo senón proxectos para a miña felicidade.

-Ah, xusto ceo!, onde está o tempo no que ti dicías que a felicidade nunca sería posíbel sen min…! Eh ben! Concédesme o que che pido?

-Si, respondeu a Srta Faxelange. Mira, velaquí tes os cabelos que desexas, ten por seguro que che escribirei; separémonos, é necesario.

Ao pronunciar estas palabras, ela tende unha man ao seu amante, pero a desafortunada críase mellor curada do que estaba. Cando sentiu a man asolagada polas bágoas daquel que amara tanto, os seus choros abafárona e caeu sobre un cadeira de brazos sen coñecemento. Tal escena acontecía na casa dunha muller ligada á srta. de Faxelange, a cal se apresurou a socorrela. Os seus ollos non se reabriron senón para ver ao seu amante regando os seus xeonllos con bágoas de desesperación; ela recobra a coraxe…, todas as súas forzas…, levántao.

-Adeus, díxolle, adeus, ama sempre aquela para quen ti serás querido ata o derradeiro día da súa vida; non me reproches máis a miña falta; xa é tarde; fun seducida…, arrastrada… o meu corazón só pode escoitar o seu deber; pero todos os sentimentos que el non esixa serán para sempre teus. Non me sigas. Adeus!

Goé retirouse nun estado terríbel e a srta. de Faxelange buscou no seo dun repouso que imploraba en van, algunha calma para os remorsos que a esgazaban, e dos que nacía unha sorte de presentimento do que xa non era dona. Non obstante, a cerimonia do día, as festas que a debían embelecer, todo calmou a esta moza demasiado fébel. Pronunciou a palabra fatal que a unía para sempre, todo a atordou, todo a arrastrou o resto do día e dende a mesma noite, consumou o horríbel sacrificio que a separaba eternamente do único home que foi digno dela.

Ao día seguinte, os preparativos da marcha ocupárona. O día despois, abafada polos aloumiños dos seus pais, a sra. de Franlo, montou na cadeira de posta do seu marido provista dos catro centos mil francos do seu dote, e partiron para o Vivarais. Franlo estaría alí, dicía, durante seis semanas, antes de embarcar rumbo a América, á cal pasarían nun navío da Rochelle, que el contratara anticipadamente.

O séquito dos nosos novos esposos consistía en dous mozos a cabalo pertencentes ao sr. de Franlo e unha doncela da señora ligada a ela dende a infancia, á

cal a familia pedira que lle dedicase toda a vida. Tiñan que coller novos criados cando estivesen no seu lugar de destino.

Foron a Lyon sen deterse e, ata alí, os praceres, a ledicia, a delicadeza acompañaron aos nosos dous viaxeiros; en Lyon todo muda de faciana. En lugar de hospedarse nun hotel gornecido, como adoita a xente honrada, Franlo foi aloxarse nun albergue escuro ao outro lado da ponte da Guillotière. Alí ceou, e ao cabo de dúas horas, despediu un dos criados. Co outro, a súa esposa e a doncela colleu unha carruaxe, fíxose seguir por unha carreta onde estaba toda a equipaxe, e foi pasar a noite a máis dunha legua da cidade, a unha taberna totalmente illada á beira do Ródano.

Esta conduta alarmou á sra. de Franlo.

-A onde me conducides señor?, díxolle ao seu marido.

-Señora!, díxolle dun xeito brusco… tedes medo a que vos perda? Parecería, ao escoitala, coma se estivese nas mans dun pícaro. Debemos embarcar mañá a mañá. Adoito, co fin de estar máis preto, aloxarme a véspera á beira da auga; os barqueiros agárdanme aló e deste xeito perdemos moito menos tempo.

A sra. de Franlo calou. Chegaron a un cortello cuxos accesos facían estarrecer, pero cal foi a sorpresa da malpocada Faxelange, cando escoitou a dona desta arrepiante taberna, aínda máis horríbel que a súa morada, cando a escoitou dicirlle ao suposto barón:

-Ah! Aquí estás Matapiollos, fixécheste esperar condenadamente; facía falla tanto tempo para ir buscar esta moza? Veña, hai moitas novas dende a túa partida; La Roche foi colgado onte nos Terraux…, Rompebrazos aínda está na prisión; quizais hoxe lle axusten as contas; pero non te amoles, ninguén falou de ti, e todo vai ben alí; fixeron unha captura do demo estes días, mataron seis persoas sen que ti perdeses un só home.

Un tremor universal apoderouse da malpocada Faxelange… Poñámonos por un intre no seu lugar e xulguemos o arrepiante efecto que debeu producir na súa alma delicada e doce a caída tan súbita da ilusión que a seducía. O seu marido, decatándose da súa turbación, achegouse a ela.

-Señora, díxolle con dureza, xa non son horas de finxir; enganeivos, como vedes, e como non quero que esa pícara, continuou mirando a doncela, poida proporcionar novas disto, permitídeme, dixo, sacando unha pistola do peto e saltándolle a tapa dos miolos a esta malpocada, permitídeme que sexa deste xeito como lle impida abrir a boca para sempre…

Despois collendo deseguido nos seus brazos a súa esposa case esvaecida:

-En canto a vostede, señora, estea totalmente tranquila; non terei para vostede senón excelentes modos; sempre na posesión dos dereitos de miña esposa, gozaredes en todas partes destas prerrogativas, e os meus camaradas, estade ben segura, respectarana sempre como a muller do seu xefe.

Como a interesante criatura, cuxa historia escribimos, se atopaba nunha situación das máis deplorábeis, o seu marido deulle todos os seus coidados e cando se repuxo algo, non vendo xa máis á querida compaña cuxo cadáver Franlo acababa de botar ao río, volveu afundirse nas bágoas.

-Non vos preocupedes pola perda desa muller, dixo Franlo, era imposíbel que vola deixase. Os meus coidados lograrán que non vos falte de nada, malia que xa non a teñades máis ao voso carón.

Ao ver a súa esposa algo menos alarmada:

-Señora, continuou, eu non nacín para o oficio que desempeño, foi o xogo o que me precipitou nesta carreira de infortunios e crimes. Non vos mentín facéndome pasar polo barón de Franlo; ese nome e título pertencéronme. Pasei a miña xuventude no servizo militar, alí malgastei aos vinte e oito anos o patrimonio que herdara había tres, abondou

ese curto intervalo para arruinarme; estando agora en América aquel a cuxas mans pasou a miña fortuna e nome, crin poder enganar o público durante algúns meses en París retomando o que perdín; o meu engano tivo un éxito máis alá dos meus desexos; o voso dote custoume 100.000 francos en gastos, gánolle, como vedes 100.000 escudos e unha muller encantadora, unha muller que amo, á cal xuro que prestarei os maiores coidados toda a miña vida. Que ela se digne, pois, cun pouco de calma, a escoitar a continuación da miña historia. Sufridas as miñas desgrazas, formei parte dunha tropa de bandidos que desolaban as provincias centrais de Francia (funesta lección para a xente nova que se deixa levar pola paixón tola do xogo), fixen actos audaces nesta tropa, e dous anos despois de ter entrado, fun recoñecido polo xefe. Cambiei de residencia, vin vivir a unha chaira deserta, angosta, nas montañas do Vivarais, case imposíbel de descubrir, na cal a xustiza nunca penetrou. Ese é o lugar da miña residencia, señora, eses son os estados que vou poñer na súa posesión; é o cuartel xeral da miña tropa e é de aí de onde parten os meus destacamentos. Fágoos avanzar cara ao norte ata Borgoña, cara ao sur ata a beira do mar; van ao oriente ata as fronteiras do Piemonte, ao poñente ata máis alá das montañas de Auvernia; teño 400 homes baixo as miñas ordes, todos decididos coma min, e todos dispostos a arrostrar mortes para vivir e para enriquecerse. Ás veces matamos ao dar os nosos golpes por temor a que os cadáveres nos traizoen, deixamos a vida a aqueles que non tememos, forzamos os demais a seguirnos na nosa retirada e cortámoslles a gorxa, só despois de aproveitármonos deles, do que poidan posuír e das informacións que nos sexan útiles. A nosa forma de facer a guerra é algo cruel mais dela depende a nosa seguridade. Debería un goberno xusto permitir que o erro que un mozo cometeu malgastando os seus ben tan novo, sexa castigado co terríbel suplicio de vexetar corenta ou cincuenta anos na miseria? Degrádao unha imprudencia? Porque foi un desgrazado, é necesario non deixarlle máis recursos que o envilecemento ou as cadeas? Con eses principios fanse perversos. Como vedes señora, eu son a proba. Se non hai leis en vigor contra o xogo, se, ao contrario, o autorizan, que, polo menos, non permitan que no xogo un home teña o dereito de deixar sen un can a outro, ou se o estado no cal o primeiro reduce ao segundo na esquina dun tapiz verde, se este crime, digo eu, non é reprimido por ningunha lei, que non se castigue tan cruelmente como se fai o delito case igual que nos cometemos ao desplumar do mesmo xeito un viaxeiro nunha fraga; que pode, pois, importar o modo, se as consecuencias son iguais? Coidades que hai unha gran diferenza entre un banqueiro de xogo roubándoos no Palais Royal e Matapiollos pedíndovos a bolsa no bosque de Boloña? É o mesmo señora; a única distancia real que se pode establecer entre un e outro é que o banqueiro róubavos como covarde e o outro como un home valente.

Volvamos a vostede, señora; destínovos, pois, a vivir na miña casa coa maior tranquilidade; atoparedes a outras mulleres dos meus camaradas que poderán facervos un pequeno oco… pouco divertido, sen dúbida; estas mulleres están moi lonxe de ter a vosa clase e virtudes, mais seranvos submisas; ocupáranse dos vosos praceres e iso sempre será unha distracción. Canto ao voso cometido nos meus pequenos dominios, explicaréivolo cando cheguemos alí; está noite, non pensemos máis ca no voso repouso, tomade un pouco para estar en condicións de partir mañá a primeira hora.

Franlo ordenou á dona da vivenda prestar os máximos coidados a súa esposa e deixouna con esta vella; esta, cambiando totalmente de ton coa sra. de Franlo cando viu de quen se trataba, obrigouna a tomar un caldo cortado con viño do Hermitage, do cal a malpocada muller tragou algunhas pingas por non desagradar a súa anfitriona, e logo de suplicarlle que a deixase soa o resto da noite, esta pobre criatura entregouse dende que quedou en paz a toda a amargura da súa dor.

Oh meu querido Goé!, exclamaba entre salaios, como me castiga a man de Deus pola traizón que che fixen! Estou perdida para sempre, unha retirada impenetrábel vaime sepultar ao ollos do universo, mesmo me será imposíbel informarte das desgrazas que me abafarán, e se non mo empecesen, atreveríame despois do que che fixen? Sería aínda digna da túa piedade… e vostede, meu pai…, e vostede, a miña respectábel nai, vostede cuxos prantos mollaron o meu seo, namentres que, ebria de orgullo, case sentía frialdade ante as vosas bágoas, como vos farei saber a miña arrepiante sorte?... A que idade, gran Deus, me vexo soterrada viva con estes monstros? Cantos anos podo aínda sufrir este terríbel castigo? Oh, malvado! Como me seduciches e como me enganaches!

A srta. de Faxelange (porque o seu nome de casada nos repugna agora) estaba neste caos de ideas tebrosas, remorsos e aprehensións, sen que as dozuras do soño puidesen calmar o seu estado, cando Franlo veu pregarlle que se erguera co fin de ser embarcada antes de que fose de día; ela obedece e móntase no barco coa cabeza cuberta por tocados que disimulaban os trazos da súa dor e que agochaban as súas bágoas ao cruel que as facía esvarar. Preparárase no barco un pequeno recuncho de follaxe onde ela podía repousar en paz; e Franlo, hai que dicilo para facerlle xustiza, Franlo, que vía a necesidade que tiña a súa triste esposa dun pouco de calma, deixoulle gozar dela sen amolala. Hai algúns trazos de honradez na alma dos malvados e a virtude é de tal valor aos ollos dos homes que incluso os máis corrompidos están obrigados a renderlle homenaxe en miles de ocasións na súa vida.

As atencións que esta moza vía que lle dispensaban calmábana algo; sentía que, na súa situación, a única decisión que podía tomar era tratar con tino ao seu marido e deixoulle ver o agradecemento.

A barca estaba dirixida por xente da tropa de Franlo e Deus sabe todo o que se dixo! A nosa heroína, mergullada na súa dor, non oía nada e a mesma noite chegaban aos arredores da cidade de Tournon, situada na costa occidental do Ródano, aos pés das montañas do Vivarais. O noso xefe e o seus compañeiros pasarían alí a noite, coma a anterior, nunha taberna escura, soamente coñecida por eles neses arredores.

Ao día seguinte, leváronlle a Franlo un cabalo, no cal montou coa súa muller. Dúas mulas levaron as equipaxes, catro homes armados escoltáronos; atravesaron as montañas, penetraron no interior da rexión por inabordábeis corredoiras.

Os nosos viaxeiros chegaron o segundo día, bastante tarde, a unha pequena chaira, de arredor de media legua de extensión, coutada con montañas inaccesíbeis por todas partes e na cal só se podía penetrar pola corredoira que usaba Franlo; na gorxa da corredoira había un posto con dez destes malvados, relevado tres veces á semana, que facía garda arreo, día e noite. Unha vez na chaira, atopábase unha aldea de mala morte, formada por un centenar de cabanas, á maneira dos salvaxes. Á cabeza delas había unha casa bastante limpa, composta por dous andares, rodeada por todas partes de altos muros e que pertencía ao xefe. Esa era a súa residencia e, ao mesmo tempo, a cidadela da praza, o lugar onde estaban os almacéns, as armas e os prisioneiros; dous subterráneos moi abovedados servían para estes usos; por enriba deles, no primeiro andar, construíranse tres pequenas habitacións, unha cociña, un dormitorio, unha pequena sala de estar e, enriba un apartamento bastante cómodo para a muller do capitán, rematado por un gabinete de seguridade para os tesouros. Un criado bastante groseiro e unha moza que facía de cociñeira eran todo o servizo da casa; no resto das casas non había tanto. A srta. de Faxelange, abafada pola lasitude e os pesares, non viu nada disto a primeira noite. Apenas colleu o leito que lle indicaron, quedou durmida de esgotamento e estivo tranquila, polo menos, ata a mañá seguinte.

Entón o xefe entrou no seu apartamento:

-Velaquí a vosa casa señora, díxolle; é algo distinta ás tres fermosas terras que vos prometín e ás magníficas posesións de América coas que contabades; mais consoládevos, querida miña, non desempeñaremos sempre este oficio, non hai pouco que o exerzo, e o gabinete que vedes xa contén, comprendido o voso dote, preto de dous millóns en metálico; cando consiga catro, paso a Irlanda e alí me establezo magnificamente con vostede.

-Ai señor!, dixo a Srta de Faxelange vertendo un torrente de bágoas, coidades que o ceo vos deixará vivir en paz ata entón?

-Oh! Nosoutros nunca calculamos ese tipo de cousas, dixo Franlo; o noso refrán é *quen tema a folla, non debe ir ao bosque*; mórrese en todas partes, se aquí corro o risco do cadafalso, no mundo corro o risco dunha estocada; non existe ningunha situación que non teña os seus perigos, o home sabio ten que avaliar as vantaxes e decidirse en consecuencia. A cousa da que menos nos ocupamos no mundo é a morte que nos ameaza; botarédesme en cara o honor; mais os prexuízos dos homes tíñanmo arrebatado antes de ser arruinado, xa non debía ter honor. Encerraríanme, pasaría por un malvado; non é mellor selo realmente gozando de todos os dereitos dos homes… sendo ceibe, nunha palabra, que ser sospeitoso entre as cadeas? Non vos sorprendades de que o home se converta en criminal cando é degradado, aínda que inocente, non vos sorprendades de que prefira o crime ás cadeas cando nunha situación ou noutra é agardado polo oprobio. Lexisladores, facede as vosas deshonras menos frecuentes se queredes diminuír a masa de crimes, unha nación que soubo facer un deus do honor pode vencer os seus cadafalsos, cando lle queda, para dirixir os homes, o freo sagrado de tan fermosa quimera…

-Mais, señor, interrompeu a srta. de Faxelange, así e todo, en París vostede tiña toda a aparencia dun home honrado.

-Era necesario para conseguirvos; tiven éxito, a máscara cae.

Discursos e accións deste tipo horrorizaban a esta desgrazada muller mais, decidida a non se afastar nada das resolucións que tiña tomadas, non lle levou a contraria en nada ao seu marido, incluso semellaría aprobalo. Véndoa máis tranquila, propúxolle ir ver a zona, ela consentiu e percorreu o lugar; daquela, apenas había, unha corentena de homes, o resto estaba en acción, e era aquel continxente o que fornecía o posto que defendía o desfiladeiro.

A sra. de Franlo foi recibida cos maiores sinais de respecto e de distinción por todas partes. Viu sete ou oito mulleres bastante novas e fermosas, mais cuxo aspecto e estilo non facían senón anunciar a enorme distancia destas criaturas con respecto a ela. Non obstante, ela correspondíalles á benvida que recibía, e rematado o percorrido, serviron a comida; o xefe púxose á mesa coa súa muller, a cal non foi capaz de tomar parte na comida; desculpouse pola fatiga da viaxe e non lle insistiron. Despois da comida, Franlo díxolle á súa muller que tiña que acabar de instruíla porque o día seguinte quizais se vería na obriga de ir de correría.

-Non teño necesidade de advertirvos, señora, díxolle á súa esposa, que aquí évos imposíbel escribir a ninguén. En primeiro lugar, os medios para iso prohibiránsevos severamente, nunca veredes nin pluma, nin papel. No caso de que chegásedes a enganar a miña vixilancia, de seguro que algún dos meus se encargará das vosas cartas e o intento podería custarvos caro. Ámovos moito, sen dúbida, mais os sentimentos da xente do noso oficio están sempre subordinados ao deber; quizais iso é o que o noso estado ten de superior con respecto aos demais; non hai nada no mundo que o amor non faga esquecer; con nosoutros pasa todo o contrario, non hai ningunha muller na terra que nos poida facer descoidar o noso oficio, porque a nosa vida depende da seguridade con que o exercemos. Vostede é a miña segunda muller, señora.

-Que, señor?

-Si, señora, vostede é a miña segunda esposa. A que vos precedeu quixo escribir, e as letras que trazou foron borradas co seu sangue, expirou sobre a mesma carta…

Imaxinemos a situación desta desventurada fronte este arrepiante relato, fronte estas terríbeis ameazas. Mais, contívose e asegurou ao seu marido que non tiña ningún desexo de infrinxir a súas ordes.

-Non é todo señora, continuou este monstro, cando eu non estea aquí, vós estaredes ao mando na miña ausencia; por moi boa fe que exista entre nosoutros, sabedes ben que cando se trata dos nosos intereses, sempre confiarei máis en vós que nos meus camaradas. Ora ben, enviareivos prisioneiros, teredes que facer despoxalos vos mesma e facerlles cortala gorxa diante vosa.

-Miña, señor?, exclamou a srta. de Faxelange, recuando co horror, eu afundir as miñas mans en sangue inocente! Ah! Facede correr mil veces o meu antes que obrigarme a tal horror!

-Desculpe este primeiro ataque contra a vosa debilidade, señora, respondeu Franlo, mais non é posíbel que poida evitar este encargo; preferides botarnos a todos a perder que non facelo?

-Os vosos camaradas poden cumprilo.

-Tamén o cumprirán, señora, mais como só vós recibiredes as miñas cartas, cómpre que só despois das vosas ordes emanadas das miñas, se feche ou se lles dea morte aos prisioneiros; a miña xente executará, sen dúbida, mais cómpre que vós lles fagades pasar as miñas ordes.

-Oh señor! Non me poderiades dispensar…?

-Iso é imposíbel señora.

-Seica estarei obrigada a asistir a esas terríbeis infamias?

-Non… mais será absolutamente necesario que vos encarguedes dos botíns… que os fechedes nos nosos almacéns. Dispensareivos a primeira vez xa que o esixides con tesón; nesta primeira ocasión coidareime de enviar un home de confianza cos meus prisioneiros; mais esta atención non poderá durar e será necesario que intentedes facervos cargo despois. Todo é hábito, señora, non hai nada ao que un non se afaga. Non lles gustaba ás damas romanas ver caer os gladiadores aos seus pés? Non levaban a ferocidade ata o punto de querer que só morresen en posturas elegantes? Para que vos afagades ao voso deber, proseguiu Franlo, teño abaixo seis homes que non esperan senón o momento da morte, vounos facer matar; este espectáculo familiarizaravos cos horrores e antes de quince días a parte do deber que vos impoño xa non vós custará.

Non houbo nada que a srta. de Faxelange non fixera para evitar esta arrepiante escena; suplicoulle ao seu marido que non lla ofrecera. Mais Franlo vía, dicía, demasiada necesidade, parecíalle demasiado importante familiarizar os ollos da súa muller co que ía formar parte das súas funcións, como para non levalo a cabo decontado. O seis malpocados homes foron traídos e degolados pola man do propio Franlo ante os ollos da súa desgrazada esposa, que esvaeceu durante a execución. Levárona á cama, onde apelando axiña a súa coraxe en auxilio da súa seguridade, acabou comprendendo que, non sendo, de feito, máis que o órgano das ordes do seu marido, xa non lle pesaba a consciencia polo crime e que con esta posibilidade de ver moitos descoñecidos, por moi encadeados que estivesen, quizais quedarían medios para salvalos e fuxir con eles. Xa que logo, ao día seguinte prometeulle ao seu bárbaro esposo que tería motivos para estar satisfeito pola súa conduta, e este, que habería de pasar, por fin, a noite seguinte con ela, cousa que non fixera dende París a causa do estado no que ela se atopaba, déixaa ao día seguinte para ir de correría, asegurándolle

que se se portaba ben, abandonaría o oficio antes do que dixera, para facerlle pasar os últimos trinta anos da súa vida polo menos na felicidade e no repouso.

Axiña que a srta, de Faxelange se viu soa no medio de todos estes ladróns, volveu dominala o desacougo.

"Ai!, dicíase, se desafortunadamente chego a inspirar algún sentimento nestes malvados, quen lles impediría satisfacelo? Se quixesen saquear a casa do seu xefe, matarme e fuxir, acaso non son donos e señores? Que o ceo o queira!, continuaba, vertendo un torrente de bágoas, o máis ditoso que me pode acontecer non é arrancarme canto antes unha vida que xa non debe ser máis que macelada polos horrores?

Non obstante, pouco a pouco, renacendo a esperanza dentro desta alma nova e fortalecida polo exceso de desgrazas, a sra. de Franlo decidiu amosar moita coraxe, cría que esta debía de ser necesariamente a mellor decisión; resignouse a ela. Xa que logo, foi visitar os postos, volveu soa por todas as cabanas, intentou dar algunhas ordes e atopou respecto e obediencia en todas partes. As mulleres fórona ver e recibiunas con respecto. Escoitou con interese a historia dalgunhas, seducidas e raptadas coma ela, primeiro honradas, sen dúbida, despois degradadas pola soidade e o crime e convertidas en monstros iguais aos homes cos que casaran.

"O meu Deus!, dicíase ás veces esta infortunada, como se pode un embrutecer ata tal punto?; sería posíbel que eu me volvese un día como estas desgrazadas?"

Despois encerrábase, choraba e reflexionaba sobre a súa triste sorte, non se perdoaba precipitarse ela mesma no abismo por exceso de confianza e de cegueira; todo isto a reconducía ao seu querido Goé e bágoas de sangue escorregaban dos seus ollos.

Así transcorreron oito días ata que recibiu unha carta do seu esposo, cun destacamento de doce homes que traía catro prisioneiros; tremeu ao abrir a carta e, sospeitando o que contiña, estivo a piques de vacilar por un intre coa a idea de darse ela mesma a morte antes de facer perecer a estes desgrazados. Eran catro homes mozos en cuxa fronte se distinguía a educación e condición.

"*Faredes meter o maior dos catro no calabozo*, ordénalle o seu marido; *é un pillabán que se defendeu e matoume dous homes; mais hai que deixalo vivo, teño que sacar información del. Os outros tres farédelos matar no acto*".

-Xa vedes as ordes do meu marido, dixo ao xefe do destacamento, que sabía que era o home de confianza do que Franlo lle falara. Facede, pois, o que vos ordena.

Tras pronunciar estas palabras en voz baixa, correu agocharse na súa habitación xunto coa desesperación e as bágoas. Mais escoitou, por desgraza, os berros das vítimas inmoladas ao pé da súa casa. A súa sensibilidade non aguantaba e esvaeceu. Unha vez volveu en si, o partido que estaba resolta a tomar reanimou as súas forzas; sabía que só cabía esperar algo na súa fortaleza e cobrou forzas; fixo poñer os obxectos roubados nos almacéns, apareceu pola aldea, visitou os postos, nunha palabra, dominouse tanto, que o tenente de Franlo, que partía o día seguinte ao encontro do seu xefe, rendeu ao esposo os informes máis vantaxosos acerca da súa muller… Non a culpemos; entre a morte e esta conduta, que decisión lle quedaba? Un non se mata mentres ten esperanza.

Franlo estivo fóra máis tempo do que crera, non volveu ata ao cabo dun mes, durante o cal enviou dúas veces prisioneiros á súa muller, que se comportaba sempre igual. Por fin, apareceu o xefe; traía sumas inmensas desta expedición, a cal lexitimaba con miles de sofismas, rexeitados pola súa honesta esposa.

-Señora, díxolle finalmente, os meus argumentos son os de Alexandre, de Gengis-Khan e de todos os famosos conquistadores da terra. A súa lóxica era a miña mais eles

tiñan 300.000 homes baixo as súas ordes e eu non teño máis de 400, ese é o meu agravio.

-Todo iso está ben, señor, díxolle a sra. de Franlo que, dadas as circunstancias, creu que debía preferir o sentimento á razón, mais se é certo que me amades, como vos dignastes dicirme a miúdo, non sentiriades verme morrer sobre un cadafalso ao voso carón?

-Nunca temades esa catástrofe, dixo Franlo, o noso refuxio é imposíbel de atopar, e nas miñas correrías, non temo a ninguén… mais se algunha vez somos descubertos aquí, lembrade que tería tempo de rompervos a testa antes de que vos poñan a man enriba.

O xefe examinou todo e, non atopando máis que motivos para estar satisfeito da súa muller, colmouna de eloxios e atencións, recomendouna máis que nunca aos seus homes e volveu partir. Os mesmos coidados da súa coitada esposa, a mesma conduta, os mesmos acontecementos tráxicos durante esta segunda ausencia, que durou máis de dous meses, ao cabo dos cales Franlo regresou ao cuartel, cada vez máis encantado coa súa esposa.

Había preto de cinco meses que esta pobre criatura vivía baixo a coacción e horror, asolagada no seu pranto e alimentada pola súa desesperación, cando o ceo, que nunca abandona a inocencia, dignouse, por fin, a ceibala dos seus males por medio do acontecemento máis inesperado.

Era o mes de outubro. Franlo e mais a súa muller ceaban xuntos baixo unha parra á porta da súa casa, cando de súpeto se escoitaron dez ou doce disparos de fusil no posto.

-Fomos traizoados, dixo o xefe, erguéndose da mesa e armándose axiña… Aí ten unha pistola, señora, quedade aí; se non sodes capaz de matar a quen vos ataque, voádevos vós mesma a tapa dos miolos para non caer nas súa mans.

Dito isto, e reuníndose a toda présa cos homes que quedaban na aldea, el mesmo sae coma un raio á defensa do desfiladeiro. Era demasiado tarde, 200 dragóns a cabalo que acababan de derrotar o posto, caen na chaira, co sabre na man; Franlo fai fogo coa súa tropa, mais sendo incapaz de poñela en orde, é reducido ao minuto, e a maioría dos seus homes son estoqueados e esmagados polos pés dos cabalos; atrápano, rodéano e retéñeno; 20 dragóns responden del e o resto do destacamento e o xefe á cabeza, corren cara á sra. de Franlo. En que cruel estado atopamos a esta desgrazada! Os cabelos en desorde, as faccións demudadas pola desesperación e o medo. Estaba apoiada contra unha árbore, a punta da pistola sobre o peito, disposta a quitarse a vida antes de acabar nas mans dos que ela tomaba polos axentes da xustiza.

-Detédevos, señora, detédevos!, bérralle o oficial ao mando, baixando do cabalo e precipitándose aos seus pés co fin para desarmala con esta acción, detédevos dígovos, *recoñecede ao voso desgrazado amante, é o que cae ante os vosos xeonllos, ao cal o ceo favorece bastante para encargarlle a vosa liberación, abandonade esa arma, e permitídelle a Goé ir botarse ao voso colo*.

A sra. de Faxelange cre que está soñando. Pouco a pouco, recoñece a aquel que lle fala e cae sen movemento nos seus brazos. Este espectáculo arranca as bágoas de todo aquel que o percibe.

-Non perdamos tempo, señora, díxolle Goé, volvendo a fermosa prima á vida; démonos présa, saiamos dun lugar que debe ser horríbel para os vosos ollos mais collamos antes o que vos pertence.

Forza o gabinete das riquezas de Franlo, retira os 400.000 francos do dote da súa prima e 10.000 escudos que fai distribuír entre os seus dragóns, precinta o resto, libera os prisioneiros, detidos por ese malvado, deixa 80 homes de gornición na aldea, volve buscar a súa prima cos demais e aconséllalle partir decontado.

Cando ela se dirixía ao camiño do desfiladeiro, viu a Franlo encadeado:

-Señor, díxolle a Goé, pídovos de xeonllos o perdón deste infortunado… son a súa muller… que digo? Son demasiado desgrazada para levar no meu seo probas do seu amor e o seu proceder sempre foi honrado cara a min.

-Señora, respondeu o sr. de Goé, eu non son dono de nada nesta aventura; soamente me deron a dirección das tropas, mais encadeeime a min mesmo ao recibir as miñas ordes. Este home xa non me pertence, non o salvaría senón arriscándoo todo; ao saír do desfiladeiro o gran preboste da provincia agárdame; virá dispoñer del; eu non lle farei dar un paso cara ao cadafalso, é todo o que podo facer.

- Oh, señor! Deixe que se salve!, exclamou esta persoa digna de todo interese, é a vosa desgrazada prima quen chorando volo pide.

-Unha inxusta piedade cégavos, señora, proseguiu Goé. Este desgrazado nunca se corrixirá, e salvar a vida dun home custará a vida de máis de cincuenta.

-Ten razón, exclamou Franlo; ten razón, señora, coñéceme tan ben coma min; o crime é o meu elemento, só vivirei para mergullarme de novo nel; non é a vida o que quero senón unha morte que non sexa ignominiosa; que a alma sensíbel que se interesa por min se digne conceder por única graza o permiso de que os dragóns me fagan saltar a tapa dos miolos.

-Quen de vós se quere encargar, rapaces? dixo Goé.

Mais ninguén se moveu; Goé mandaba franceses mais aí non debía atopar verdugos.

-Que me dean entón unha pistola, dixo este desalmado.

Goé, moi conmovido polas súplicas da súa prima, achégase a Franlo e el mesmo lle entrega a arma que pide. Oh, o colmo da perfidia! O esposo da srta. de Faxelange, apenas ten o que desexa, dispara ao sr. de Goé… mais sen acadalo, afortunadamente; este tiro alporiza aos dragóns, aquilo convertese nun asunto de vinganza, non escoitan máis que ao seu resentimento, precipítanse sobre Franlo e masácrano nun minuto. Goé marcha coa súa prima tan axiña como ve o horror do espectáculo. Volven pasar o desfiladeiro a galope. Un cabalo manso agarda a srta. de Faxelange ao outro lado da garganta. O sr. de Goé axiña dá contas ao preboste da súa operación; a xendarmería toma o posto; os dragóns retíranse e a srta. de Faxelange, protexida polo seu liberador, está en seis días no colo dos seus pais.

-Aquí tedes a vosa filla, dixo este ousado home ao sr. e á sra. de Faxelange, e aquí tedes os cartos que vos colleron. Escoitádeme agora, señorita, e veredes porque apracei para este momento as aclaracións que debo sobre todo o que vos afecta. Axiña que partistes, as sospeitas que nun principio só vos ofrecín para retervos, viñéronme atormentar con forza; non houbo nada que non fixese para seguir as pegadas do voso raptor e para coñecer a fondo a súa persoa, fun afortunado de abondo ao acertar en todo e non enganarme en nada. Só prevín aos vosos pais cando crin que estaba seguro de recuperarvos; non se me negou o mando das tropas que solicitei para romper as vosas cadeas e, ao mesmo tempo, ceibar a Francia do monstro que vos enganaba. Conseguín o obxectivo; fíxeno sen ningún interese, señorita, as vosas faltas e desgrazas elevan eternas barreiras entre nosoutros… teredes mágoa de min polo menos… sentiredes a miña perda. O voso corazón estará obrigado ao sentimento que me negastes e serei vingado… Adeus, señorita, eu cumprín cos vencellos do sangue e cos do amor; non me máis que afastarme de vós eternamente. Si, señorita, parto, a guerra que se libra en Alemaña ofréceme ou a gloria ou o óbito; non tería desexado máis que recibir os loureiros se me fose permitido ofrecérvolos e agora non buscaría senón a morte.

Con estas verbas, Goé retírase; por moitas súplicas que lle fan, escapa para non reaparecer xamais. Ao cabo de dez meses sóubose que, cando atacaba un posto á desesperada, deixouse matar en Hungría polos turcos.

Canto á srta. de Faxelange, pouco tempo despois do seu retorno a París, deu a luz o desgrazado froito do seu himeneo que os pais situaron cunha elevada pensión nunha casa de caridade. Despois do parto, solicitou con teima ao seu pai e a súa nai tomar o veo nas carmelitas; os pais pedíronlle en graza que non privara a súa vellez do consolo de tela preto deles; ela cedeu, mais, a súa saúde, esmorecendo día tras día, consumida polas coitas, murchada polas bágoas e a dor, aniquilada polos remorsos, morreu de consunción ao cabo de catro anos, triste e desgrazado exemplo da avaricia dos pais e da ambición das fillas.

Oxalá a narración desta historia converta a uns en máis xustos e a outros en máis sabios! Non lamentaremos entón a molestia que nos tomamos por transmitir á posteridade un suceso, que por moi arrepiante que sexa, podería servir para o ben dos homes.

A DOBRE PROBA

Hai tempo que se dixo que a cousa máis inútil do mundo era probar unha muller; os medios para facela sucumbir son tan coñecidos, a súa febleza tan segura, que os intentos se volven absolutamente superfluos. As mulleres, así como as cidades de guerra, teñen todas un lado indefenso, só se trata de descubrilo. Unha vez descuberto, a praza réndese axiña. Esta arte, así como todas as demais, ten uns principios, dos cales se poden deducir algunhas regras particulares, dependendo dos diferentes físicos que caractericen as mulleres que se ataquen.

Hai, no entanto, algunhas excepcións a estas regras xerais e esta historia escríbese para demostralas.

O duque de Ceilcour, con trinta anos de idade, cheo de enxeño, unha faciana encantadora, e o que vale máis que todas estas vantaxes porque fai valer todas as demais, posuidor de oitocentas mil libras de renda que gastaba cun gusto e unha magnificencia sen parangón, puxera na súa lista, dende había cinco anos que gozaba desta prodixiosa fortuna, a trinta das mulleres máis fermosas de París, polo menos, e como comezaba a cansarse, Ceilcour quixo casar antes de volverse realmente insensíbel.

Pouco satisfeito coas mulleres que coñecera, non atopando en todas máis que falsidade en lugar de franqueza, tolemia en lugar da razón, egoísmo en lugar da humanidade e xerga en lugar do sentido común..., véndoas todas entregarse aos meros motivos do interese ou do pracer, non atopando na súa posesión máis que pudor sen virtude, ou libertinaxe sen voluptuosidade, Ceilcour volveuse difícil, e para non equivocarse nun asunto do que dependía o repouso e a felicidade da súa vida, decidiu poñer en uso á vez todo o que podía seducir e todo o que, asegurada a súa vitoria, podía, destruíndo a ilusión á cal quizais a debía, convencerlle do que realmente lle valera a súa conquista. Esta sorte de manobra era segura para conducilo a unha apreciación razoábel. Mais cantos perigos o rodeaban! Había no mundo unha muller que puidese resistir á proba? E se a embriaguez dos sentidos na que Ceilcour a quería mergullar primeiro chegaba a entregarlla, resistiría ela á caída do prestixio, amaría finalmente a Ceilcour por si mesmo ou só amaría nel a súa arte? A artimaña era moi perigosa; canto máis se decataba, máis determinado estaba a abandonar definitivamente a aquela cuxo desinterese sería bastante patente para non amar del máis que a si mesmo e para reducir á nada o fasto do que ía rodearse no designio de seducila.

Dúas mulleres atraían entón a súa mirada, e xunto a elas se detivo, determinado a escoller entre as dúas a que lle amosase máis franqueza, e, sobre todo, desinterese.

Unha das mulleres chamábase a baronesa Dolsé. Había dous anos que quedara viúva dun vello marido que a desposara aos dezaseis e só a conservara dezaoito meses sen obter dela herdeiros.

Dolsé tiña unha desas facianas celestiais coas que Albani caracterizaba os seus anxos. Era alta…, moi delgada…., algo de desleixo e indolencia no carácter…, esa especie de abandono nas maneiras que case sempre revela unha muller apaixonada, que máis ocupada en sentir que en aparentar, só semella ignorar que é fermosa para demostralo con máis seguridade. Un carácter doce, unha alma tenra, un espírito algo novelesco, acababan de facer desta muller a criatura máis sedutora que había por aquel entón en París.

A outra, a condesa de Nelmours, tamén viúva e con vinte e seis anos de idade, tiña un xénero de beleza que non era igual; unha fisionomía marcada, trazos un pouco á romana, ollos moi fermosos, talle alto e cheo, máis maxestade que xentileza, menos adornos que pretensións, un carácter esixente e imperioso, unha inclinación excesiva ao pracer, moito enxeño, bastante mal corazón, elegancia, coquetería, e no seu poder, dúas ou tres aventuras non comprometidas de abondo para afectar á súa reputación, mais, así e todo, demasiado públicas para non acusala de imprudencia.

Se Ceilcour non escoitase máis que a súa vaidade ou interese, non vacilaría nada. Ningunha posesión de calquera muller de París era tan satisfactoria como a da señora de Nelmours. Arrastrala a un segundo himeneo era unha especie de vitoria á cal ninguén ousaba aspirar. Mais o corazón non escoita sempre esta morea de consideracións das cales se nutre o amor propio: déixaas nas mans do orgullo e decídese sen consultalo.

Este era o conto do señor de Ceilcour. Malia que sentía un gusto bastante vivo pola señora de Nelmours, ao aclarar o sentimento que experimentaba, recoñecía nel máis cobiza que delicadeza, e moito menos amor que pretensión.

Se examinaba, polo contrario o pulo que o arrastraba á interesante Dolsé, só atopaba unha tenrura pura, ceibe de calquera outro motivo. Quizais, resumindo, desexaría que o creran amante de Nelmours mais só era de Dolsé de quen quería converterse en esposo.

Con todo, xa bastante enganado polo exterior das mulleres, desgrazadamente moi seguro de que apenas se coñecían mellor ao posuílas, desconfiando dos seus ollos, non crendo xa no seu corazón, non fiándose máis que da súa cabeza, o duque quixo tentear o carácter desas dúas mulleres, e non decidirse, como dixemos, máis que por aquela da cal sería imposíbel dubidar.

Consecuente con estes proxectos, Ceilcour declarouse primeiramente a Dolsé: víaa a miúdo na casa dunha muller onde ceaba tres veces á semana. Esta moza viúva escoitouno primeiro con abraio e axiña con interese. Á marxe das súas riquezas…, título fútil aos ollos dunha muller como a baronesa, Ceilcour tiña tantos encantos e xentileza de espírito, un rostro tan delicioso, grazas tan conmovedoras…, tanta sedución nas maneiras, que era realmente difícil que unha muller se lle puidese resistir moito tempo.

-En realidade, dicía a señora Dolsé ao seu amado, ou teño que ser moi fébel ou moi tola para crer que o ser máis admirado de París se puidese fixar en min; é un pequeno momento de orgullo polo que terei que ser castigada axiña; mais se é así, dicídemo; sería unha inxustiza horríbel enganar a muller máis franca que algunha vez atopastes na vosa vida.

-Eu enganarvos? Como o podedes crer fermosa Dolsé? Sería detestábel o que o intentase convosco! Concíbese a falsidade ao carón do candor? Pode nacer o crime aos pés da virtude? Ah Dolsé, crede nos sentimentos que vos prometo: alentados por esas encantadoras miradas das que eu extraio o ardor, poden ter máis limites que a miña vida?

-Esas verbas son as que tedes con todas as mulleres; credes que non coñezo a restra? Trátase de dicir exactamente o que se pensa con elas! O sentimento e a arte de seducir son dúas cousas moi diferentes; para que as costas do primeiro cando trunfades co segundo?

-Non Dolsé, non, vós non debedes saber como se engana, é imposíbel que se vos ensinase algunha vez; o amante frío de abondo para empregar por sistema a arte de seducir non ousaría caer ante os vosos xeonllos; un raio dos vosos ollos engaiolantes, destruíndo os seus proxectos de vitoria, faría del un escravo deseguido e o deus que tería desafiado axiña o encadearía ao seu culto.

Un son de voz tan afagador, tanta elegancia na compostura, en resumo, tantos medios para agradar, sustentaban tan ben esas palabras, realzábanas tanto, prestábanlle unha enerxía tan viva, que a alma sensíbel da pequena Dolsé axiña non pertenceu senón a Ceilcour.

Desde que o pillabán así a soubo atacou con presteza á condesa de Nelmours.

Unha muller tan consumada, tan ateigada de artes e de orgullo, esixía consideracións doutro xénero. A Ceilcour, cuxo designio era, por outra banda, probar as dúas e non sentindo por ela unha predilección tan decidida como pola outra, custáballe algo máis de traballo falarlle a linguaxe do amor. O que está ditado pola razón pode ter a mesma calor que o que está inspirado pola alma?

Así e todo, malia os diferentes sentimentos por unha ou pola outra muller, Ceilcour estaba decidido a renderse só ante aquela que resistiría a proba meditada. Resistiríaa Nelmours? Pois ben! Tiña encantos de abondo para consolalo pola súa rival e xa que tería tido máis prudencia, axiña se convertería na máis querida.

-Mais que é da vosa vida señora?, díxolle unha tarde Ceilcour a esta. Creo que pensades vivir no retiro; antes non había paseo…, espectáculo que vostede non ornamentase; alí se acudía para vos ver; abandonounos e todo se volveu ermo… E por que illarse así? É misantropía, é compromiso?

-Compromiso! Gústame a palabra; é con quen, por favor, pretendedes que me comprometa?

-Ignóroo; mais coñezo de sobra quen quererría comprometerse convosco.

-Non mo nomeedes, suplícovolo; sinto tal xenreira por todos os compromisos…!

-É irreconciliábel?

-Coido que me tomades por unha coqueta.

-É o nome que convén á muller máis deliciosa cuxa existencia se poida concibir? Se o é doullo….

E a condesa, botando ao duque olladas tenras, que axiña afastaba:

-Realmente, respondeu, sodes o home máis perigoso que coñezo; prometinme moreas de veces non vervos xamais e…

-E ben! É o corazón o que destrúe os proxectos da razón?

-Non, nada diso; eu concibo proxectos prudentes e despois a miña inconsecuencia entúrbaos; iso é todo o que pasa. Analizade iso como mellor vos pareza e sobre todo non lle vexades nada ao voso favor.

-Ao pensar en prohibirmo, crestes, pois, que era posíbel que houbese niso algo relacionado co meu orgullo?

-Acaso non coñezo eu a xentes fachendosas coma vostede? A seguridade de agradar que teñen sempre lles fai crer que é imposíbel que non teñan éxito; as verbas máis lixeiras dunha muller parécenlles declaracións, unha ollada é unha derrota e a súa vaidade, sempre disposta a aproveitarse das nosas feblezas, non ve nunca nelas máis que trunfos.

-Oh nada máis lonxe de pensar así!

-Enganariádesvos moito.

-E como non quero sufrilos preto de vós.

-Credes logo que non volos perdoaría?

-Quen sabe ata onde chega a vosa carraxe.! Arriscaríame a ela, así e todo, se estivese moi seguro do perdón.

-Morredes de ganas de facerme unha declaración de amor.

-Eu…? Nin unha palabra; sería o home máis torpe se quixese propoñermo… Ao vervos, coñecería moi ben todo o imperio dese sentimento do que falades; animaríame preto de vós, abrasaría os meus sentidos por moitas ganas que tivese de defenderme del…, mais se tivera que confesarvos todo isto, xamais atoparía expresión, ningunha sería do meu agrado para describir o que vós me inspirades tan ben, e estaría obrigado a arder sen poder describir nunca a miña paixón.

-Acaso non é isto unha declaración?

-Querédelo tomar coma iso? Entón é inaudito que non me aforredes o traballo.

-Señor, sodes realmente o home máis insoportábel que vin algunha vez na miña vida.

-Xa vedes cal é o imperio da gratitude nunha alma fermosa… Tento agradarvos e vós abafádesme.

-Agradarme? Estades a leguas. Non é moito máis natural dicir simplemente a unha muller se un a ama ou non a ama que empregar con ela esa intelixíbel xerga coa que tentades declararvos?

-Mais supoñendo que ese fose o meu proxecto, non vos enganaría máis dende que eu fose descuberto?

-É dicir que teño que ser eu quen vos diga se vostede me ama ou non?

-Cómpre, cando menos, que me deixedes ver se non vos aflixiría demasiado se me atrevese a dicírvolo.

-E un aflíxese por ese tipo de cousas?

-E interesaríanvos?

-Depende.

-Dádesme esperanzas.

-Non o dixen?, terei que botarme aos seus xeonllos!

-Ou que non vos enfadedes por verme caer aos vosos…

E Ceilcour, botándose aos pés da súa fermosa amada tras dicir estas verbas, estreitaba amorosamente as mans desa encantadora muller e ateigábaas de bicos.

-Vaia descoido outra vez pola miña parte!, dixo Nelmours erguéndose… Non pasarei oito días sen me arrepentir.

-Non prevexades as desgrazas do amor antes de saborear os seus praceres.

-Non, non, o máis sinxelo e non coller nunca rosas cando un teme, coma min, as espiñas… Adeus Ceilcour… Onde ceades este serán?

-O máis lonxe que poida de vós.

-E por que?

-E que vos temo.

-Si se me amase, mais acabades de dicir que non.

-Sería o máis desgrazado dos homes se pensásedes algunha vez así…

E como, tras estas palabras, a condesa entrou precipitadamente no coche, había que separase; mais non foi sen facer prometer ao duque de Ceilcour que fose cear á súa casa ao día seguinte.

Durante este tempo, a interesante Dolsé, moi lonxe de crer o seu amante aos pés doutra, alimentábase da felicidade de ser amada por el. Non concibía, dicía a unha das mulleres na que tiña máis confianza, como, con tan escasos atractivos, conseguira

engaiolar ao home máis amábel que había no mundo… Por que merecía ela as súas atencións…? Como faría para conservalas? Mais se o duque lle fose algunha vez infiel, non morrería de dor? Nada máis real que o que dicía esta encantadora mulleriña, máis namorada do que el cría: unha recoñecida lixeireza de Ceilcour converteríase, sen dúbida, non golpe máis terríbel que podería recibir.

En canto á condesa de Nelmours, nada de tráxico neses sentimentos: sentíase afagada por unha conquista como a que acababa de lograr, mais isto non lle quitaba o sono. Que Ceilcour a tomaba a título de amante? O pracer de humillar a vinte rivais era un gozo delicioso para o seu orgullo… Que a desposaba? Sería divino converterse na muller dun home que posuía cen mil libras de renda. Deste xeito, nela o interese ou a vaidade cubría todos o gastos do amor. Mais, malia todo iso, non deixaba de compaxinar os seus proxectos de resistencia. Se o duque só quería conseguir unha amante, era esencial facelo languidecer; canto máis tentase dignarse a compracela, máis se fixarían todos os ollos nela. Rendéndose de contado, podía ser cousa de dous días e, en lugar do trunfo, non atoparía máis que humillación… Que maior importancia non tería aínda defenderse ben supoñendo que Ceilcour tivera o matrimonio como obxectivo? Non renunciaría a este proxecto se obtiña das mans do amor o que só desexaba obter do himeneo? Había, xa que logo, que descubrilo, retelo…, moderalo se se inflamaba demasiado..., reavivalo se escapaba... Así o engano, a coquetería, as artimañas, e a falsidade debían ser as armas coas que ela tiña que servirse mentres que a tenra Dolsé, totalmente entregada ao seu candor, non ía amosar senón a verdade…, a inocencia e a tenrura. Mais a condesa estaba soa planificando todos estes proxectos. Imos axiña ver se o que unha muller como ela resolve no silencio das súas paixóns execútase de igual xeito cando un as inflama.

Tal era o estado das cousas, cando o duque, decidido á primeira parte da súa proba, resolve comezar coa baronesa. Estaban entón no mes de xuño, época na que a natureza se desenvolve con tanta magnificencia. Ceilcour convida a baronesa a ir pasar dous días a unha propiedade estupenda que posuía non arredores de París, onde tiña a pretensión de seducila por medio de todo o máis cabaleiroso que puidese imaxinar e de coñecer o suficiente a súa alma nesta primeira aventura para poder adiviñar de antemán cál sería o efecto da proba que despois tentaría no desenlace.

Ceilcour, o máis galante, o máis magnífico dos homes e un dos máis ricos, no escatimou nada para facer tan agradábel como magnífica a festa que destinaba a Dolsé. A condesa, que non debía formar parte da viaxe, ata ignoraba o proxecto e o duque tivera coidado de só integrar na compaña que el destinaba á baronesa mulleres tan por debaixo dela que ningunha quedara sorprendida polo incenso que el ía ofrecer aos seus pés. En canto aos homes, o duque confiaba neles… Todo ía sucumbir ante o ídolo, sen que xurdise nada que puidese alarmar o amante, nin nada que debese eclipsar a amada.

Dolsé chamábase Irene; uns fogos artificiais ofrecidos a esta amábel viúva o día da súa festa eran o pretexto para a diversión preparada.

Ela chega: a unha legua do castelo, deixábase o camiño para entrar polas avenidas. Unha carroza de nácara, formando unha especie de trono recuberto por un pavillón verde e ouro, enganchado a seis cervos enfeitados con flores e con cintas, conducido por un mozo representando o Amor, agardaba á baronesa ao bordo do camiño; é sacada do seu coche e levada nese trono por doce mozas co emblema dos xogos e das risas; cincuenta cabaleiros armados á antiga escoltan a carroza coa lanza enristrada; chegan sucando os aires.

Apenas nos patios do castelo, unha muller alta, vestida como nos tempos da cabalería, escoltada por doce virxes e precedida por Ceilcour vén recibir a baronesa cando sae da súa carroza e acompáñaa ata o bordo da escalinata. O noso heroe, vestido

de cabaleiro, máis fermoso que Marte con este atavío, e que poderíamos tomar polo valente Lancelot do Lago, esa estrela da Táboa Redonda, dobrou un xeonllo ante a baronesa cando a viu entrar e introduciuna nas dependencias.

Alí todo está preparado para un deses festíns que antano chamaban corte plenaria[7]; as salas estaban cheas de mesas dispostas de xeito diverso. Tan axiña como Dolsé aparece, fanse escoitar as fanfarras, os óboes, as frautas, os violinistas comezan as alboradas; os malabaristas veñen facer moreas de xogos encantadores, os trobadores cantan por todas partes as loanzas da célebre heroína. Por fin entra ela co seu cabaleiro nunha última sala onde lle agardaba a comida máis deliciosa, servida nunha mesa bastante baixa rodeada de colchóns para o repouso. As virxes ofrécenlle almofías de ouro para lavarse, que conteñen os máis doces perfumes e os seus fermosos cabelos, arrastrados polo chan, serven para enxugarse. Entón cada cabaleiro colle unha moza para xantar no seu mesmo prato, e como se pode imaxinar doadamente, Ceilcour e Dolsé axiña se atopan xuntos. Na sobremesa, reaparecen os trobadores e entreteñen a baronesa de novo con copras e improvisacións.

Rematada a comida, pasan a unha liza xa preparada. É unha chaira inmensa, cuxos soberbios pavillóns ornamentan a distancia; pero a parte destinada aos combates está rodeada de anfiteatros recubertos de alfombras de cor verde e ouro. Os heraldos de armas percorren a pista onde se *farán proezas*. Os xuíces de campo veñen ver a liza. Nada iguala a beleza destes preparativos e, sobre todo, da vista; por unha banda, vense trofeos, que apenas se poden fitar debido ao brillo das raiolas de sol que reflicten por todos lados; por outra banda, os cabaleiros que se arman, que ensaian, un xentío innumerábel, e, namentres, os ollos marabillados non saben onde dirixir as súas preferencias, o aire resoa ao lonxe da multitude de instrumentos espallados en cada esquina da chaira, aos cales se une o ruído confuso dos aplausos e das aclamacións.

Namentres, as mulleres enchen as gradas, a baronesa dá a sinal e todos á loita, comezan o torneo. Cen cabaleiros verde e ouro son os paladíns, levan as cores da baronesa; dun número igual, vermello e azul son os asaltantes; estes parten con impetuosidade, diríase que os seus corceis, ao non atopar a terra rápida de abondo para levalos contra o inimigo, bótanse polos aires. Arremeten contra os paladíns…, os cabaleiros incorpóranse, os cabalos rinchan…, as armas quebran, uns botan por terra aos seus inimigos, outros tinguidos de po, só se distinguen polos esforzos que fan para impedir seren esmagados. A esta arrepiante desorde mestúranse o ruído dos tambores, os berros da asemblea; todos os guerreiros das catro esquinas do mundo semellan estar reunidos nesta chaira para inmortalizarse ante os ollos de Belona e de Marte.

Este combate, do cal os verdes saen vitoriosos, cesa para dar lugar ás loitas regulamentadas.

Cabaleiros de todas as cores, cada un guiado pola súa dama, que leva atado con nós de flores o corcel do seu amante, achéganse os uns aos outros e combaten así durante algunhas horas. Por fin se presenta un heroe, está vestido de verde, desafía a todo o que aparece na liza…, anuncia con orgullo que nada iguala a fermosura de Dolsé, loitan contra el. Máis de vinte guerreiros abatidos por el, son obrigados a ir confesarse vencidos aos pés da heroína de Ceilcour, que lles impón a todos condicións distintas, cumpridas por eles no acto.

Esta primeira parte do espectáculo ocupou todo o día e a sra. Dolsé, que aínda non tivera tempo de encontrarse a si mesma, é conducida á súa dependencia, onde Ceilcour lle solicitou permiso para volver recollela ao cabo dunha hora, para amosarlle os seus xardíns pola noite: esta proposición alarma por un intre a inxenua Dolsé.

[7] *Cour pléniere*: era o costume. Véxanse as novelas de cabalería.

-Ceos!, díxolle Ceilcour, acaso non coñecedes as leis da cabalería? Unha dama está tan segura nos nosos castelos coma no seu propio pazo; a honradez, o amor e a decencia, velaí as nosas leis, velaí as nosas virtudes; canto máis nos abrasa a beleza que servimos, máis nos encadea aos seus pés o respecto.

Dolsé, sorrindo a Ceilcour, promételle entón acompañalo a calquera parte a onde el teña o designio de guiala, e cada un vaise preparar para o segundo acto desta agradábel festa.

Ás dez da noite, Ceilcour vén buscar o obxecto das súas atencións, as conchas de lume, que iluminaban a ruta que debían seguir, formaban, por medio de diferentes cordóns de luz, os dous nomes enlazados do amante e da amada no medio dos atributos do Amor. Foi así como chegaron á sala do espectáculo francés, onde os principais actores deste teatro representaron *O Sedutor* e *Zeneide*. Á saída da comedia, dirixíronse a outra parte do parque.

Alí atópase unha sala de festas deliciosa, cuxo interior só está decorado por grilandas de flores naturais, entrelazadas nun millón de buxías.

Durante a comida, un guerreiro montado e armado con todas as pezas aparece e vén desafiar un dos cabaleiros que se atopa na mesa; este érguese, e cóbreno con todas as súas armas; os dous combatentes soben a unha explanada fronte á mesa da cea, e conceden ás damas o pracer de velos baterse de tres maneiras diferentes; feito isto, enxérganse vir en tropel os malabaristas, os trobadores, os violinistas e cadanseu na súa arte entretén o círculo ata a fin da comida; mais todo se dirixe a Dolsé: pantomimas, versos, música, todo a canta, todo a celebra, todo é análogo aos seus gustos, absolutamente todo se centra nela.

Lonxe de ser insensíbel ante tanta delicadeza, os seus ollos, ateigados de amor e de gratitude, trazan ao seu cabaleiro os sentimentos que a axitan…

-Fermosa maxestade, dille ela inxenuamente, se aínda estivesemos neses tempos tan renomeados, coido, de verdade, que me escolleriades como a vosa dama…

-Anxo celestial, respóndelle moi baixo Ceilcour, estariamos destinados o un para o outro en calquera tempo que vivisemos; deixádeme gozar do encanto de crelo, mentres agardo o de convencervos diso.

Despois de cear, pasaron a unha sala diferente, e esta, adornada sen artificios, ofrece ao natural as distintas decoracións necesarias para dúas encantadoras óperas de Monvel, que a elite dos comediantes italianos executa alí perante os mesmos ollos do amábel autor destas dúas pezas, o cal máis honrado aínda na sociedade que delicioso nas súas inxenuas e encantadoras obras tivera a ben encargarse dos preparativos e da execución desta brillante festa.

O amencer vén iluminar o desenlace da segunda peza, e regresan ao castelo.

-Señora, díxolle Ceilcour á baronesa, ao levala á súa habitación, perdoade se só vos podo conceder moi poucas horas de sono, mais os cabaleiros desta festa que só están motivados polos vosos ollos, que só combaten con ardor cando merecen os vosos eloxios, non queren emprender mañá a importante conquista da torre de xigantes sen estar seguros da vosa presenza… Denegariádeslles este favor? Máis instruído ca eles do que debe rematar esta senlleira aventura, non debo deixarvos ignorar que esta presenza, sempre tan desexada en todas partes, vólvese aquí moi esencial; o cabaleiro de armas negras, xigante furioso desta torre, que nos amola, el e mais os seus, dende hai moitos anos…, que algunhas veces vén facer incursións ata as mesmas portas do meu castelo, este cabaleiro, en definitiva, perigoso, obrigado a ceder ao ascendente da súa estrela, perderá a metade das súas forzas así que vexa os vosos encantos. Aparecede, pois, fermosa Dolsé, e que o que vos rodea poida dicir comigo, que fixando para sempre o amor e o pracer nos nosos felices climas, traedes asemade a calma e a tranquilidade.

-Seguiríavos sempre, cabaleiro, di a baronesa, e que esa calma, que vós credes que dispoño, se atope con máis seguridade en todos os corazóns que a que reina no meu no presente.

Dous grandes ollos azuis cheos de chamas crávanse, ao dicir estas verbas, nos de Ceilcour, e levan no fondo do seu corazón trazos divinos que non esmorecerán xamais.

A sra. Dolsé deitouse nunha grande axitación; tanta delicadeza, miramentos, galantería por parte dun home que ela idolatraba, acababan de mergullar os seus sentidos nunha sorte de delirio que nunca antes experimentara; e, como despois de algo tan clamoroso, parecíalle imposíbel que aquel que a ocupaba exclusivamente non ardera no mesmo sentimento, entregouse indefensa a unha paixón que non parecía ofrecerlle máis que delicias, e que, no entanto, lle preparaba moitos males.

En canto a Ceilcour, firme no seu proxecto de proba, por moita profundidade que tivese a ferida que acababan de abrir as tenras miradas dunha muller tan bonita, resistiu e prometeuse máis firmemente que nunca non entregarse senón á máis digna de encadealo eternamente.

Dende as nove da mañá, as cornetas, os címbalos, os cornos, as trompetas chaman os cabaleiros ás armas e espertan a baronesa… Demasiado emocionada por ter pasado unha boa noite, axiña está preparada para a saída; baixa, Ceilcour agárdaa; cincuenta cabaleiros verdes, armados con todas as pezas, toman deseguido a dianteira; a baronesa e Ceilcour séguenos nunha calesa da mesma cor, tirada por doce pequenos cabalos apingarados, tamén pintados de verde, cubertos por arneses de veludo con puntadas de ouro. Apenas acadan a fraga onde o cabaleiro das armas negras tiña a súa residencia, a preto de cinco leguas do castelo de Ceilcour, cando ven seis xigantes armados coas súas porras, montados sobre enormes cabalos, abatendo aos seus pés os catro cabaleiros que galopaban na vangarda.

Todo se detén; Ceilcour e a súa dama avanzan ata a cabeza do destacamento, e de alí, parte un heraldo de armas coa orde de preguntar ao xigante da torre negra, un dos que acaban de aparecer, se será descortés de abondo para rexeitar a entrada nos seus Estados á dama do Sol, que vén pedirlle que veña cear co cabaleiro das armas verdes, que ten o honor de servila.

O heraldo avanza; o cabaleiro negro achégase tamén ao lindeiro do bosque; o seu tamaño, a maza, o cabalo, a faciana, os xestos…, todo impón, todo é arrepiante; pasa a entrevista ante a mirada dunha e doutra parte, e o heraldo volve dicir que nada pode dobregar a *Catchukricacambos*.

-Os trazos luminosos da dama do Sol, dixo, xa me arrebataron a metade do meu poder; eu súfroo, nada se resiste ao poder dos seus ollos, mais o que queda da miña liberdade éme demasiado querido como para consentir perdela, sen defendela; ide, pois, dicirlle a esa dama, engadira o xigante, que non terá nada de min que non consiga pola forza e asegurádelle que combaterei con tanto fervor os guerreiros que a acompañan como evitarei as miradas…, só abondaría un raio delas para encadearme aos seus xeonllos.

-Ao combate…, ao combate, amigos meus!, exclama Ceilcour, abalanzándose nun magnífico cabalo; e vós, señora, seguídenos de preto, xa que os vosos ollos nos deben asegurar a vitoria; cun inimigo tan poderoso como o que imos combater é bo empregar á vez a forza e o engano.

Avanzan; os xigantes multiplícanse; vense saír de todos os recunchos do bosque. Os cabaleiros verdes divídense para estar en condicións de facer fronte a todo. Premen os flancos dos seus fogosos corceis, saben diminuír o ascendente dos seus inimigos con habilidade e axilidade e diríxenlles golpes que non poden evitar… A heroína segue de preto os que loitan por ela. O que evita os seus ferros, os seus fermosos ollos destrúen.

Todos se repregan, todos se retiran en desorde. Os vencedores derriban aos vencidos nas zonas máis tupidas dos bosques e chegan, á fin, preto dun claro en cuxo medio está situado o castelo de *Catchukricacambos.*

Era un pavillón amplo e alto, flanqueado por catro torres de mármore negra como o acibeche; nos muros víanse iniciais e trofeos de armas en prata dispostos simetricamente; un foso rodeaba o edificio ao cal só se penetraba a través dunha ponte levadiza. Así que os ananos negros que ocupaban o alto das torres enxergan a calesa da dama do sol, fan chover sobre ela unha nube de frechiñas de ébano cun groso ramo en cadansúa punta. En dez minutos, Dolsé, a súa carroza, os cabalos e máis de catro toesas arredor dela, atópanse cubertos de rosas, de xasmíns, de lilas, de xuncas, de caraveis e de nardos… Case non se distingue baixo estas masas de flores.

Non obstante, xa non se ve un só inimigo, todos entraron no castelo cuxas portas se abren no acto. Entón chega Ceilcour, que levaba encadeado cunha cinta verde o cabaleiro das armas negras, o cal así que se ve preto da baronesa, bótase aos seus pés e recoñécese abertamente o seu escravo. Suplícalle honrar coa súa presenza a súa morada e todos entran, vencedores e vencidos, todos se introducen no castelo ao son dos címbalos e dos clarinetes.

Chegada ao patio interior, a baronesa apéase e entra nas salas, magnificamente decoradas, onde a reciben, inclinándose, sesenta mulleres, esposas dos cabaleiros vencidos, e que asemellan ter de máis de oito pés de altura. Cada muller sostén unha cesta chea dos máis fermosos agasallos pero todos compostos de cousas sinxelas, aínda que senlleiras e raras, co fin de non ferir a delicadeza de Dolsé, que non tería aceptado xoias de valor: eran flores e froitos naturais das especies máis fermosas e máis estrañas; habíaos de todas as partes do mundo. Vestidos das mulleres, asemade das diferentes maneiras de todos os países posíbeis, unha inmensidade de cintas de todas as cores, figuriñas de alcorza, marmeladas, trinta botes de esencias, de pomadas e de flores de Italia, os encaixes máis xeniais, frechas, alxabas dos salvaxes, algunhas antigüidades romanas, vasos gregos moi valiosos, ramos de plumas de todas as aves da terra, sesenta perrucas de muller á nosa moda así como á doutras nacións do mundo, quince tipos de pel diferentes e máis de trinta parellas de animaliños estraños dunha fermosura abraiante, entre os que se vían rulas amarelas e lilas da China máis alá de toda ponderación, tres servizos completos de porcelanas estranxeiras e dous de Francia, caixas de mirra, de áloes e outros perfumes de Arabia, entre os que estaba o nardo que os israelitas só queimaban perante o arco do Señor, unha fermosa colección de pedras preciosas, botes de canela, azafrán, vainilla, café, das especies máis raras e seguramente máis autóctonas, cen libras de buxías de cor rosa, catro mobiliarios completos, un de satén verde bordado de ouro, un de damasco de tres cores, un de veludo, o cuarto de Pequín, seis tapices de Persia e un palanquín das Indias.

Unha vez a baronesa viu todo, os xigantes colocan eses obxectos simetricamente nun anfiteatro preparado na sala do festín. Entón, o cabaleiro das armas negras, avanza e dobrando os xeonllos perante Dolsé, suplícalle que acepte eses dons, asegúralle que son as leis da guerra e que llas esixiría ao seu inimigo de ter tido a fortuna de vencelo. Dolsé arróibase…, quere defenderse, bota miradas ao seu cabaleiro nas que reina á vez a incomodidade no medio de moito amor… Ceilcour estreita as dúas mans desta encantadora muller, cóbreas coas súas bágoas e bicos; prégalle que non o aflixa ata o punto de desprezar miudezas de tan lixeira importancia. Bágoas involuntarias escorregan dos fermosos ollos nos que Ceilcour se abrasa cada vez máis. A baronesa non ten forzas para dicir que si…, mais a súa gratitude exprésao e iso serve.

Outras gradas en cuxa fronte se expoñen os agasallos, énchense deseguido de xigantes vencidos. *Catchukricacambos* pídelle á baronesa o seu permiso para executar algúns fragmentos de música da súa composición.

-Desprovista de harmonía, engade, esta arte sublime, non pode ser exercida nos nosos bosques como no seo das vosas brillantes cidades. Mais vós faredes sinais de que calen así que vos desagraden.

E nese mesmo intre, deixase escoitar a obertura de Efixenia, executada con toda a precisión xa que os que tocan así son os mesmos que a executan na ópera.

Póñense á mesa ao son desta deliciosa música que varía os seus instrumentos e que deixa escoitar alternativamente aos máis grandes mestres de Europa. Os ananos negros e os xigantes son os únicos que serven a comida na que son admitidos os cabaleiros vencedores e algunhas mulleres do cortexo da baronesa. A magnificencia, a delicadeza e o luxo presiden todos os servizos, e *Catchukricacambos*, a quen se lle permitiu facer os honores, cumpre esta tarefa con tanta graza como elegancia.

Ao saír da mesa, este nobre xigante pregúntalle á baronesa se lle satisfaría unha partida de caza no seu bosque. Levada de pracer en pracer, créndose nun mundo novo, acepta todo con aire de alegría. Os vencedores mestúranse cos vencidos e poñen á dama do Sol nun trono de flores erguido sobre un outeiro que domina todos as corredoiras do bosque que desembocan no castelo de mármore negra.

Apenas está alí, cando máis de sesenta cervas brancas, enfeitadas con grosos nós de cinta rosa e que semellan perseguir aos cazadores, veñen botarse aos seus pés, alí os monteiros as encadean con trenzas de violetas.

Namentres, cae o día, as trompetas tocan a partida; todos os cabaleiros, amigos ou inimigos, xa están de volta da caza, e parecen non agardar máis que as ordes do seu xefe. Ceilcour ofrece a man á súa dama para axudala a montar na fermosa calesa que a trouxo. No mesmo intre as portas do castelo negro ábrense con estrondo: del sae un carro inmenso. É unha especie de teatro ambulante arrastrado por doce magníficos cabalos sobre o cal están colocados como decoración todos os presentes entregados á dama do sol; catro das xigantes prisioneiras máis fermosas están encadeadas ás catro esquinas do carro con grilandas de rosas; esta formidábel tremoia pasa a primeira.

Dispoñíanse a seguir cando Ceilcour prega á baronesa que volva unha vez máis a súa mirada ao castelo do xigante que acaba de convidala a cear… Ela observa: o edificio está xa case consumido completamente polo fume; do alto das fiestras, da explanada das torres precipítase en grupo, no medio das lapas, aquela innumerábel cantidade de negriños que serviran a comida; piden auxilio, dan gritos, os cales, mesturándose cos asubíos dos remuíños abrasados, fan este espectáculo tan maxestoso como impoñente. A baronesa asústase; a súa alma compasiva e doce non pode sufrir nada do que semella aflixir aos seus semellantes; el amósalle que todo canto ve só é artificio e decoración… Acouga; o edificio está en cinzas e apresúranse ao castelo.

Todo está preparado para un baile. Ceilcour ábreo con Dolsé e as danzas séguense ao son dos máis variados e agradábeis instrumentos.

Pero, que imprevisto semella perturbar a festa? Eran arredor das dez da noite cando aparece un cabaleiro alarmado. *Catchukricacambos*, di, para vingarse do tratamento que recibiu, das contribucións recadadas á súa conta e do incendio do seu castelo, chega á fronte dun exército numeroso para aniquilar ao cabaleiro das armas verdes, a súa amada e as súas posesións.

-Vamos señora!, exclama Ceilcour, ofrecendo a súa man a Dolsé, vamos asegurarnos antes de asustarnos….

Abandonan o baile en desorde, chegan á entrada dos xardíns e albiscan no acto cincuenta carros de fume ao lonxe, todos unxidos a animais do mesmo elemento cuxas

formas son extraordinarias. Esta formidábel lexión avanza maxestosamente… Cando están a cen pasos dos espectadores, parte de cada un destes carros máxicos unha nube de bombas, da cal se desprende no aire, debido aos estoupidos, unha choiva de marcasitas que, ao caer, forma as iniciais de Ceilcour e Dolsé.

-Velaí un galante inimigo, dixo a baronesa, e xa non lle temo.

No entanto, o lume non cesa; masas enormes de foguetes e feixes de luces sucédense axiña; o aire está en brasas. Nese momento ven a Discordia descender no medio dos carros; ela divídeos coas súas serpes, eles sepáranse… afástanse e ofrecen o espectáculo sublime dun carrusel executado polos carros de lume; ese carros mestúranse insensibelmente, confúndense, envíanse granadas mutuamente; algúns chocan, envorcan, escachan, máis de trinta dos outros raptados por grifóns e aguias monstruosas, lánzanse impetuosamente ao aire, onde estoupan a máis de cincocentas toesas; cen grupos de Amores escapan entón dos seus restos, retendo grilandas de estrelas; descenden insensibelmente sobre a terraza na que se atopa a baronesa, alí quedan máis de dez minutos suspendidos sobre a súa cabeza, enchendo todo o parque dun grao de luz tan vivo que o propio astro quedaría deslustrado; unha música das máis doces déixase escotar, e este artificio maxestoso, sostido polos encantos da harmonía seduce a imaxinación ata tal punto que se fai imposíbel non crerse ou nos Campos do Elisio ou no paraíso voluptuoso que nos prometeu Mahoma.

Unha profunda escuridade sucede a estes fogos cegantes; volven entrar. Mais Ceilcour, que se cre no momento da primeira parte da proba que destina á súa amada, lévaa docemente baixo un bosque de flores onde asentos de céspede os reciben a ambos os dous.

-E ben fermosa Dolsé!, dille, puiden lograr disiparvos un momento e acaso debo temer que vos arrepintades da compracencia que tivestes por irvos aburrir dous días ao campo?

-Estades de broma?, di Dolsé, e non debo enfadarme por vervos empregar comigo outro ton e non o da sinceridade? Vostede fixo extravagancias e debería regañalo por iso.

-Se o único ser do mundo que amo puido saborear un intre de pracer, pode, entón, o que eu fixen cualificarse como vós dicides?

-Unha non se imaxinou nada máis galante mais esta desmesura desagradoume.

-E o sentimento que me inspirou todo, tamén vos importunou?

-Queredes adiviñar o meu corazón?

-Desexaría moito máis, quixera reinar nel.

-Polo menos, estade ben seguro de que ninguén podería ter máis dereito a elo.

-É inflamala esperanza a carón da incerteza e enturbar todos os encantos da unha cos terríbeis tormentos da outra.

-Non sería eu a máis desgrazada das mulleres se crera no sentimento que vós pretendedes pintar?

-E eu o máis infortunado dos homes, se non logro inspirárvolo?

-Oh Ceilcour!, vostede quere facerme chorar toda a miña vida a dita de tervos coñecido!

-Eu quererría facérvolo querer, quererría que este intre do que faledes fose tan precioso para vós como son para o meu corazón aqueles nos que o amor me fixou para sempre aos vosos pés.

E Dolsé derramando algunhas bágoas:

-Non coñecedes a miña sensibilidade Ceilcour, non a coñecedes! Non acabedes de confundir o meu xuízo se non estades seguro de merecer o meu corazón… non sabedes o que me custaría unha infidelidade… Vexamos todo canto pasou como verbas

ordinarias…, como praceres que pintan o voso gusto e delicadeza polas cales estou o máis agradecida posíbel, pero vaiamos máis lonxe; prefiro, para a miña tranquilidade, vervos como o máis amábel dos homes que estar un día obrigada a vervos como o máis cruel; a miña liberdade éme querida, a súa perda nunca me custou bágoas, derramareinas ben amargas se non sodes máis que un sedutor.

-Que inxuriosos son os vosos temores, Dolsé, que terríbel resulta para min velos de vós, cando eu fago todo por aniquilalos…, Ah, xa me decato, eses rodeos, só están feitos para informarme do meu destino… Cómpre que renuncie a deixar pasar a vosa alma as chamas que devoran a miña…, cómpre que atope a desgraza da miña vida, onde eu desexaría a felicidade… e seredes vós…, seredes vós, cruel, a que destruiredes toda a dozura dos meus días!

A escuridade non permitiu a Ceilcour ver aquí o estado da súa fermosa amada, mais esta estaba cuberta de bágoas..., os saloucos cortaban a súa respiración… Quere erguerse e saír do pequeno bosque; Ceilcour detena e obrígaa a sentar de novo:

-Non…, non, díxolle, non fuxiredes sen que eu saiba ao que aterme… Dicide o que debo agardar; ou devolvédeme a vida ou afundide neste intre un puñal no meu seo… Merecerei algún día algún sentimento pola vosa parte, Dolsé…, ou cómpre que me decida a morrer de desesperación por non ser quen de entenrecervos?

-Deixádeme, deixádeme, suplícovolo, non arrinquedes unha declaración que non achegará nada máis á vosa felicidade e que enturbará toda a miña.

-Oh xusto ceo!, daquela é así como debía ser tratado por vós…? Compréndovos, señora…, si, vós a pronunciades…, a miña sentenza, vós esclarecedes a miña horríbel sorte… E ben! Son eu quen vos vou abandonar… e aforrar o horror de estar máis tempo cun home que odiades…

E, ao pronunciar estas verbas, Ceilcour érguese.

-Eu, odiarvos!, dixo Dolsé reténdoo á súa vez… Ah! Todo o contrario, como sabedes…. Vós o queredes…, pois ben, si…., eu ámovos… Xa está dita esa palabra que me custaba tanto…., mais se abusades dela para o meu tormento…, se algunha vez amades a outra… precipitarédesme á tumba

-O momento máis doce da miña vida, dixo Ceilcour cubrindo de bicos as mans da súa amante…. Escoitei, pois, esa verba afagadora que vai constituír toda a felicidade da miña vida! E estreitando as dúas mans que el sostén sobre o seu corazón: oh vós a quen adorarei ata o meu derradeiro suspiro, prosegue con vehemencia, se é certo que eu puiden inspirarvos algunha cousa por que vacilariades en convencerme…? por que para outros momentos a posibilidade de facerse feliz…? Este asilo solitario…, o silencio profundo que reina en torno a nós…, ese sentimento no que ardemos os dous… Oh Dolsé!... Dolsé! Só hai un intre para gozar, non o deixemos escapar!

E Ceilcour, dicindo estas palabras nas que se debuxa o fervor da máis viva paixón, estreita fortemente entre os seus brazos o obxecto da súa idolatría… Mais a baronesa evítao:

-Home perigoso!, exclama, sabía moi ben que só querías enganarme… déixame fuxir, pérfido… xa non es digno de min.

Despois, continúa con carraxe:

-Velaí esa promesa de amor e respecto…, velaí a recompensa desa confesión que ti me arrincaches… xulgáchesme digna de ti por satisfacer un desexo…! Como me desprezaches, cruel! Debía agardar, pois, a só ser vista por Ceilcour baixo ese aspecto insultante? Vai procurar mulleres viles de abondo para non querer de ti máis que praceres e déixame chorar o orgullo que puxera en posuír o teu corazón.

-Criatura anxélica!, dixo Ceilcour, caendo aos pés desta muller celestial…, non, non choredes a posesión deste corazón ao que vos dignades atribuír algún prezo! É

voso…, é voso para sempre…, reinaredes nel despoticamente. Perdoade un intre de erro á violencia da miña paixón…, ese crime é o voso, Dolsé, é a obra dos vosos encantos, sería unha arrepiante inxustiza quererme castigar por el. Esquecédeo…, esquecédeo, señora, é o voso amante quen volo suplica.

-Volvamos, Ceilcour… fixestes que me decatara da miña imprudencia…, non cría no perigo preto de vós… Tedes razón, é a miña culpa…

E tentando aínda saír do pequeno bosque:

-Querédesme entón ver expirar aos vosos xeonllos?, dixo Ceilcour… Non, non vos deixarei ata que me perdoedes.

-Oh Señor! Como podo escusar a acción da vosa vida máis capaz de demostrarme a vosa indiferenza?

-Esa acción non era debida senón ao exceso do meu amor.

-Non se envilece o que se ama.

-Perdoade o delirio dos meus sentidos.

-Erguédevos, Ceilcour, sería máis castigada ca vós se fose preciso que cesase de amarvos… Pois ben, eu perdóovos, mais non me aldraxedes máis, non humilledes máis aquela da que esperades, segundo dicides, a vosa felicidade. Cando se ten tanta delicadeza no espírito, pode faltar no corazón? Se é certo que me amades como eu vos amo, teriades podido querer sacrificarme pola fantasía dun momento? Como me mirariades arestora se eu satisfixera os vosos desexos e como me desprezaría a min mesma se esta febleza tivera envilecido a miña alma?

-Acaso me detestaredes, Dolsé, por ter sido seducido polos vosos atractivos?... Acaso me odiaredes por ter escoitado do amor por un intre… só o seu ardor e embriaguez? Ah! Que escoite unha vez máis ese perdón ao cal aspiro.

-Vide, vide, Ceilcour, dixo a baronesa, levando o seu amante ao castelo, si perdóovos… máis será de moito mellor grado cando esteamos os dous lonxe do perigo; fuxamos de todo canto poida renovalo xa que somos o un e mais o outro culpábeis de abondo…, vós por coñecer mal o amor, eu por presumir del demasiado. Ceibémonos para sempre de todo o que podería multiplicar os nosos erros facilitando a recaída.

Os dous regresaron ao baile; un pouco antes de entrar, Dolsé colleu a man de Ceilcour.

-Meu querido amigo, díxolle, agora estades perdoado de boa fe… Non me acusedes nin de hipocrisía nin de severidade, aspiro realmente ao voso corazón e a miña debilidade houbo de facermo perder… Perténceme aínda por completo?

-Oh Dolsé! Sodes a máis prudente…, a máis delicada das mulleres e seredes sempre a máis adorada.

Non pensaron máis que no pracer… Ceilcour, encantado coa súa operación, viuse no cumio da alegría: velaí a muller que me convén, é esta a que debe facer a miña felicidade; a segunda e nova proba á que aínda a quero someter, faise case inútil, cunha alma como a súa; no debe existir unha soa virtude sobre a terra que non se atope no corazón da miña Dolsé; debe ser o asilo de todas… Imaxe do ceo, debe ser tan pura coma el. Mais, así e todo, non nos ceguemos, prosegue, prometín afastar toda prevención… A condesa de Nelmours é atoleirada, lixeira, xovial, ten encantos coma Dolsé, e a súa alma quizais sexa tan fermosa… Probemos.

A baronesa partiu ao saír do baile. Ceilcour, que el mesmo a conduciu nunha calesa de seis cabalos ata o fondo das súas avenidas, fíxose repetir o perdón, xuroulle milleiros de veces adorala para sempre, e separouse desta encantadora muller, tan seguro do seu amor coma da súa virtude e da delicadeza da súa alma.

Os agasallos que a baronesa recibira na morada do cabaleiro das armas negras tomáranlle a dianteira sen que ela o soubera; atopou a súa casa decorada con eles cando volveu.

-Ai!, dixo ante a visión deses dons, que momentos agradábeis a súa vista me fará sentir arreo, se me ama tan sinceramente como creo! Mais canto esgazarán o meu corazón estes presentes funestos se non son máis que os froitos da lixeireza deste home encantador ou os simples efectos da súa galantería.

A primeira ocupación de Ceilcour, ao regresar a París, foi ir á casa da condesa de Nelmours; ignoraba se sabía da festa que acababa de ofrecer a Dolsé, e, no caso de que estivera informada, sentía moita curiosidade por saber que tería producido esa conduta nunha alma tan orgullosa.

Acababa de sabelo todo. Ceilcour foi recibido friamente; pregúntalle como é posíbel deixar un campo onde se goza de praceres tan deliciosos. Ceilcour responde que non imaxina como unha broma de sociedade…, uns fogos de artificio ofrecidos a unha amiga poden causar tanto escándalo…

-Convencédevos pois, fermosa condesa, continúa, de que se, como vós pretendedes, quixera dar unha festa, non me atrevería a propoñérvola senón a vós.

-Polo menos non volveriades cun ridículo como no que vos acabades de poñer, ao tomar como dama dos vosos pensamentos unha pequena mexericas das que non quedan, e que, sen dúbida, só se illa así para ocuparse máis novelescamente do seu fermoso cabaleiro.

-É certo, decátome dos meus erros, responde Ceilcour, e desgrazadamente só coñezo unha forma de reparalos.

-Cal é?

-Cómpre que vos prestedes a ela… e vós xamais o quereredes.

-E que teño que facer entón, por favor?

-Escoitade antes de alporizarvos. Uns fogos artificiais á baronesa Dolsé son unha ridiculez, estou de acordo, e, para compensalos, só vexo unha festa para a condesa de Nelmours.

-Eu, converterme na imitadora desa mulleriña, deixarme botar flores na cara, como espectáculo…! Oh! Por unha vez, conviredes que se eu borro así as vosos culpas, sería outorgándomas a min mesma, e non teño nin o desexo de compartir as vosas loucuras arriscando a miña reputación, nin o desexo de tapar as vosas inconsecuencias ateigándome de ridículo.

-Non está moi claro, no entanto, que sexa un ridículo enorme dar_flores a unha muller.

-Tedes entón a esa muller? Realmente, felicítovos, é a parella máis bonita… Dirédesmo polo menos…, debedes…., acaso non sabedes canto me interesan os vosos praceres? Quen tería pensado, hai seis meses, que sería esa criaturiña…, con talle de boneca…., ollos bastante fermosos, se queredes, mais que non din nada…, un aire de pudor… que me superaría se fose home… e non máis formada que se saíse do convento. Porque esta muller leu algunhas novelas imaxínase ter filosofía no espírito e que debe correr axiña a mesma carreira que nosoutras; ah! Nada é tan divertido…. Deixádeme rir a gusto, suplícovolo… Mais non me digades que vos custou traballo… Aposto a que vinte e catro horas…. Ah! Ceilcour, excelente historia! Quero divertir con ela a París, pretendo que o universo admire a vosa elección e gusto polas festas…, porque, bromas á parte, dise que era dunha elegancia… Así que me concededes, pois, a graza de poñer os ollos sobre min para suceder a esta heroína…? Que gloria para min…

-Fermosa condesa, dixo Ceilcour co maior sangue frío, cando se esgoten os vosos sarcasmos, tentarei falarvos razoabelmente…, se iso é posíbel.

-Vamos, falade, falade, escóitovos, xustificádevos se vos atrevedes.

-Xustificarme eu…? Teñen que existir culpas para xustificarse un e a que vós me imputades, non resulta imposíbel despois dos sentimentos que me coñecedes por vós?

-Non vos coñezo ningún sentimento por min, non sabía que algunha vez me deixara ver algún; se así for, non teriades, sen dúbida, dado unha festa a Dolsé.

-Eh! Deixádeo, señora, unha broma, sen consecuencias; din un baile e algunhas flores a Dolsé, mais só é a condesa de Nelmours a muller que máis amo do mundo, a quen pretendo dar unha festa.

-Se polo menos, con ese proxecto de dar dúas, encomezase por min!

-Mais pensade que é un problema de calendario: se santa Irene precede nel a santa Enriqueta en tres semanas, é a miña culpa? E que importa esa frívola disposición cando só Enriqueta reina no fondo do meu corazón e non pode ser precedida por ninguén?

-De sobras o sei que xa mo dixestes, mais, como queredes que o crea?

-É preciso ou coñecerse moi pouco, ou estar moi desprovista de orgullo para aventurar todo o que acabades de dicir hoxe.

-Oh, a modo! A inconsecuencia só vos afecta a vós; non hai nin un grao de vaidade menos dentro de min; aínda non me poño por debaixo da vosa deusa, e crin poder burlarme dos dous sen facer xulgar a miña humildade.

-Sede entón xusta por unha vez na vosa vida; apreciade as cousas polo que valen e así gañaremos todos.

-É que cometín a toleada de aspirar ás vosas miradas…. considereino unha especie de trunfo, cuxa aniquilación me desagradaría… Xurádeme pois que esa pequena insolente xamais vos inspirou nada.

-Cómpre esixir ese xuramento daquel a quen encadeades? Non vos perdoo por pensalo tan sequera… e se actuase ben, iso ofenderíame ata o punto de non vos ver máis.

-Ah! Sabía ben que o pillabán ía obrigarme a lle pedir escusas.

-Nin unha palabra, mais hai cousas fóra de toda verosimilitude.

-Probabelmente sexa a historia de todo isto.

-E porque tanto barullo se así o considerades?

-Non quero nada do que semella arrebatarvos de min.

-Pero algo pode logralo?

-Que sei eu! Quen coñece aos homes?

-Non sigades confundíndome.

-Moito imaxino que preferiríades que vos perdoase.

-Debedes… Veña, deixádevos de rapazadas e vide pasar dous días á miña morada, para saber alí, con máis certeza que en París, se é certo que eu soamente concibín a idea dunha festa para outra muller distinta á miña querida condesa…

E o hábil personaxe, collendo entón unha man daquela que el examina, achégaa ao seu corazón.

-Cruel, dille nunha arroutada, cando a vosa imaxe está gravada aí, para non borrarse endexamais, debedes supoñer que outra poida facer vacilar nel o voso imperio?

-Vamos, non falemos máis…, só para prometervos dous días…

-Conto con iso.

-Sería realmente unha loucura.

-Vós farédela.

-Vamos pois: o voso ascendente sobre min prevalece e trunfaredes sempre.

-Sempre?

-Oh! Non en xeral, hai certos límites que eu non franquearei xamais… e se eu crese que en todo isto hai o máis mínimo proxecto sobre a miña razón, rexeitaríavos con toda seguridade.

-Non, non, respectarase esa razón severa… Sexa o que sexa o que debo perder, as miras que teño sobre vostede, aliaríanse coa sedución? Engánase a unha muller que un despreza…, da cal se queren os praceres dun momento para non ocuparse dela nunca máis, tan axiña como son saboreados; mais de que diferente natureza son as condutas que se empregan con aquela da cal un espera a felicidade da súa vida.

-Gústame ver algo de prudencia en vós… Vós querédelo, irei vervos…, mais nada de fausto, que con esta diferenza se recoñeza a que debe existir entre a miña rival e eu. Quero que polo menos digan que actuastes con esta criaturiña como cunha muller coa que se está de cerimonia e comigo, como coa máis sincera amiga do voso corazón.

-Crede, dixo Ceilcour ao marchar, que unicamente os vosos desexos serán a norma da miña conduta…, que traballo algo para min, nesa festa cuxa homenaxe vos dignades aceptar, e que sería moi difícil que quedase satisfeito se non vira, neses encantadores ollos, o pracer de espertar o amor e reinar ao seu carón.

Ceilcour foi preparar todo; visitou dúas ou tres veces á condesa no intervalo, co fin de que nada puidese arrefriar as resolucións que ela tomara; fixo tamén dúas visitas secretas a Dolsé, á cal non cesou de falarlle da súa paixón; puido convencerse mellor que nunca da delicadeza dos sentimentos desta muller sensíbel e percibir sobre todo cal non sería a súa dolorosa aflición se se decataba de que, desgrazadamente, debía enganala. Ocultoulle co maior esmero a festa proxectada para Nelmours e, polo resto, abandonouse plenamente ao seu destino e ás circunstancias. Cando se ten o designio de tomar un partido e *motivos poderosos* nos determinan a elo, é preciso, despois de ter feito todo o posíbel por evitar o escándalo, entregarse sen temor ás consecuencias inevitábeis dun proxecto cuxas maiores precaucións quizais enturbarían a realización e prexudicarían, xa que logo, as nosas miras.

O vinte de xulio, a véspera da festa da sra. de Nelmours, esta encantadora muller parte pola mañá para dirixirse ao castelo. Chega ao mediodía á entrada das avenidas; dous xenios recíbena na súa carroza e préganlle que se deteña un intre.

-Non se vos agardaba hoxe, señora, nos Estados do príncipe Oromasis, díxolle un deles; moi ocupado cunha paixón que o devora, veu retirase aquí para xemer en liberdade. Estes proxectos de soidade son a causa de que fixera cambiar todos os camiños do seu imperio.

E, en efecto, a condesa, ao mirar cara á inmensa avenida que se presenta perante ela, non viu máis que árbores completamente despoxados do seu verdor, un aspecto árido e deserto…, un camiño cortado por todas partes, só ofrecendo barrancos e precipicios a cada paso. Un momento a vítima da broma:

-Oh! Sabía de sobra, di, que só lle virían á cabeza cousas ridículas; se é así como necesita recibirme, douno por liberado da súa galantería e vólvome.

-Mais señora, di un dos xenios, reténdoa, sabedes que o príncipe con só dicir unha palabra pode cambiar ao intre a face do universo; permitide, pois, que o informemos e a continuación dará ordes para facilitar a vosa chegada á súa morada.

-Namentres agardo, que queredes que faga?

-Oh, señora! Fai falla un século para informar ao príncipe?

O xenio toca o aire coa súa variña máxica, un silfo sae de detrás dun árbore, atravesa o aire con rapidez e volve aínda con máis rapidez. Apenas chega á carroza da condesa, para avisala de que é dona de descender, cando volve partir coa mesma prontitude, e, no segundo traxecto, todo cambia a medida que suca os aires. Esa mesma avenida agreste, solitaria, destruída na que non se vía nin unha alma, de súpeto chea con

máis de tres mil persoas, ofrece aos ollos da condesa o decorado dunha magnífica feira, adornada con catrocentas tendas a cada lado da alameda, cheas de todo tipo de xoias e obxectos de moda. Encantadoras rapazas, vestidas de xeito pintoresco encargábanse das tendas e anunciaban as mercadorías. As pólas daqueles árbores nus e despoxados o intre anterior, ceden agora baixo o peso das grilandas de flores e dos froitos cos que están cargados, e aquel camiño, quebrado hai pouco, é agora unha alfombra de verdor que se percorre no medio dun bosque de roseiras, de lilas e de xasmíns.

-O voso príncipe é un tolo, sen dúbida, dixo a condesa aos dous xenios que a acompañan.

Mais ao pronunciar estas verbas, muda de cor, resulta doado discernir nos trazos da súa fisionomía que orgullosa e afagada se sinte polas consideracións que se toman para sorprendela e motivala. Ela avanza:

-Princesa, dille un dos dous xenios que a guía, todas estas bagatelas, todas estas frivolidades que os vosos ollos, máis brillantes que o raio, poden percibir nestas tendas, sonvos ofrecidas; suplicámosvos que teñades a ben escoller e o que os vosos dedos de alabastro se dignen tocar, volverá atoparse esta tardiña nas dependencias que vos son destinadas.

-Está moi ben, responde a condesa; sei canto se anoxaría o dono destes lugares se rexeitase esta galantería mais serei discreta.

E avanzando polas avenidas, percorre, tanto pola dereita como pola esquerda, as tendas que lle parecen máis elegantes; toca moi poucas cousas pero desexa moitas. Como era observada escrupulosamente e non se perdía ningún dos seus xestos, nin das súas miradas, marcan coa mesma exactitude o que ela indica e desexa; observan de igual xeito que gaba a fermosura dalgunhas mulleres que despachan as xoias… E axiña verán de que xeito Ceilcour satisfai ata os seus menores desexos.

A trinta pasos do castelo, a nosa heroína ve chegar ao seu amante baixo o emblema do xenio do Aire, seguido por outros trinta xenios que semellan formar a súa corte.

-Señora, dixo Oromasis (terase a ben recoñecer a Ceilcour baixo este nome), estaba lonxe de esperar o honor que vos dignades facerme: veriádesme acudir lixeiro ante ante vós se tivera previdо este favor; permitídeme, continuou inclinándose, bicar o po dos vosos pes, e prostrarme perante a divindade que preside o ceo e que regula os movementos da terra.

Ao mesmo tempo, o xenio e todos os que o rodean prosternan a cara sobre a area, ata que a condesa fai un aceno para ordenar que se levanten; entón todos avanzan cara ao castelo.

Apenas chegan ao vestíbulo cando a fada Poderosa, protectora dos dominios de Oromasis, vén saudar respectuosamente á condesa; era unha muller alta de corenta anos aproximadamente, moi fermosa, vestida maxestosamente e cuxo aire afábel só presaxiaba cousas afagadoras.

-Señora, díxolle á deusa do día, o xenio a quen vides visitar é meu irmán; o seu poder que non é tan extenso coma o meu, non lle permitiría recibirvos coma merecedes se eu non o axudase nas súas intencións. Unha muller confíase mellor a unha persoa do seu sexo; permitide, pois, que vos acompañe e que faga obedecer a todas as ordes que vos praza dar.

-Amábel fada!, respondeu a condesa, non podo senón estar encantada co que vexo, fareivos, pois, partícipe dos meus pensamentos; e a primeira proba da miña confianza é o permiso que vos pido para pasar uns minutos na dependencia que se me destinou; vai moita calor, camiñei moi axiña e desexaría poñerme algunhas roupas máis frescas.

A fada pasa a primeira, os homes retíranse e a sra. de Nelmours chega a unha sala moi ampla onde as probas dunha nova galantería por parte do seu amante axiña se presentan perante os seus ollos.

Esta muller elegante…, mesmo nas súas feblezas, tiña unha bastante excusábel nunha muller bonita. Posuíndo na súa terra, en París, o apartamento máis magnífico e mellor distribuído do mundo, cando tiña que ir a calquera parte, non abandonaba nunca sen pesar o seu delicioso retiro; estaba afeita á súa cama, aos seus mobles, aflixíase interiormente cando se trataba de estar noutra parte. Ceilcour non o ignoraba… A fada avanza; toca coa súa variña unha das paredes da sala onde se atopan as dúas; a separación vénse abaixo e presenta, ao caer, o apartamento completo de París que Nelmours bota en falta. Os mesmos adornos, as mesmas cores…, os mesmos mobles… a mesma distribución.

-Oh! Esta delicadeza, di, chégame, de verdade, ao fondo da alma.

Ela entra e a fada déixaa no medio das seis mulleres que máis admirara na avenida; estaban destinadas a servila. O seu primeiro detalle é presentarlle cestas nas que a condesa atopa doce tipos de indumentarias completas… Elixe… íspena, e despois, antes de volverse vestir cos novos vestidos que se lle ofrecen, catro das mozas frégana e reláxana á maneira oriental, mentres que as outras dúas vanlle preparar un baño no que repousa unha hora entre augas de xasmíns e de rosas. Ao saír atavíana cos magníficos traxes que ela escolleu… Chama, a fada vén recollela e condúcea a unha estupenda sala de festíns.

Un centro da maior beleza ocupaba unha mesa redonda, e, non deixaba, máis alá del, máis que un círculo cuberto de flores de laranxa e follas de rosas que subía e baixaba a vontade; este círculo, destinado a conter os manxares, non soportaba, así e todo, ningún. A condesa de Nelmours, unha das mulleres de París que máis entendía de darse banquetes, podía non estar contenta co que lle sería servido: a Ceilcour pareceulle máis agradábel deixala a ela mesma ordenar a súa cena. Cando el a convidou a sentar e os cubertos que reinaban arredor do círculo de flores foron ocupados polo seu séquito e por el nun número de vinte e cinco homes e outras tantas mulleres, a condesa leu, nun pequeno libro de ouro que lle foi presentado pola fada, un menú de cen tipos de pratos diferentes que sabían que eran os que máis lle gustaban… Unha vez ela escollía, a fada tocaba, o círculo afundíase, deixando, con todo, unha rampla arredor del da mesma forma na que os pratos se atopaban pousados, e o círculo de flores, subindo outra vez de contado, volvía cargado con cincuenta pratos da clase que a sra. de Nelmours escollera. Unha vez degustaba estes manxares ou cando, con só a vista, lle pasaba o capricho, elexía un novo, que aparecía no acto da mesma maneira e no mesmo número, sen que fose posíbel comprender con que arte chegaba o que desexaba con tanta velocidade. Abandona a opción indicada polo libro e pide outra cousa: a mesma obediencia, a mesma prontitude.

-Oromasis, dixo entón a condesa ao xenio do Aires, isto é demasiado singular… Estou na casa dun mago, deixádeme fuxir dunha mansión perigosa onde de sobras son consciente de que nin a miña razón nin o meu corazón poderían estar seguros.

-Eu non teño nada que ver en todo isto, señora, respondeu Ceilcour, esta maxia execútase mediante os vosos desexos; ignorades o seu poder; continuade facendo intentos e todos se cumprirán.

Tan axiña como estiveron fóra da mesa, Ceilcour propuxo á condesa un paseo polos seus xardíns. Apenas dan trinta pasos cando se atopan preto dun magnífico estanque cuxas beiras están tan ben disimuladas que é imposíbel ver onde remata este enorme estanque: semella ser un mar. De socato, tres buques dourados cuxas cordames son de seda púrpura e as velas de tafetá da mesma cor, bordadas de ouro, aparecen por

occidente; outros tres chegan do punto oposto, nos cales todo o que debe ser madeira é prata e todo o resto de cor rosa. Estes navíos están listos para enfrontarse e dáse a sinal do combate.

-Oh ceos! dixo a condesa, estes buques van baterse… e por que motivo?

-Señora, respondeu Oromasis, vóuvolo explicar. Se fose posíbel que estes guerreiros puidesen escoitarnos, quizabes aplacariamos a súa disputa; mais, agora que está demasiado establecida, seríanos difícil abrandalos. O xenio dos Cometas, ao mando dos buques de ouro, viu como lle raptaban, hai un ano dun dos seus pazos luminosos, a súa moza favorita, Azélis, cuxa fermosura, segundo din, non ten parangón; o raptor era o xenio da Lúa, que vedes á cabeza da flota de prata; ese xenio transportou a súa conquista ao forte que está alí sobre aquela rocha, proseguiu Oromasis amosando sobre o alto dunha montaña que tocaba as nubes unha cidadela inexpugnábel; velaí onde encadea a súa presa, perpetuamente defendida pola flota que mantén neste mar e á cabeza da cal o vedes hoxe. Mais o xenio dos Cometas, decidido a todo por recuperar a Azélis, acaba de chegar nos buques que se presentan perante vós e, se pode destruír os do seu adversario, apoderarase do forte, raptará a súa amada e volverá levala ao seu imperio. Con todo, un medio sinxelo podería de sobras facer cesar a disputa: unha sentenza do destino condena ao xenio da Lúa a devolver ao seu inimigo a beleza que o retén cando os seus ollos queden impresionados por unha muller máis fermosa que Azélis; quen dubida, señora, prosegue Oromasis, de que os vosos encantos son superiores aos desa moza? Exhibíndovos perante ese xenio ceibaredes, así, a desgrazada cativa que ten encadeada.

-Moi ben, dixo a baronesa, pero non estarei obrigada a ocupar o seu posto?

-Si, señora, é inevitábel, mais non abusará decontado da súa vitoria; un engano, tan doado coma hábil, volverame levar axiña aos vosos xeonllos. Tan axiña como vos esteades baixo o poder do xenio da Lúa, haberá que pedirlle con teima que vos deixe ver a illa dos Diamantes que posúe; el levaravos alí; que vaia convosco é todo o que quero: só alí o seu poder se atopa subordinado ao meu, e non teño máis que aparecer nesa illa para raptarvos do seu poder. Así, señora, vós faredes unha fermosa acción ceibando a Azélis, non correredes ningún risco, e antes deste serán estaredes de volta nos meus Estados.

-Todo iso está moi ben, proseguiu a condesa, mais pensade que para levar acabo esta fermosa acción, cómpre que eu sexa máis fermosa que Azélis.

-Ah! Non tema non ser tanto coma Azélis cando o é máis que ningunha muller do mundo! Mais, por desgraza, quizais xa non esteamos en tempo para todo isto e se o xenio dos Cometas chega a trunfar, a vosa xenerosa axuda é inútil. Velaí os buques dispostos a enfrontarse, agardemos o resultado do combate.

Apenas Ceilcour di estas palabras que as flotas comezan a canonearse… Durante máis dunha hora fan por unha parte e pola outra un fogo infernal.

Os navíos xúntanse á fin, unha formidábel infantería inunda as cubertas… chocan, agárranse, os seis buques fan un só campo sobre o que se baten con ardor; os mortos asemellan caer de todas partes, o mar está tinguido de sangue, está cuberto de desgrazados que se precipitan a el esperando atopar a súa salvación nas ondas. No entanto, toda a vantaxe é para o xenio da Lúa, os buques de ouro disgréganse, os mastros caen, as velas esgazan, apenas si quedan nesta flota soldados para defendela; o xenio dos Cometas non pensa máis que na fuxida, trata de soltarse, consígueo, a súa flota sepárase, mais non está en condicións de soportar o mar; o xenio que está ao mando, ao ver a morte rodealo por todas partes, bótase nun esquife con algúns dos seus mariñeiros. Xusto a tempo: apenas se fai mar adentro cando os seus navíos, os tres lanzados polos aires, no medio da pólvora queimada polo inimigo nos seus flancos,

escachan cun estrépito espantoso e volven caer en tristes fragmentos sobre a superficie axitada das augas.

-Velaí o espectáculo máis bonito que vin na miña vida, dixo a condesa, estreitando as mans do seu amado; parece como se adiviñásedes que a cousa que máis desexaba no mundo era ver un combate naval.

-Mais, señora, responde Oromasis, vedes a onde vos arrastra isto? Coa alma xenerosa que coñezo de vós, iredes de contado en axuda de Azélis, para devolvela ao príncipe dos Cometas, que como vedes, se dirixe a nosoutros para solicitar o voso apoio.

-Oh!, non, dixo a condesa rindo, non teño orgullo de abondo para emprender unha aventura así… Pensade que humillación se esa rapaciña resultase ser máis fermosa ca min… E ademais, atoparme empoleirada a seiscentas ou setecentas toesas do mundo… sen vós… cun home que non coñezo… que quizais sexa moi atrevido… Respondedes vós das consecuencias?

-Oh! Señora, a vosa virtude…

-A miña virtude…? E como queredes, por favor, que unha pense aínda nas virtudes deste baixo mundo cando se está tan preto dos ceos? E se ese xenio fora asemellarvos, credes que podería defenderme del?

-Os medios de librarvos de todos os perigos sonvos coñecidos, señora; desexade ver a illa dos Diamantes e eu arrebátovos decontado das mans dese audaz.

-Quen vos di que será a tempo? Todo iso implica horas: non cómpre máis que seis minutos e un guapo xenio para volver a unha amada infiel… Vamos, vamos, acepto, así e todo, continúa a condesa… pero fíome de vós, e, máis aínda, da vosa amábel irmá; non me abandonedes ningún dos dous e estou tranquila…

A fada prométeo. Nese intre chega o xenio vencido, que solicita máis vivamente aínda as bondades da amante de Oromasis… Ela está decidida; dáse unha sinal; a fortaleza respóndelle…

-Partide, señora, partide, dixo Oromasis; o xenio da Lúa acaba de escoitarme, está listo para recibirvos.

-Eh! Como queredes, por favor, que chegue ao alto desa rocha cuxo cumio un paxaro tería dificultade de acadar?

Entón a fada golpea o aire coa súa variña… Cordas de seda que ninguén vira suxeitábanse da beira por un lado. Fortemente atadas ao muro polo outro cabo, alónganse con rixidez; unha carroza de porcelana branca, enganchada a dúas aguias negras, descende rapidamente do forte mediante as cordas que se acaban de indicar. Cando está en terra, danlle a volta con rapidez; as aguias, poñéndose de fronte ao forte, parecen pretas a volver subir alí; a condesa e dúas das súas mulleres bótanse á carroza e o lóstrego tarda menos en atravesar a lúa que este fráxil coche en conducir ás barreiras do forte o valioso peso que se lle confía.

O xenio avanza, vén recibir a princesa…

-Oh decretos sagrados do destino!, exclama ao vela…, velaí a que me foi anunciada… velaí a que me vai encadear para sempre e vai liberar Azélis. Entrade, señora, vide recibir a miña man, vide gozar do voso trunfo…

-A vosa man!, di a sra. de Nelmours algo asustada… Realmente non teño moitas ganas; non importa, avancemos sempre, capitularemos decontado.

As portas ábrense e a condesa entra nas pequenas e deliciosas dependencias cuxos teitos, muros e chans son de porcelana ben variada, ben dunha soa cor. Ningún moble desta morada celestial era dunha composición diferente.

-Permitide, dixo o xenio deixando a súa dama nun gabinete de porcelana amarela e branca, permitide que vaia buscarvos a miña cativa…, cómpre que unha confrontación máis exacta asegure aínda mellor a vosa vitoria.

O xenio sae.

-Realmente, dixo a condesa botándose sobre un canapé de porcelana gorecido con coxíns de pequín azul, velaí un xenio moi agradabelmente aloxado; é imposíbel ver unha morada máis fresca…

-Mais é preciso ter coidado coas caídas, señora, respóndelle a muller á cal se dirixiu; moito me temo que todo o que vemos non sexa máis que unha artimaña e que esteamos aquí nos aires, arriscándonos extremadamente.

No mesmo intre as tres tocan as paredes e decátanse de que todo o edificio onde se atopan non é senón de cartón vernizado con tal arte que á primeira vista, un tomaríao, sen dúbida, pola máis fermosa porcelana.

-Ceos!, dixo a sra. de Nelmours, cun pavor algo divertido, imos caer de cabeza co primeiro vento e estamos aquí no maior dos perigos.

Mais as precaucións estaban demasiado ben tomadas e a que se atopaba neste decorado máxico era demasiado querida para o inventor da galantería para que tales riscos se fosen temer.

O xenio reaparece. Que sorpresa para a condesa! A que traen, a muller que vén rivalizar en beleza con ela é Dolsé…, é esa rival tan temida, ou, mellor dito, máis temida, e non teñamos ao lector en desacougo por máis tempo… a imaxe… unha total semellanza con Dolsé, unha moza tan perfectamente conforme a ela que todo o mundo se confundiu.

-E ben señora!, díxolle o xenio, xa que as leis do destino me condenan a devolver esta prisioneira tan pronto como unha muller máis fermosa ca ela conmovida os meus ollos, credes que podo romper agora as súas cadeas?

-Señora, dixo a condesa, avanzando cara á mociña, que ela continúa tomando por Dolsé… explicádeme todo isto, suplícovolo.

-Podedes queixarvos, responde esta moza cando este paso asegura o voso trunfo humillándome?... Reinade, princesa, reinade, sodes digna diso, deixádeme fuxir da vosa presenza, deixádeme sepultar para sempre a miña derrota e a miña humillación…

E a pequena muller desaparece, deixando aínda a condesa coa total ilusión de que a que acaba de ver era a súa rival, mais sen poder discernir que estraña fatalidade pode levala a esa circunstancia.

-Estades satisfeita, señora, dixo entón o xenio, e consentiredes darme a man?

-Si, responde a condesa, previda, mais coa condición de que antes de estreitar os nosos lazos, me ofrezades unha cea este serán na illa dos Diamantes e que ata a hora de dirixirvos alí eu percorra totalmente ás miñas anchas a vosa singular vivenda.

Admítense as condicións e a condesa continúa a visitar as dependencias máxicas do xenio da Lúa. Chega, finalmente, a un gabinete pintado de porcelana do Xapón, en cuxo medio había unha mesa que contiña un pequeno pazo de diamantes. Nelmours examínaos e comproba a súa autenticidade.

-Oh! En canto a isto, díxolle ás súas mulleres, non hai fraude como nas murallas desta casa, non vin xamais nada máis bonito. Que é esta xoia?, preguntou ao xenio, explicádemo, suplícovolo.

-É o meu agasallo de vodas, señora, é a reprodución exacta do pazo da illa onde esta noite me pedides cear… Dignádesvos, continuou ofrecéndollo, aceptalo con antelación como pago polos favores que agardo de vós?

-Ah!, respondeu a sra. de Nelmours, imos moi de présa! Os vosos diamantes son deliciosos e eu acéptoos con todo o meu corazón… mais gustaríame, confésoo, que non me comprometesen a nada… A miña sensibilidade repugna os amaños.

-Pois ben cruel!, proseguiu o xenio, facede entón canto vos praza… dispoñede de min á vosa vontade, todo vos pertence aquí; o meu castelo, as miñas xoias, os meus

mobles, os dominios que este serán imos percorrer xuntos, todo é voso, e, sen amaños, xa que vos desagradan; eu remitireime ao voso corazón e esperarei todo das disposicións que me esforzarei en facer nacer del.

Deseguido a mesa onde está o edificio de diamantes afóndese baixo a terra e trae de novo, en lugar de preciosas xoias, froitos xeados de todas clases; o xenio convida a condesa a refrescarse; ela acepta, mais non sen lamentar moi amargamente a desaparición do pequeno pazo de pedrerías cuxa visión parecía atraela moito.

-E logo onde está esa bonita xoíña?, di ela con inquedanza…, que as vosas promesas…

-Están cumpridas, dixo o xenio; o que vós botades en falla, xa está a adornar o voso apartamento.

-Ah Deus!, responde a nosa heroína tras certa turbación e reflexión, vexo que hai que ter coidado co que se di aquí: os desexos que unha manifesta satisfanse con tal presteza que isto podería acabar alarmándome… Deixemos este lugar máxico, acheguémonos un pouco máis á terra, o día cae, quizais a illa onde debemos cear estea lonxe, apresurémonos para dirixírmonos alí.

-Mais non vos asustará, señora, proseguiu o xenio, a maneira na que imos abandonar esta morada celestial?

-Que? Acaso vai ser ese carro voante que me conduciu aquí?

-Non, señora, sabede todo o horror do meu destino: posto que vós non consentides en facerme feliz nesta morada, xa non me está permitido pretender volver vela; dominado pola influencia dos planetas que me rodean, estou obrigado por eles a perder insensibelmente cada parte dos meus Estados nos que non experimento máis que os rigores das mulleres que desexei; a magnífica illa dos Diamantes, onde vou levarvos, desaparecerá do mesmo xeito para min, se vos non vós decidides a convertervos na miña muller.

-Daquela seica ides perder ese bonito casteliño de naipes?

-Si, señora, vai engulirse connosco.

-Facédesme tremer, este xeito de viaxar é moi perigoso. Eu que nunca vou en coche sen temor a envorcar, xulgade os medos que me ides causar.

-A hora apura, señora, dixo o xenio, non temos un momento que perder; dignádevos a estendervos sobre este canapé, cubrídevos nel xunto as vosas mulleres coas cortinas de seda que vos ocultarán o perigo e, ante todo, non teñades ningún temor.

Apenas son pronunciadas estas palabras, apenas a condesa se envolve cando un trono arrepiante se deixa escoitar, e nun abrir e pechar de ollos, sen ter notado ningún movemento distinto ao de sentirse descender como por un zapón, de súpeto, atópase, ao abrir as cortinas, nunha especie de trono, pousado sobre a tilla dunha falúa, vogando sobre aquela mesma mar onde se librara o combate; atopábase no medio de doce navíos pequenos, cuxas enxarcias só estaban formadas por raios de luz; os mastros, as cubertas, os aparellos, a caixa do navío só ofrecían masas de lume. As remeiras eran rapaciñas de dezaseis anos, feitas para o pincel, coroadas de rosas e vestidas simplemente con pantalóns de cor carne que, cinguíndolles o talle, debuxaban agradabelmente todas as súas formas.

-E ben!, díxolle o xenio á condesa, achegándose respectuosamente a ela, fatigouse no camiño?

-Sería difícil facelo con máis suavidade; mais amosádeme, pois, o punto do que partimos.

-Velaí está, díxolle o xenio, mais non queda ningún resto nin da rocha nin do castelo.

Efectivamente, todo se afundira á vez, ou, máis ben, todo se transformara artisticamente na encantadora falúa que agora ocupaba a condesa.

Mentres tanto, os mariñeiros reman… as ondas xemen baixo os seus multiplicados esforzos, cando, de súpeto, unha engaiolante música se deixa escoitar sobre as galeras que navegan xunto coa da nosa heroína; estas orquestras están dispostas de xeito que se responden mutuamente, a modo das festas de Italia e a música non cesa durante toda a ruta, mais varía tanto polos distintos fragmentos que se executan como polos diferentes instrumentos. Dese lado escóitanse as frautas mesturadas cos sons das arpas e das guitarras; por outra parte, só son as voces; por aquí os óboes e os clarinetes; por alá os violíns e os baixos; e, por todas partes, o conxunto e o acorde.

Son sons agradábeis e melodiosos… ese ruído xordo dos remos que descenden de todas partes en cadencia… esa calma pura e serena da atmosfera, esa multitude de fogos repetidos nos espellos da onda… ese silencio profundo para que só se poida escoitar aquel que serve á maxestade da escena… todo seduce e embriaga os sentidos, todo mergulla a alma nunha melancolía doce, imaxe desa voluptuosidade divina que se debuxa nun mundo mellor.

Por fin se avista a illa dos Diamantes, o xenio da Lúa apresúrase a amosarlla a aquela que conduce alí; era doado distinguila, non soamente polos raios luminosos que se lle escapaban de todos lados senón aínda máis polo soberbio edificio que constitúe o centro.

Ese edificio de orde corintia é unha inmensa rotonda, sostida por columnas que asemellan diamantes polos fogos claros cos que están formadas. A cúpula é dun fogo púrpura, imitando o topacio e o rubí, e que, contrastando da mellor forma posíbel co fogo branco das columnas, imprime no total do edificio o aspecto do pazo da mesma divindade; non se podería ver nada máis fermoso.

-Velaí, señora, díxolle o xenio, a illa onde desexastes cear; pero antes de atracar nela, resúltame imposíbel non confiarvos os meus temores… Xa o vedes, non estou no meu elemento; o xenio do Aire, que tivo a ben enviarvos a min, pode vir reclamarvos nesta illa, onde, demasiado fébel para ousar combatelo, será preciso que vos ceda con toda a miña dor. Non teño máis que o voso corazón que me poida acougar, señora; dignádevos dicirme polo menos, que os seus movementos estarán á miña favor…

-Cheguemos… cheguemos, dixo a sra. de Nelmours, que a festa que me preparades sexa bonita e veremos o que farei por vós.

Con estas verbas, póñense en terra pola beira dun camiño cuberto de flores, iluminado de dereita a esquerda por feixes luminosos, representando grupos de náiades, cuxas bocas e mamas guindan ao lonxe chorros dunha auga clara e nítida. A condesa descende co ruído dos instrumentos da súa flota, conducida polo xenio e seguida dunha morea de ninfas dríades, faunos e sátiros que a acompañan xogando ao seu redor; así chega ao pazo dos Diamantes.

No medio da rotonda, tan magnificamente decorada no interior como soberbiamente iluminada por fóra, aparece unha mesa redonda, preparada para cincuenta persoas, iluminada polos reflexos da luz que parten do centro da bóveda sen que se poidan ver os focos que os lanzan[8]. O xenio da lúa ofrece á condesa de Nelmours un círculo de xenios dos dous sexos, pedíndolle permiso para deixalos acomodar no festín preparado para ela. A condesa concede e póñense á mesa.

[8] Sería moi desexábel que os iluminadores dos xardíns que se destinan ás festas, en París, adoptasen este método, e, sobre todo, que non iluminasen nunca por abaixo; mediante este procedemento cegan e non iluminan. Como esperar éxitos afastándose tanto da natureza? Acaso parten de abaixo os raios do astro que ilumina o mundo?

Dende que alí está, unha música doce e voluptuosa déixase escoitar do alto da bóveda e, no mesmo intre, vinte sílfides novas descenden dos aires e gornecen a mesa con tanta arte coma presteza. Ao cabo de dez minutos outras divindades aéreas retiran o antigo servizo e renóvano coa mesma rapidez, semellando perderse ao volver subir ás nubes que se arremuíñan arreo no centro da bóveda e da cal semellan descender cada vez que é preciso variar os manxares que elas achegan: así se fixo doce veces durante a comida.

Apenas apareceu a flota, cando unha música brillante e guerreira substitúe a da cea…

-Oh ceos! Estou perdido, señora, dixo o xenio, que acababa de facer os honores da festa, vén o meu rival… oio a Oromasis e non podo defenderme contra el.

Dito isto o ruído redobrase; Oromasis aparece no medio dunha tropa de silfos, e apresúrase aos pés da súa amada:

-Por fin vos atopo, señora! exclama, e o meu inimigo, vencido sen combater, non podería disputarvos.

-Poderoso xenio, responde axiña a condesa, nada se iguala ao pracer de vos volver ver; mais prégovos que tratedes humanamente ao voso rival… Non podo senón gabar a súa magnificencia e as súas xentilezas.

-Que sexa pois libre, señora, proseguiu Oromasis, eu rompo as cadeas que podía darlle; que goce incluso, tan doadamente coma min, da ledicia de vervos arreo… Mais dignádevos a seguirme; agárdanvos novas sorpresas; vaiamos lixeiros aos lugares onde se preparan.

Retoman o camiño da flota, afástanse da illa dos Diamantes e gañan de novo os Estados do príncipe do Aire. Unha soberbia sala de espectáculo, cuxo exterior estaba magnificamente iluminado, ofrécese no desembarco… A condesa de Nelmours ve alí executar *Armide* polos primeiros personaxes da Ópera. O espectáculo remata, o séquito máis presto e agradábel volve levar, por fin, a condesa á casa do seu amante polas avenidas iluminadas cheas de bailes e de festas burguesas.

-Señora, díxolle Ceilcour, conducindo ao seu apartamento aquela que el festexa, imos deixarvos; mañá agárdannos tantas aventuras que, para vencelos perigos que ofrecen, é xusto que vos tomedes algunhas horas de tranquilidade.

-Quizais este repouso que me aconsellades estará algo amolado, dixo a condesa, ao retirarse; mais vouvos ocultar a causa.

-Podo temela, señora?

-Ah, sedutor mortal!, só eu teño que temela!

E a sra. de Nelmours entra nas encantadoras habitacións que lle están preparadas. Alí atopa as mesmas mozas que a bañaron e a serviron ao chegar. Pero con que profusión de riquezas se atopan decoradas todas as partes deste apartamento! A condesa viu alí non soamente todas as miudezas…, todas as xoias que escollera pola mañá nas feiras que se expoñían nas avenidas, senón todo canto desexou… todo no que a súa mirada pareceu dirixirse con algo máis de interese… Avanza; unha habitación que non se atopaba no plano da casa de París ábrese deseguido ante ela: recoñece o salonciño de Xapón que vira na casa do xenio da Terra, igualmente decorado, no centro, cunha mesa onde se atopa o paciño de diamantes.

-Oh! Isto é demasiado!, exclama; que pretende, Ceilcour?

-Suplicarvos que aceptedes estas bagatelas, señora, responde unha das súas mulleres; todas son para vós; as nosas ordes son embalalas deseguido e mañá, cando espertedes, todo estará na vosa casa.

-Incluso o paciño de diamantes?

-Seguramente, señora, o Sr. de Ceilcour sentiríase moi apesarado se non o aceptásedes.

-Abofé que este home está tolo, di a coqueta facendo que a ispan… está tolo pero é encantador; sería a máis ingrata das criaturas se non recompensase eses procederes con cantos sentimentos me inspiran…

E a sra. de Nelmours, máis seducida que delicadamente namorada, máis afagada que sensíbel, adormeceu entre deliciosos soños producidos pola felicidade.

Na mañá do día seguinte, cara ás dez, Ceilcour veu preguntar á súa dama se repousara ben… se se sentía con azos e coraxe de abondo para ir visitar o xenio do Lume, cuxos Estados limitaban cos seus.

-Iría ata a fin do mundo, amábel xenio, prosegue a condesa…, non sen certos temores a extraviarme, confésoo… pero quen sabe se non me gustaría tanto perderme convosco como atoparme con outro! Polo demais, explicádeme, prégovolo, qué se fixo con todos os adornos, con todas as encantadoras xoias que estaban onte na miña habitación.

-Non o sei, señora, non colaborei á hora de poñelas na vosa habitación máis do que me impliquei en sacalas. Debe ser todo obra do destino: invencibelmente encadeado polos seus decretos, non son libre para nada e vós dominádelo moito máis cos vosos desexos do que eu o someto co meu poder. Eu implóroo e o vosos ollos escravízano.

-Todo isto é delicioso, prosegue a condesa, pero, non pensariades facerme aceptar presentes de tal magnificencia? Entre todo iso hai un pequeno pazo de diamantes que toda a noite me estivo roldando a cabeza e que apostaría a que vale máis dun millón… De sobras sabedes que non se agasallan cousas así.

-Ignoro completamente o que queredes dicir, señora, dixo Ceilcour, mais, paréceme que se, por exemplo, un amante chega a ofrecer un millón á que adora, supoñendo que o que espera a cambio desa muller idolatrada valla aos seus ollos o dobre, non soamente a amada non debería sentir ningún escrúpulo ao recibilo, senón que, como vedes, o amante quedaría aínda en débeda.

-Ese é o cálculo do amor e da delicadeza, amigo meu. Eu compréndoo e responderei a el como debo… Vaiamos ver o voso xenio do Lume… Si, si, disipádeme con algunhas chamas estrañas… as miñas ben me poderían obrigar a cometer aquí algunha extravagancia da que, malia a vosa galantería, quizais tivera que arrepentirme algún día. Partamos.

Un aeróstato dos máis elegantes agardaba á condesa.

-Señora, dixo Oromasis, o elemento que presido rara vez me permite viaxar doutro xeito que en coches desta especie. Fun eu quen llos fixo coñecer aos homes. Non receedes ningún dano neste; está dirixido por dous dos meus xenios que lle farán fender o aire axiña pero que non o manterán nunca a máis de doce ou quince toesas de altura.

A condesa senta sen temor sobre un encantador canapé situado ao longo da varanda; o xenio está ao seu carón e tras percorrer tres leguas en menos de seis minutos, o globo abátese sobre unha pequena elevación. Os nosos amantes descenden no medio do seu séquito, o cal atopan xa reunido. *Potencia* recíbeos e todos os ollos fitan o cadro que debe interesar.

Sobre unha explanada de seis fanegas aproximadamente, orientada en anfiteatro, de forma que ningunha parte do enfoque poida escapar á mirada, atópase unha cidade enteira adornada con magníficos edificios; templos, torres, pirámides érguense ata as nubes; distínguense as rúas, as murallas, os xardíns que as rodean e o camiño real que a ela conduce, en cuxa beira está o outeiro onde se atopan Ceilcour e mais a súa dama. Á dereita deste punto de vista, en relación aos espectadores elévase un enorme volcán que

vomita ao ceo as lapas nutridas nas súas entrañas e as nubes que escurecen o sol asemellan conter o raio no seu interior.

-Aquí temos as portas dos Estados do xenio que preside o lume, señora, dixo Oromasis, pero o máis prudente é deternos aquí ata que nos faga saber se podemos entrar con seguridade na súa cidade: a permanencia nela é moi perigosa.

Tan axiña como Ceilcour dixo estas palabras unha píntega, lanzada do volcán, vai caer aos pés daquela para quen se prepararon todos estes xogos e dirixíndose a Ceilcour:

-Oromasis, di, o xenio do Lume envíame para advertirvos de que non entredes na súa cidade, que non lle enviastes previamente a dama que está convosco; viuna... ámaa e pretende desposala decontado; toda a alianza queda rota se lle negades ese don e vai lanzar sobre vós e sobre canto vos rodea, todos os lumes dos que dispón para obrigarvos a satisfacelo.

-Ide dicirlle ao voso amo, respondeu Ceilcour, que cedería a miña vida antes do que el esixe. Viña velo a título de amigo…, sómolos; el sabe canto aumentan as súas forzas grazas ás miñas e o útil que lle son non me permite crer en procedementos desta clase… Que faga o que lle praza: estou a cuberto dos seus raios… Que os lance: gozaremos dos seus efectos sen temelos e a súa potente cólera só terá servido aos nosos praceres. A supremacia que a natureza me outorgou sobre el é máis ampla do que cre e cando teña rido da súa febleza fareille sentir o meu supremo poder…

A píntega volve partir tras estas verbas… dous minutos abondan para engulila de novo no volcán.

No mesmo intre o ceo escurece e o lóstrego suca a nube, remuíños mesturados con cinza e asfalto álzanse do seo da montaña e volven caer arremuiñándose sobre as edificacións da cidade… as lavas entreábranse… regatos de lume flúen por todas as rúas… o trono déixase oír… a terra treme… as chamas vomitadas polo volcán cunha impetuosidade moito maior, únense ao lume do ceo e ás sacudidas da terra, queiman, destrúen, derriban os edificios da magnífica cidade en ruínas que afunde por todas partes…, as torres que caen en ruínas, os templos que se consumen…, os obeliscos que se derruban, todo xea a alma, todo a enche de espanto, todo é a imaxe tebrosa desas destrucións modernas de España e de Italia, imitadas pola arte nesta circunstancia dun xeito que fai estarrecer…

-Ah, que sublime horror!, exclamou a condesa. Que fermosa é a natureza, mesmo nas súas desordes! Realmente, isto podería servir de materia a reflexións moi filosóficas.

Pero, pouco a pouco, o horizonte ilumínase, a nubes disípanse insensibelmente, a terra abre, engule moreas de cinzas e os anacos de edificios que a sobrecargan… A escena varía, a vista que ofrece é unha paisaxe deliciosa da Arabia feliz… Alí corren regatos límpidos bordeados de lirios, de tulipáns, de acacias; aquí vense labirintos de loureiros, perdéndose á entrada dun bosque de tamarindos; noutra parte, avenidas grotescas e irregulares de palmeiras, de azulas e da árbore das rosas; ademais, vense lindos arboredos de guelingas e de delebs onde se atopan simétrica e agradabelmente colocados sebes de cardamomo e de xenxibre; ao lonxe, á esquerda, vese un bosque de limoeiros e de laranxeiras, mentres a perspectiva da dereita, aínda máis pintorescamente rematada, só presenta lixeiros montículos onde medran en abundancia o xasmín, o café e a caneleira. O centro desta paisaxe engaiolante está adornado cunha tenda á maneira das que serven aos xefes dos árabes beduínos, pero infinitamente máis magnífica. Esta, de satén das indias bordada en ouro, érguese en cúpula a máis de oitenta pés de terra; todas as cordas que a suxeitan son de púrpura enlazadas de ouro, e magníficas grecas enriquécena arredor.

-Avancemos, dixo a fada, e non temamos máis a cólera dese xenio; cederá ante o noso poder: non lle queda outra facultade que a de facernos ben.

A condesa, cada vez máis abraiada, colle o brazo de Ceilcour, asegúranlle que é estraño saber levar a magnificencia e o gusto ata tal punto.

Chegan aos Estados do xenio da Píntega; este prostérnase ao ver a quen lle traen; pídelle mil perdóns por ser quen de conspirar contra ela nun momento dado.

-Nada corrompe tanto aos príncipes como a autoridade, señora, díxolle; abusan dela para satisfacer os seus caprichos; afeitos a non atopar obstáculos en nada, cando sobreveñen, irrítanse, necesitan desgrazas para lembrarlles que son homes. Agradezo ao destino ás que me acaecen; moderando o ferrvor dos meus desexos, ensínanme a formar só os prudentes… Eu era príncipe… e aquí me tedes pastor; pero, podo lamentar este cambio de estado dado que só a el lle debo a dita de tervos aquí?

Nelmours responde como debe a este afagador recibimento, e achéganse á tenda. Estaba preparada para unha comida campestre… mais que agreste decoración!

-Señora, díxolle o novo pastor, non podo ofrecer ao meu vencedor máis que unha comida moi frugal, dignarédesvos contentar con ela?

-É un xeito de servir unha cea que descoñecía, respondeu a condesa; o curioso dela divírteme.

O interior da tenda representaba un bosque de arbustos odoríferos cuxas pólas se pregaban baixo as moreas de paxaros de distintas especies que semellaban descansar sobre elas; todos os paxaros, que imitaban os das catro partes da terra, estaban enfeitados coas súas plumaxes como se existisen… Collíanos: o mesmo animal ou era asado baixo aquela plumaxe ficticia ou o seu corpo abríase, e pechaba dentro de si os pratos máis delicados e suculentos. Asentos de céspede irregularmente situados fronte a unha pequena elevación de terra cuberta de flores, servían a cada convidado de asentos e mesas e dábanlle ao conxunto desta comida campestre a aparencia dun alto de cazadores baixo unha boscaxe fresca.

-Pastor, díxolle Ceilcour ao xenio tras o primeiro servizo, ese xeito de comer pode resultar incómodo para a princesa; permitide que eu dea por un intre as ordes na vosa casa.

-Podo contrariarvos?, respondeu o xenio. Non coñecedes o voso ascendente sobre min?

No mesmo intre un golpe da variña trae unha mesa de uso corrente, que representa un cadro esmaltado con flores de Arabia as máis fermosas e mellor perfumadas, que froitas de todas as estacións e de de todos os mundos posíbeis cubrían sen orde. Por medio dunha arte sorprendente do decorador, non era preciso nin molestarse nin mudar de sitio; a propia cadeira, inclinándose, poñía a cada un arredor da mesa e todo variaba nun abrir e pechar de ollos.

Rematado este servizo, o xenio en cuxa morada estaban, propuxo á condesa tomar xeados nos seus bosques. Ao saír da tenda, penetran en avenidas deliciosas, formadas por todas as especies de árbores froiteiras que se poden ver no mundo, levando cada unha nas súas pólas o froito que lle é propio… pero xeado e coloreado ata o puto de enganar a todos os ollos. Nelmours, a primeira seducida, queda abraiada ante a singularidade de ver magníficos melocotóns e uvas na estación en que están, de ver a noz do coco, o froito da árbore do pan e a piña tan frescos como no seo mesmo das rexións onde tales froitos son comúns. Entón Ceilcour, arrincando un limón das Antillas, faille ver que os froitos imitados unen ao seu gusto natural a suavidade dos xeados máis exquisitos.

-Realmente, exclamou a señora de Nelmours, velaquí outra extravagancia que supera todo canto se pode dicir, paréceme que vos ides arruinar con esta aventura!

-Lamentaríao se fose por vós?, dixo Ceilcour, estreitando amorosamente a man da señora de Nelmours, e encantado de vela someterse, como veremos axiña, a un dos puntos máis esenciais das súas probas… Ah!, continuou el con paixón, se algunha vez a miña fortuna se vise arruinada por agradarvos, non ofreceriades da vosa os recursos que poderían reparala?

-Quen o dubida?, responde friamente a condesa, collendo azufaifas xeadas. Pero, así e todo, máis vale non arruinarse… Todo isto é encantador mais quero que sexades prudente… Xáctome de que non fixerades tantas extravagancias por esa pequena Dolsé… De imaxinarmo, non volo perdoaría.

A compaña que se achegaba impediu a Ceilcour responder e a conversa volveuse xeral.

Percorreron aqueles bosques encantadores, saborearon neles todos os froitos posíbeis; a noite chegou insensibelmente e conducidos por Ceilcour chegaron, sen se decatar, a un outeiro que dominaba unha chaira moi encaixada na que reinaba unha escuridade profunda.

-Oromasis, dixo o xenio de cuxa morada saían, temo que teñades chegado demasiado cedo.

-Ben, dixo a señora de Nelmours, velaquí aínda máis sorpresas; este home cruel non nos deixará un intre para reflexionar sobre os praceres que deixamos; con el non hai tempo a respirar.

-Pero, que está a pasar?, preguntou Ceilcour.

-Sabedes, respondeu o xenio do Lume, que os meus estados confinan coas illas do mar Exeo, onde os ciclopes traballan para Vulcano? Este pequeno val depende de Lemnos e como neste momento a guerra está declarada entre os deuses e os titáns[9], estou convencido de que o famoso ferreiro do Olimpo virá pasar a noite no seu obradoiro. Non será arriscado que vos acheguedes?

-Non, non, respondeu Oromasis; a miña irmá e mais eu non nos separamos e o seu poder conservador ponnos ao abeiro dos perigos.

-Un artificio encantador, xa o vexo, dixo a condesa, pero nada máis, porque despois, decididamente, déixovos; tería que reprocharme as vosas extravagancias se as compartise máis tempo

Dito isto, os ciclopes entran na forxa. Eran homes de doce pés de altura, que só tiñan un ollo no medio da fronte e que parecían totalmente de lume. Comezan a forxar armas sobre zafras inmensas; de cada martelada que dan, brotan de cada zafra moreas de bombas e de foguetes que, cruzándose en sentidos diversos, enchen o espazo dun fogo continuo. Estoupa un trono, o lume cesa, Mercurio, dende o alto dos ceos, descende xunto aos ciclopes; aborda a Vulcano, entrégalle feixes de armas, unha delas que o deus dos ferreiros prende ante o enviado do ceo: dela saen dez mil bombas á vez. Mercurio colle a arma e voa de novo aos ceos… O Olimpo ábrese, a escena, elevada a máis de cen toesas da terra, ofrece a asemblea completa de todas a divindades da fábula, nun día claro e sereno, formado polas raiolas dun sol inmenso que arde por enriba a cincocentos pés… Mercurio chega aos pés de Xúpiter, a quen unha talla maxestosa e un trono soberbio distinguen dos demais deuses; entrégalle as armas achegadas por Lemnos. A atención debida a este novo espectáculo impide que se vexan os cambios operados abaixo. Axiña o ruído que se escoita nos leva alí. Toda a dianteira

[9] Titáns ou Teutos, habitantes das proximidades do Vesubio, na Campania. Pretendíase que se servían dese volcán como unha arma para atacar ao Ceo; preto de alí libraron unha famosa batalla na que foron derrotados: esa é a orixe da coñecida fábula. Esta idea de que atacaban o ceo proviña da súa extrema impiedade e das súas perpetuas blasfemas contra os deuses. Estes pobos, vencidos, dirixíronse a Alemaña e adoptaron o nome de teutóns. A súa elevada altura fixo que durante moito tempo se lles tomara por unha raza de xigantes.

da perspectiva está ocupada só polos Titáns, dispostos a desafiar os deuses; acumulan rochas…, os deuses ármanse, é un caos universal, é un movemento admirábel que iluminan o sol por arriba, coma por abaixo enormes feixes de fogos lanzados en todo o momento cara ao Olimpo… Pouco a pouco, a morea de pedras semella disposta a tocar o ceo; os xigantes escalan; os fogos que lanzan mentres trepan as súas rocas, unidos aos que parten da terra, eclipsan axiña a luz dos ceos… Todas as divindades se axitan, todas estarrecen ou combaten. Os torrentes de bombas lanzadas pola alma terríbel de Vulcano, os innumerábeis raios, provocan, finalmente, a desorde entre os xigantes. A medida que uns soben, outros son derribados. Así e todo, o vigor, a coraxe dalgúns fanlles acadar as nubes mesmas que envolven os deuses; a esperanza renace, as rochas volven afundirse, os xigantes reaparecen, multiplícanse de tal xeito que apenas se distinguen no medio dos remuíños de chamas e de fume con que están cubertos… Pero os raios redobran igualmente no Olimpo; conseguen disipar, por fin, esa raza presuntuosa, e precipitalos á vez, no espantoso abismo que se entreabre para recibilos; todo se derruba, todo vén abaixo, non se escoitan máis que laídos e berros; canto máis preme sobre as bocas do Erebo a masa que se engule, máis se amplían estas; todo desaparece e das mesmas cinzas destes infortunados é de onde se producen os seus derradeiros esforzos. Diríase que o Inferno quere axudar á súa rebelión; daquelas aberturas multiplicadas do Tártaro saltan ata os ceos oitenta mil foguetes voantes, cada un dun pé de perímetro; golpean as nubes, fan desaparecer o Elisio, e esa enorme peza de artificio, que xamais se igualou a nada e que se percibe dende vinte leguas, deixa caer de novo, estoupando, unha choiva de estrelas tan brillantes que a atmosfera, aínda que envolta nas sombras da noite máis espesa, semella durante un cuarto de hora tan brillante como o máis fermoso dos días.

-Ceos!, dixo a condesa, asustada, xamais nada tan fermoso feriu a miña vista; se este combate tivo lugar, foi probabelmente menos sublime de como esta representación acaba de pintárnolo…Oh, meu querido Ceilcour!, proseguiu ela, apoiándose nel, nunca vos farei todos cantos eloxios merecedes… É imposíbel tentar dar unha festa mellor, imposíbel que reine á vez nela máis orde, máis magnificencia e gusto. Pero déixovos, hai demasiada maxia na sedución; tiven a ben deixarme engaiolar, pero non quero deixarme seducir.

E ao pronunciar estas verbas deixábase levar por Ceilcour, que a conduciu insensibelmente na escuridade ata un gabinete de xasmíns, onde lle rogou descansar sobre un banco que ela creu de céspede; el púxose ao seu carón. Unha especie de dosel, que a condesa non distinguiu, envolveunos deseguido aos dous de xeito que a nosa heroína non ve xa nin ónde está nin o gabinete no que se imaxina ter entrado.

-Maxia aínda!, dixo ela.

-Reprobades a que nos une tan intimamente, a que nos oculta aos ollos do universo, como se nosoutros fosemos os únicos seres que habitasen o mundo?

-Eu non reprobo nada, dixo a condesa totalmente emocionada, só quererría que non abusarades do delirio no que acabades de mergullar os meus sentidos durante vinte e catro horas.

-O que dicides sería unha sedución, xa vos valestes desta palabra; ora ben, non pensades que tal proceder só supón artificio por unha banda e febleza pola outra? Non estariamos os dous, señora, en tal situación?

-Quero supoñer que si.

-Pois ben, se é así, pase o que pase, todas as culpas corresponderán ao amor, e vós teredes tanta febleza así coma eu sedución.

-Sodes o máis hábil dos homes que coñecín.

-Oh! Moito menos cruel do que vós sodes.

-Non, non é crueldade, é prudencia.

-É tan doce esquecela ás veces.

-Si, claro, pero o arrepentimento!

-E quen podería facelo nacer? Aínda vos amolan esas miserias?

-Xúrovos que non… só temo á vosa inconstancia. Esa pequena Dolsé desespérame.

-Non vistes como vola sacrifiquei?

-O xeito pareceume tan hábil como delicado… Pero como crer en todo isto?

-O mellor xeito que ten unha muller de poder asegurarse o seu amante é encadealo por medio de favores.

-Iso credes?

-Non coñezo outro máis seguro.

-Pero, onde estamos?, por favor… Quizais non fondo dun bosque, lonxe de toda axuda… Se emprendésedes… a cousa máis inconsecuente do mundo eu tería que chamar, ninguén acudiría…

-Pero, chamariades?

-Depende do que ousarades.

-Todo…

E Ceilcour, tendo a súa amada entre os brazos, trataba de multiplicar os seus trunfos.

-Ben! Non o dixen?, contestou a condesa, abandonándose lenemente, non o prevín? Velaquí a onde todo isto conduce: ides esixir extravagancias?

-Non mas prohibides?

-E como queredes que se prohiba algo aquí?

-É dicir, que só vos tería debido máis que a ocasión, a miña vitoria non será máis que a obra das circunstancias…

E ao dicir isto Ceilcour semellaba arrefriarse; en lugar de acelerar o desenlace, demorábao.

-Nada diso, díxolle a condesa facéndolle volver gañar todo o camiño que acababa de perder… Queredes que unha se insinúe á xente? Queredes, en fin, obrigarme a que eu dea os primeiros pasos?

-Si, é unha das miñas teimas, quero que me digades… que me amosedes que a ilusión ou as circunstancias non teñen ningún peso na miña conquista e que, aínda que fose o ser máis escuro ou o máis desventurado, non por iso obtería de vós menos do que esixo.

-Meu Deus!, e que importa todo iso? Eu, eu diríavos todo o que quixerades; hai momentos na vida nos que non costa dicir nada e xuraría case que acabades de facer nacer un deses intres.

-Esixides, pois, que me aproveite del?

-Eu non esixo máis do que prohibo; xa vos dixen que non sabía xa o que facía.

-Permitide, pois, señora, díxolle Ceilcour, erguéndose, que a razón non me abandone a min de igual xeito. O meu amor, máis claro que o voso quere ser puro coma o obxecto que o anima. Se eu fose tan fébel coma vós, os nosos sentimentos esmorecerían axiña; aspiro á vosa man, señora, e non aos vans praceres que non tendo máis que o desenfreo por principio, ou o delirio por escusa, deixan axiña no seo pesares a quen, por entregarse a eles, esquece á vez o honor e a virtude. O meu proceder chócavos neste intre no que a vosa alma exaltada quererría entregarse aos desexos nacidos da situación; reflexionando algunhas horas, xa non vos ofenderá máis; é o momento no que vos agardo, cando me veredes aos vosos pés, señora, pedir para o esposo as escusas do amante.

-Oh señor! Que compromiso adquiro convosco, dixo a condesa, repoñéndose. Oxalá as mulleres que se esquezan de si mesmas poidan atopar sempre homes tan prudentes coma vostede! Por favor, ordenade que me traian un coche para que vaia canto antes chorar á miña casa tanto a miña febleza como as vosas seducións.

-Estades no coche que pedides, señora; é unha berlina alemana, que seis cabalos ingleses conducirán baixo as vosas ordes; é o último efecto da maxia do príncipe do Aire, pero non os últimos agasallos do feliz esposo de Nelmours.

-Señor, respondeu aquela muller extraviada ao cabo dalgúns momentos de reflexión, agárdovos na miña casa, ateigada de tenrura e gratitude… Verédesme nela quizais máis prudente pero non menos impaciente por pertencervos.

Ceilcour abre a porta… baixa; un lacaio volve pechala, preguntando a dirección.

-Á miña casa, di Nelmours.

Os cabalos bótanse ao galope e a nosa heroína, que se cría sobre un leito de verdor no fondo dun gabinete de xasmíns, atópase ás poucas horas en París, nun coche magnífico que lle pertence.

Os primeiros obxectos que lle chamaron a atención, ao entrar na casa, foron os soberbios presentes que recibira de Ceilcour, entre os que non se esquecera o pequeno pazo de diamantes.

-Mirándoo todo, dixo ao deitarse, é un home á vez moi prudente e moi tolo. Abofé que debe ser un excelente marido pero é un amante moi frío e paréceme que os sentimentos deste título, acollidos con algo máis de calor, non terían prexudicado para nada aos do outro. Sexa o que sexa, deixémoslle vir; o peor que pode pasar é converterse na súa muller, dar festas xunto a el e arruinalo en moi pouco tempo; hai niso algunhas delicias para unha cabeza coma a miña. Deitémonos, pois, con estas doces ideas, substituirán o lugar das realidades que perdo… Oh!, que razón teñen ao dicir, engadiu abandonándose a si mesma, que nunca hai que contar cos homes.

-Esta vez non me enganou, dicía pola súa banda Ceilcour con moita máis prudencia… Oh Dolsé, que diferenza! A segunda parte das miñas probas resulta case inútil con esta adorábel muller, continuaba; todas as calidades deben estar alí onde a virtude fixou o seu imperio; con elas debo contar cunha muller que resiste tan ben ás trampas dos sentidos, mentres que aquela á que a máis lixeira circunstancia arrastra debe ter pouca continuidade no carácter e bondade no corazón. Pero non importa, probemos, estou resolto, non quero ter nada que reprocharme.

Examinando ben o estado das dúas mulleres probadas por Ceilcour, era máis ou menos o mesmo: Dolsé recibira probas de amor, presentes e a súa alma, nunha posición afortunada, ao saber todo o que acababa de acontecer, debía pasar á posición máis triste na que unha muller prudente e sensíbel se pode atopar. A señora de Nelmours, por outra banda, recibira igualmente probas de amor e presentes e a súa alma, debía pasar, dun asento doce e tranquilo tras a última escena que acababa de ter con Ceilcour, a unha das situacións máis excitantes nas que unha muller coqueta e fachendosa pode atoparse. Respecto ás súas esperanzas, eran as mesmas: pasase o que pasase, as dúas debían contar coa man de Ceilcour. Xa que logo, mediante a arte daquel que facía as súas probas, a completa semellanza na maneira de ser das dúas mulleres, aínda que operada por procedementos diferentes, facía perfecto o equilibrio. E as últimas experiencias, debían obrar aproximadamente igual sobre elas, é dicir, poñer de manifesto esencialmente o ben ou o mal, dependendo da diferenza da súa alma. Só despois de analizar ben estas consideracións, Ceilcour decidiuse aos seus derradeiros ensaios.

Queda á mantenta catro días no campo e o quinto chega a París. Ao día seguinte vende os seus cabalos, mobles e xoias, despide os seus criados, non sae e fai saber ás dúas amadas que un terríbel accidente acaba de botar por terra nese momento a súa

fortuna, que está arruinado e que, dado o deplorábel estado no que se atopa, só das súas bondades e das súas mans espera axudas. Os gastos enormes que acababa de contraer Ceilcour fixeron axiña estas novas tan públicas como críbeis e velaquí, palabra por palabra, as respostas que recibe das dúas mulleres.

DOLSÉ A CEILCOUR

Que vos fixen eu, señor, para poñer o puñal no meu seo? Pedinvos como única graza non finxir un sentimento que non experimentabades; amoseivos a miña alma e a súa delicadeza, vós esgazástela polo lugar máis sensíbel, entregástesme en sacrificio á miña rival, conducídesme á tumba. Pero deixemos de falar das miñas desgrazas cando se trata das vosas; pedides a miña man, vide ver o estado no que me puxestes, cruel, e recoñeceredes se esa man aínda pode ser vosa… Expiro, e, malia que vítima dos vosos procederes, é adorándovos coma morro. Oxalá a fébel axuda que vos ofrezo poida restablecer algo os vosos asuntos e facervos digno da señora de Nelmours; sede feliz con ela, é o único desexo que lle queda por facer á desventurada Dolsé.

P.S. Baixo este prego un valor de cen mil francos de billetes da caixa de desconto; só teño iso dispoñíbel, envíovolo; aceptade esta miudeza ofrecida pola amiga máis tenra… por aquela cuxo corazón non coñecestes e cuxa vida arrinca tan cruelmente a vosa man pérfida.

CARTA DE NELMOURS

Arruinástesvos; xa volo dixen, nunca se fan toleadas así; por moi arruinado que esteades casaría convosco se me fose posíbel vencer o arrepío que sempre sentín polo lazo conxugal. Propúxenvos ser o meu amante, non quixestes… agora estades molesto. Sexa como for, todo ten remedio; os vosos acredores agardarán, están feitos para iso… Viaxade, hai que distraerse cando se teñen magoas; é o consello que adopto para min; mañá parto para unha finca da miña irmá, en Borgoña, da cal non volveremos ata Nadal. Recomendaríavos a pequena Dolsé, se fose rica, mais en toda a súa fortuna non habería con que pagar unha das vosas festas. Adeus, volvédevos, pois, prudente e non vos excedades tanto.

Ceilcour precisou de toda a súa filosofía para non desacreditar por todo París esta indigna criatura, como merecía. Contentouse con abafallala sen lamentar o que lle custaba.

-Son demasiado feliz, exclamou, por ter descuberto un monstro a ese prezo! Toda a miña fortuna, o meu honor e a miña vida quizabes terían quedado comprometidos sen esa proba.

Coa desesperación na alma, realmente desacougado por Dolsé, Ceilcour acode axiña á súa casa; pero ata que punto aumenta a súa dor cando ve a esta desgrazada e encantadora muller esbrancuxada, desfeita, abatida e xa case rodeada polas sombras da morte! Sensíbel e celosa por natureza, adorando a Ceilcour, recibira a horríbel nova da festa que el ofrecía á súa rival nun deses momentos de crise nos que as mulleres non coñecen ningunha desgraza impunemente. A axitación fora terríbel… unha febre ardente fora a súa consecuencia.

Ceilcour bótase aos seus pés; pídelle moreas e máis moreas de escusas e non cre deber ocultarlle a proba que proxectara tentar.

-Perdóovos o que quixestes facer comigo, respondeu Dolsé. Afeito a desconfiar das mulleres, quereriades estar seguro do voso acto, nada máis sinxelo; pero despois do que puidestes ver, debiades supoñer que houbese no mundo unha criatura capaz de amarvos máis ca a min?

Ceilcour, que non cometera ningún erro con respecto aos seus proxectos, pero que, debido a súa segunda proba, se atopaba, efectivamente nunha situación imperdoábel respecto a Dolsé, a cal a el ningún prexuízo lle causara, non puido responder máis que coas súas bágoas e cos testemuños do máis afervoado amor.

-Xa non hai tempo, díxolle Dolsé, a ferida é demasiado fonda. Pinteivos a miña sensibilidade, vós debiádeslle, polo menos, algunhas consideracións; posto que a vosa ruína non é máis que ficción, morro cunha coita menos… Pero temos que deixarnos, Ceilcour, temos que separarnos para sempre… Saio moi nova dunha vida… na que vós puidestes facerme atopar a felicidade… Ah!, que prezada tería sido xunto a vós, continuou collendo as mans do seu amante e regándoas coas súas bágoas; que esposa sincera e tenra, que amiga fiel e sensíbel teriades atopado en min! Faríavos feliz, atrévome a crelo… E, como tería gozado eu dunha felicidade que se convertería na miña obra!

Ceilcour afundía nas bágoas; foi entón cando lamentou moi sinceramente a fatal proba que non serviu máis que para facerlle coñecer unha muller *deshonesta* e facerlle perder unha *divina.* Prega a Dolsé, sexa cal sexa o seu cruel estado, aceptar, cando menos, o título de esposa súa e permitirlle alixeirar a cerimonia.

-Sería unha mágoa esgazadora para min, dixo Dolsé. Que amargas bágoas non vertería na miña tumba ao alí descender como esposa vosa! Prefiro morrer coa dor de non ter merecido o título que aceptalo no cruel intre no que non podo volverme digna del… Non, vivide, querido Ceilcour, vivide e esquecédeme; aínda sodes moi novo; dentro dalgúns anos, todas as lembranzas dunha amiga de antano borraranse do voso corazón… apenas vos parecerá que ela existiu para vós. Pero se vos dignades pensar nela algunhas veces, que esta amiga sincera que ides perder non se ofreza a vós máis que para o voso consolo; lembrade os poucos intres que pasamos xuntos e que esta idea, axitando lenemente a vosa alma, a console sen esgazala. Casade, meu querido Ceilcour, debédesllo á vosa fortuna e á vosa familia; tratade de que aquela que escollades teña algunhas das calidades que vos dignades amar en min. E se os seres que abandonan este mundo poden recibir consolos pola parte dos que nel deixan, crede que será un verdadeiro goce para a vosa amiga sabervos ligado a unha muller que, polo menos, saberá asemellárselle por algunha cousa.

Unha febleza arrepiante apodérase de Dolsé tras rematar estas verbas… Non hai nada tan sensíbel como a alma desta interesante muller… Acababa de facer un esforzo; a natureza sucumbe, está ás portas da morte. Vense obrigados a levar a Ceilcour a outra habitación; a súa desesperación fai estarrecer a cantos o rodean; por nada no mundo quere abandonar a casa desta muller idolatrada… Con todo, sácano dela. Así que chega á súa casa, contrae nunha horríbel doenza; pasa tres meses entre a vida e a morte, e só á idade e á excelencia do seu temperamento debe o retorno da saúde. Durante a súa doenza ocultáranlle con coidado a perda horríbel que acababa de sufrir. Finalmente, comunicáronlle a morte daquela a quen amaba. Chorouna o resto dos seus días; non quixo casar nunca, e non empregou os seus bens senón nos actos máis santos da beneficencia e da humanidade. Morreu novo, chorado polos seus amigos e deu, mediante esta fin desastrosa e prematura, o cruel exemplo de que a máis doce dita do home…, a compaña dunha muller que lle convén, pode fuxirlle no seo mesmo da opulencia e da virtude.